ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Manuel
Magán Abollo

Tese de doutoramento

Espazo lido e espazo representado nas Cantigas de Santa María. Unha nova aproximación

Santiago de Compostela, 2023

Programa de Doutoramento en Estudos Medievais

TESE DE DOUTORAMENTO

ESPAZO LIDO E ESPAZO REPRESENTADO NAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA. UNHA NOVA APROXIMACIÓN

Manuel Magán Abollo

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ESTUDOS MEDIEVAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2023

Ás persoas que quero

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

Esta é a parte máis importante desta tese. Algunhas das persoas que mencionarei aquí son, sen dúbidas, o maior achado de todo este percorrido.

Despois de moitos anos, lembro con claridade o momento en que souben que, grazas á axuda de moitas persoas e da sorte, conseguía unha Axuda de Formación de Profesorado Universitario e que podería comezar a miña tese de doutoramento. Faría estadías de investigación, iría a congresos internacionais, gañaría diñeiro, viviría en Madrid e estudaría con liberdade e tempo o tema que me interesaba: o espazo nas Cantigas de Santa María. Estaba só, co portátil nas miñas pernas, sentado nun dos sofás da cociña-sala do noso piso na Rúa do Franco, en Santiago de Compostela, no ano 2016. Saltei de alegría e comecei a mandar mensaxes e chamar á xente que máis quería.

O que daquela pensaba que sería o inicio dunha carreira académica converteuse en realidade no seu fin. Facer esta tese serviume para darme conta das miñas dificultades para levar adiante un proxecto destas características e mostroume unha realidade moi distinta do mundo ao que había só uns anos quería chegar a pertencer. Hoxe sei que a tese marca un punto importante da miña vida, porque por fin, despois de moito tempo, vou comezar a ollala con outra perspectiva, liberado daquilo que comezou como unha ilusión e acabou como un obstáculo. Oxalá puidese expresar a frustración que provoca querer concluír algo e ser incapaz de facelo como se tería desexado mentres o tempo escapa.

Pese a todo, sei que xamais esquecerei estes anos, nos que sentín emocións moi intensas, non sempre positivas, e nos que tiven a sorte de poder vivir comodamente traballando no que quería e de dedicar o meu tempo libre a viaxar, a militar en política ou a iniciar proxectos novos. Mais, por suposto, se por algo vou recordar estes longos anos é por aquelas persoas que formaron parte deles e que me axudaron a seguir adiante. Oxalá puidese mencionalas a todas elas, sen importar se estiveron comigo durante a carreira, durante a tese, ou se o fixeron en Cuntis, Santiago, Londres, Lisboa ou calquera lugar no que a miña cabeza estivese presente. Nestes agradecementos quero recordar a quen, ao menos nalgún momento, foron importantes para min.

En realidade, durante este tempo acompañoume sempre un sentimento de soidade e de non pertenza. Aínda que nunca o procurase, non cheguei a ter nunca un compañeiro que me acompañase durante o camiño, nin souben a que universidade nin a que disciplina pertencía. Non son historiador da arte, non son filólogo, non son medievalista e tampouco informático. Non sei con certeza onde está a miña "casa académica", pero sei que durante estes anos fun benvido en moitos lugares.

Nas seguintes páxinas, quizais inxustamente, irei agrupando persoas polo modo en que as coñecín ou pola época á que pertenceron nestes anos. Con certeza, esquecereime tamén dalgunha xente, ás que lles pido desculpas se chegan a ler isto.

Gustaríame comezar os agradecementos coas miñas directoras, María Victoria Chico e Elvira Fidalgo. Se non fose por vós, dificilmente comezaría esta investigación (porque non tería recibido a FPU) e dubido que chegase a acabala de non ser pola vosa paciencia. Ben sabedes que o resultado desta tese non é o que eu esperaba, pero estou moi feliz de que me

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

teñades acompañado e guiado. Grazas polo voso traballo e, sobre todo, polo voso cariño e a vosa confianza.

Quero lembrarme tamén de moitas persoas ás que case nin coñezo, comezando por todas aquelas que, ilegal e voluntariamente, teñen posto o coñecemento en acceso aberto en liña. Boa parte da miña bibliografía é grazas a vós. Por outro lado, están as bibliotecarias, as conserxes, o persoal administrativo, de limpeza, de reprografía ou de cafetería, como Estrella. O vosos sorrisos, as vosas conversas e a vosa axuda foron máis útiles para chegar até aquí que moitas leccións maxistrais.

Botando a vista atrás, resúltame complicado esquecer as persoas que formaron parte dos momentos previos á tese, como a carreira ou os mestrados. Entre elas quixera destacar a César Domínguez e Rocío Sánchez Ameijeiras, que axudaron a plantar a semente deste traballo durante o TFM, e a Rita, que me axudou a dar os primeiros pasos neste camiño.

Tamén foron importantes para min todas as persoas coas que coincidín en congresos ou en estadías e, especialmente, do profesorado que me acolleu brevemente no Warburg, no Instituto de Estudos Medievais (como a *professora* Graça V. Lopes), a Santeri en Helsinki ou ao departamento de galego en Cork.

Da Complutense non esquecerei aqueles profesores do Departamento de Historia da Arte Medieval que me fixeron sentir un pouco máis cómodo nun lugar onde isto era tan complicado e no que, por fortuna, tamén puiden coñecer persoas estupendas como Tomás, Víctor, Pilar, Ana ou Fran, entre outras.

En Londres tiven a sorte de reencontrarme con Ana e Harriet, con quen puiden pasar máis tempo do que pasara antes. Ademais, coñecín a Subhankar e, grazas a *Medievalitis*, tamén a María. Estar con vós foi (e é) marabilloso, e facelo nunha cidade que me impresionaba tanto e nun momento tan delicado, convértevos aínda en máis especiais.

De volta da estadía, mais aínda en Madrid, non me quero esquecer da hospitalidade e do cariño de Adri e Alberto, que sempre me acollestes e me animastes moito.

Xa en Santiago, a lista de nomes multiplícase. Podería comezar pola xente de Galiza Nova, entre a que destacaría a Martín Agrelo, e despois, entrando nun terreo só algo máis académico, quixera continuar por todas aquelas persoas que coñecín no despacho da Facultade de Filoloxía, no Ramón Piñeiro ou mesmo organizando congresos: Alba, Almudena, Ángel, Arancha, Belén, Carmela, Carmen, Guille, Lúa, Marina, Sandra, Santi e moitas persoas máis: Grazas por facerme sentir parte de algo.

Na academia, non podo esquecer as miñas alumnas da USC. Con vós desfrutei unha das partes máis fermosas da universidade.

Estes anos, mesmo sentín que tiña unha casa na Facultade de Física, aínda que sei que con vós tiven moitos fogares máis: Sara, Iria, Alicia, Ana, Asier, Alberto e Saúl.

Por sorte, a lista de persoas ás que podo agradecer, simplemente, a súa amizade, é máis extensa: Alba María, Cláudio, Inês, Luís, Suso, Xabi, Alberte, Chema, Christian, Denís, Élia, Lixó, Paulo, Rebeca, Rocío e, por suposto, Pedro, que es fundamental na miña vida. De vós, como de moitas que deixo mencionadas máis arriba, simplemente podo dicir que me facedes moi afortunado acompañándome cada día.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Acabo esta listaxe de amigas coa mellor que se pode ter e a persoa que, sobre todo nestes últimos anos, máis sufriu as miñas dificultades para acabar a tese e máis me axudou para facela posíbel: Alba. Espero que me acompañes durante moitos anos.

Para acabar, quero lembrarme da miña familia, especialmente da miña nai, do meu pai e da miña irmá, cuxa forza, compañía e confianza cegas teñen feito posíbel esta tese e cada unha das vitorias, por pequena que fose, da miña vida.

Grazas a todas as que me acompañastes nos últimos anos, especialmente ás que formastes parte desta viaxe. Sodes o verdadeiro motivo polo que isto pagou a pena. Quérovos moito.

Cuntis, xullo de 2023.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

RESUMOS....1

1 INTRODUCIÓN....3

1.1 AS *CANTIGAS DE SANTA MARÍA*....6

1.2 HIPÓTESES E OBXECTIVOS....10

1.2.1 Preguntas e hipóteses de partida....10

1.2.2 Obxectivos xerais....10

1.2.3 Obxectivos específicos....10

1.3 ESTADO DA CUESTIÓN....12

1.3.1 Do *Spatial Turn* ás Humanidades espaciais....12

1.3.2 As Cantigas de Santa María e a arte medieval....17

1.3.3 O tempo....18

1.4 METODOLOXÍA....19

1.4.1 Clasificacións do espazo....20

1.4.1.1 Á procura dun modelo conceptual....21

1.4.1.2 Análise do espazo descrito no texto....23

1.4.1.3 Análise do espazo escrito en imaxes....34

1.4.2 Táboas e base de datos....38

1.4.2.1 Escolla do software....44

1.4.2.2 CSM....45

1.4.2.3 Lugares....46

1.4.2.4 LugaresCSM....48

1.4.2.5 Iluminuras das CSM....50

1.4.2.6 Itinerario afonsino....51

1.4.2.7 Outras táboas: Indicadores, fontes literarias e lugares das fontes....52

1.4.3 Os lugares das Cantigas....52

1.4.3.1 Escolla do software....52

1.4.3.2 Procedemento de traballo....54

1.4.3.3 O resultado....56

1.4.4 Mapas....57

1.4.4.1 Software....59

1.4.5 Traballo futuro e mantemento....61

2 O ESPAZO NAS CSM....64

2.1 LOANZAS E MILAGRES....65

2.1.1 O espazo nas cantigas de loor....65

2.1.2 O espazo nas cantigas de milagres....67

2.2 O ESPAZO COMPOSITIVO DAS ILUMINURAS....68

2.3 EXPRESIÓNS DE ESPAZO, MOVEMENTO E DISTANCIAS NO TEXTO....76

3 XEOGRAFÍA....81

3.1 IDENTIFICACIÓNS PROBLEMÁTICAS....82

3.2 LECTURAS DISTANTES....83

3.2.1 A distribución da xeografía no conxunto das cantigas....83

3.2.2 Localizacións, espazos proxectados e marcadores....86

3.2.3 Desprazamentos e viaxes....90

3.3 REPRESENTACIÓNS....96

4 NATUREZA....101

4.1 ESPAZOS NATURAIS E SIMBOLOXÍA....104

USC DE COMPOSTELA

4.1.1 Granxas e terras de cultivo....106
4.1.2 Xardíns e espazos pechados....106
4.1.3 Montañas, montes e bosques....107
4.1.4 Mares....114
4.1.5 Ríos....116
4.2 Algúns tópicos literarios....118
4.3 A presenza da natureza....119
4.4 «Protopaisaxes»....121
4.5 Observacións finais....123
5 Resultados e Conclusões....125
6 Índices....129
6.1 Lugares....129
6.2 Figuras....130
6.3 Táboas....132
7 Bibliografía....134
7.1 Edicións facsimilares e web....134
7.2 Fontes primarias....134
7.3 Estudos críticos....135
8 Anexos....153
8.1 Acceso a *oslugaresdascantigas.gal*....153
8.2 Glosario....154

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESUMOS

RESUMO (GALEGO)

A finalidade desta tese de doutoramento é o estudo do espazo presente nos textos e nas iluminuras das *Cantigas de Santa María* de Afonso X «O Sabio», unha colección de máis de 400 composicións poéticas medievais, acompañadas de imaxes e música e dedicadas á loanza da Virxe María.

O noso traballo estrutúrase en dúas partes: por unha banda, a compoñente escrita e, por outra, a ferramenta web www.oslugaresdascantigas.gal, cara a onde esta encamiñada esta tese. Na primeira parte lévanse a cabo diferentes análises acerca da configuración do espazo artístico e literario mediante os elementos que o representan, como a súa descrición textual, a súa representación gráfica ou a xeografía que se percibe a través de ambos aspectos. No portal web pódese encontrar unha extensa base de datos que recolle clasificacións das *Cantigas de Santa María*, dos lugares mencionados nos seus textos e das súas iluminuras a partir da análise do espazo e da súa xeografía. Ademais, están presentes tamén mapas e gráficos, resultado do estudo realizado.

A través dun enfoque multidisciplinar, inspirado nos traballos derivados do *Spatial Turn* e que combina estudos literarios, artísticos e novas tecnoloxías, pretendemos realizar unha nova achega ás *Cantigas de Santa María*, coa que enriquecer o coñecemento da obra e resaltar a súa importancia na literatura e arte medievais, proporcionando, na medida do posíbel, novas perspectivas e, sobre todo, unha novidosa ferramenta para o seu estudo.

RESUMEN (CASTELLANO)

El objeto de esta tesis doctoral es el estudio del espacio presente en los textos y las iluminaciones de las *Cantigas de Santa María* de Afonso X «El Sabio», una colección de más de 400 composiciones poéticas medievales, acompañadas de imágenes y música y dedicadas a la alabanza de la Virgen María.

Nuestro trabajo se estructura en dos partes: por un lado, el texto escrito y, por otro, la herramienta web www.oslugaresdascantigas.gal, hacia donde se encamina esta tesis. En la primera parte se realizan diferentes análisis sobre la configuración del espacio artístico y literario a través de los elementos que lo representan, como su descripción textual, su representación gráfica o la geografía que se percibe a través de ambos aspectos. En el portal web se puede encontrar una amplia base de datos que recoge clasificaciones de las *Cantigas de Santa María*, los lugares mencionados en sus textos y sus iluminaciones a partir del análisis del espacio y su geografía. Además, también se pueden encontrar mapas y gráficos, fruto del estudio realizado.

A través de un enfoque multidisciplinar, inspirado en los trabajos derivados del *Spatial Turn* y que aúna estudios literarios, artísticos y nuevas tecnologías, pretendemos hacer una nueva aportación a las *Cantigas de Santa María*, con la que enriquecer el conocimiento de la

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

obra y destacar su importancia en la literatura y el arte medieval, aportando, en la medida de lo posible, nuevas perspectivas y, sobre todo, una nueva herramienta para su estudio.

RESUMO (PORTUGUÊS)

O objetivo desta tese de doutoramento é o estudo do espaço presente nos textos e iluminuras das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X "O Sábio", uma coleção de mais de 400 composições poéticas medievais, acompanhadas de imagens e música e dedicadas a louvor da Virgem Maria.

O nosso trabalho está estruturado em duas partes: por um lado, a componente escrita e, por outro, a ferramenta *web* www.oslugaresdascantigas.gal, o propósito principal desta tese. Na primeira parte, são realizadas diferentes análises sobre a configuração do espaço artístico e literário através dos elementos que o representam, como a descrição textual, a representação gráfica ou a geografia que se percebe através de ambos os aspetos. No portal *web* é possível encontrar uma extensa base de dados que recolhe classificações das *Cantigas de Santa Maria*, dos lugares mencionados nos seus textos e das iluminuras a partir da análise do espaço e da geografia. Além disso, há também mapas e gráficos, resultado do estudo realizado.

Através de uma abordagem multidisciplinar, inspirada nas obras derivadas do *Spatial Turn* e que combina estudos literários, artísticos e novas tecnologias, pretendemos dar uma nova contribuição às *Cantigas de Santa Maria*, com a qual enriquecer o conhecimento da obra e ressaltar a sua importância na literatura e na arte medieval, fornecendo, na medida do possível, novas perspetivas e, acima de tudo, uma nova ferramenta para o seu estudo.

ABSTRACT (ENGLISH)

The aim of the present doctoral thesis is to study the space in the texts and illuminations of the *Cantigas de Santa Maria* by Afonso X ‘the Wise’, a collection of more than 400 medieval poetic compositions, accompanied by images and music and dedicated to the praise of the Virgin Mary.

Our work is structured in two parts: on the one hand, the written component and, on the other, the web tool www.oslugaresdascantigas.gal, the main purpose of this thesis. In the first part, different analyses about the configuration of the artistic and literary space are carried out. These are made through the elements that represent the space, such as its textual description, its graphic representation or the geography that is perceived through both aspects. It is possible to find an extensive database on the portal that collects classifications of the *Cantigas de Santa Maria*, the places mentioned in their texts and the illuminations based on the analysis of space and its geography. In addition, as a result of the study carried out, maps and graphs can also be found.

We aspire to give a new contribution to the *Cantigas de Santa Maria* through a multidisciplinary approach, inspired by the works derived from the *Spatial Turn* and the combination of literary and artistic studies and new technologies. Thus, it is intended to enrich the knowledge of the work and highlight its importance in literature and medieval art, providing, as far as possible, new perspectives and, above all, a new tool for its study.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 INTRODUCIÓN

«El tiempo no nos viene dado. El espacio sí»
«Si bien el tiempo no se podía comprar, el espacio sí»[1]

Case desde o inicio desta tese de doutoramento, cando as páxinas que seguen aínda non foran escritas, estas dúas frases encabezaban xa este documento, aínda que non coa pretensión de acabar ocupando, como fan agora, a súa cabeceira definitiva. A primeira corresponde ao inicio de *La medida del mundo* de Paul Zumthor, mentres que a segunda pode encontrarse na obra de Michael Camille *Arte gótico: visiones gloriosas*. Na miña cabeza, a frase do profesor inglés sempre se completaba do mesmo modo: «e Afonso X comprouno todo». Esta tese trata, precisamente, de comprobar como nunha das obras do monarca castelán se manipula o espazo para facerse con el, ou dito doutro modo: da arte do espazo nas *Cantigas de Santa María*.

Por se alguén non está familiarizado con elas, antes de continuar cómpre recordar que as *Cantigas de Santa María* (CSM ou Cantigas de aquí en diante) son un conxunto de composicións poéticas, iluminuras[2] e música compostas polo *scriptorium* de Afonso X a finais do século XIII e dedicadas a loar a Virxe e narrar algúns dos seus milagres[3]. A obra ten sido extensamente estudada, mais consideramos que aínda hai campo para abordaxes máis modernas e interdisciplinares.

Propoñemos unha vía de investigación que aínda ten sido pouco traballada. Nela pretendemos fusionar as últimas correntes propias dos Estudos literarios en torno ao estudo da xeografía cos Estudos medievais e a Historia da arte e da paisaxe. Consideramos que non é conveniente tratar estas disciplinas como áreas illadas, senón ao contrario, debemos facelo de maneira integrada, dado que o obxecto de estudo é unha obra na que texto e imaxe se complementan.

Debido a que, como veremos, vamos tratar aspectos moi diversos, o obxectivo desta tese de doutoramento non é asentar unhas conclusións fixas en torno ao espazo nas CSM, senón comprobar a utilidade deste enfoque nunha obra medieval e, en caso de obter resultados de interese, propoñer un punto de partida para outras análises semellantes ou contribuír, engadindo un novo enfoque, aos numerosos estudos sobre os cancioneiros marianos de Afonso X. Así, para tentar logralo, como parte do proxecto de tese de doutoramento, elaboramos unha páxina web que funciona como base de datos: *Os lugares das Cantigas*, <https://www.oslugaresdascantigas.gal/>, cuxa consulta recomendamos desde este mesmo momento, pois a ela nos imos referir constantemente.

1 Zumthor, *La medida del mundo*, 13 e Camille, *Arte gótico*, 92.

2 Durante todo este traballo empregaremos o termo «iluminura» en substitución do habitual «miniatura», tal e como suxire Laura Fernández en «Manuscritos iluminados».

3 Os manuscritos que forman, principalmente, as CSM son To (Biblioteca Nacional de Madrid, 10069), T (Biblioteca de San Lorenzo de El Escorial, T.I.1), F (Biblioteca Nazionale Centrale de Firenze, B.R. 20) e E (Biblioteca de San Lorenzo de El Escorial, I.b.2). Usamos como referencia a obra fundamental para achegarse ás CSM: Fidalgo Francisco, *As Cantigas de Santa María*, 57.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como veremos, a web non é só un resultado desta análise, senón unha parte fundamental dela. Algúns apartados da tese non serían posíbeis sen este capítulo en liña, do mesmo modo que non poderiamos elaborar a base de datos sen estudos teóricos previos. Así e todo, *Os lugares das Cantigas* pretende percorrer un camiño distinto ao das páxinas que agora se suceden, xa que proporciona datos estruturados e de fácil consulta e está destinada non só a público especialista, senón tamén a un público máis xeral. Ademais, tratándose dunha páxina web, é posíbel actualizala con frecuencia, corrixíndoa e, sobre todo, ampliando os seus contidos. Este e outros aspectos máis concretos desta parte dixital da tese, como a teoría detrás dela ou o seu proceso de creación, son explicados principalmente no apartado metodolóxico e, por suposto, na propia web, en seccións como «Proxecto» ou nos «Manuais de uso» que se encontran en cada unha das súas seccións[4].

Nesta Introdución, ademais, tamén explicaremos algúns aspectos fundamentais das Cantigas, quizais xa coñecidos polos estudosos da mesma. A continuación, no seguinte capítulo, pasaremos a realizar unha primeira achega á relación sobre a que construímos a tese: as CSM e o espazo, onde presentaremos algunhas vías de estudo aínda pouco percorridas, como as expresións de movemento e as distancias.

O capítulo seguinte garda moita relación co que se pode ver na páxina web, xa que trata da xeografía nas CSM desde distintas perspectivas: a) salienta as dificultades para a identificación dos lugares, b) estuda a xeografía no macrotexto das Cantigas a partir dunha lectura distante, c) céntrase na representación de cidades concretas de maneira breve, dado que é un aspecto máis estudado, e d) achégase a algunhas rexións ou centros de peregrinación concretos.

A continuación, xa no último capítulo teórico desta investigación, estúdanse polo miúdo a natureza nas CSM e os elementos que a conforman, como os mares ou as montañas. Ademais, trataremos tamén a cuestión da «paisaxe» e reflexionaremos sobre o uso deste termo para referírmonos ás Cantigas.

Chegados a este punto, a lectora[5] poderá deducir que partimos dunha definición de «espazo» moi ampla, na que teñen cabida perspectivas moi diferentes e na que, aínda así, se poderían botar en falta outras tantas, como un estudo específico do urbanismo e a arquitectura, análises da composición das iluminuras ou un estudo centrado nas viaxes narradas nas CSM. En realidade, estas e outras moitas cuestións son tratadas transversalmente nos diversos capítulos da tese e teñen presenza en forma de datos estruturados na páxina web, que poderá ser usada para explotar esta información e realizar novos estudos. Así, como se poderá comprobar, na base de datos será posíbel procurar viaxes, filtrar iluminuras nas que se vexan certos edificios ou paisaxes urbanas e mesmo se poderá buscar por aquelas imaxes nas que haxa elementos que rompen o marco compositivo ou nos que non hai presenza humana, algo fundamental en moitas ocasións para falarmos de espazo ou paisaxe.

O interese de estudar o espazo nas CSM débese a que, como di Biglieri, «los espacios no están simplemente allí» e o modo en que son percibidos e trasladados a obras artísticas

4 «Proxecto»: <https://oslugaresdascantigas.gal/proxecto/>. En cada apartado, como o dedicado ás Cantigas de Santa María <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigasdesantamaria/> encontraremos sempre unha breve explicación, con bibliografía e unha ligazón para ter máis información sobre a sección concreta na que se encontra, <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigasdesantamaria/manual>.

5 Usaremos o feminino con valor inclusivo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(enténdanse dentro destas, por suposto, as literarias) pode achegar moita información sobre a propia obra e sobre quen a crea[6]. No caso das CSM, mesmo para quen xa as coñece, moitos dos elementos que as conforman (alén da xeografía) poden pasar desapercibidos.

Pensamos que, mesmo existindo estudos que se aproximan, dunha maneira ou outra, ao espazo das CSM, aínda non se chegou a facer unha análise suficientemente ampla e multidisciplinar. Por suposto, non pensamos que esta tese abonde para cubrir tal necesidade, mais esperamos que poida ser un paso nese sentido.

Somos conscientes de que o enfoque escollido para esta investigación poida devolver un resultado inferior ao esperado ou de pouco proveito, tal vez, para unha parte da comunidade científica, que poña en dúbida a relevancia deste tipo de aproximacións teóricas. Con todo, consideramos que é preciso levar a cabo estudos coma estes que, como mínimo, esperamos que conviden a reflexionar sobre distintas metodoloxías de estudo no eido dos Estudos medievais, onde están aínda en estado embrionario.

Por outro lado, como xa advertían Barbara Piatti e Lorenz Hurni cando presentaban a «literary geography» no *Cartographic Journal* en 2011[7], a análise habitual da ficción literaria móvese entre diferentes posibilidades de interpretación, nas que a ambigüidade está garantida. O proxecto que presentamos non pretende fuxir das incertezas, senón partir de lecturas existentes e reflexións persoais para presentar novas conclusións ou resultados, sexan en forma de texto, de web ou de mapa. Estes últimos poderán entenderse coma un fin en si, xa que serán válidos para difundir a obra ou axilizar o acceso a certa información; mais tamén deles poderemos tirar novas análises.

É tan conveniente xustificar a escolla das CSM como corpus sobre o que realizar as mencionadas análises, como apuntar os inconvenientes provocados por tal elección. Como é sabido, esta obra consta de 427 cantos e máis da metade deles veñen acompañados de imaxes en dous dos seus manuscritos (T e F), os que para Menéndez Pidal conforman os «Códices das Historias», sumando un total aproximado de 1879 viñetas, sen esquecer os cadros dos músicos adornando as cantigas de loor no códice E[8]. Grazas ao seu grande tamaño, as CSM representan un corpus amplo abondo como para poder desenvolver a partir del unha investigación centrada na espacialidade da obra e poder comparar unhas partes con outras, que permitan diferenciar casos excepcionais doutros máis comúns.

Por outro lado, a amplitude das CSM está ligada coa súa variedade de temáticas e de formas. Isto esixe unha lectura pausada e atenta e, ao mesmo tempo, dificulta a creación de estruturas lóxicas nas que se poida gardar, sen excepcións, toda a información extraída. Por iso nos gustaría advertir da dificultade de presentar unha base de datos completa e definitiva. Con todo, isto é tamén un dos motivos polos que as estudamos. Ademais, a abundante bibliografía existente en torno ás CSM —visíbel grazas a traballos como os de Joseph Snow[9] — permite achegarse á obra de forma máis segura e, así, poder centrarse en cuestións específicas.

6 Biglieri, «Espacios narrativos medievales», 36.
7 Piatti e Hurni, «Cartographies of Fictional Worlds», 219.
8 Menéndez Pidal, *La España del S.XIII*, 35. Para o número de viñetas tomamos de novo como referencia a Fidalgo Francisco (*As Cantigas de Santa María*, 57). Dicimos «aproximado» porque só consideramos na conta as de T e F e restamos aquelas sen acabar ou que posúen o marco.
9 Snow, *The poetry of Alfonso X*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A consulta do texto das Cantigas fixémola, principalmente, a través das edicións de Walter Mettmann[10], xa que actualmente o seu traballo é o único que recolle o total do corpus, aínda que puntualmente tamén manexamos outras edicións, todas elas coordinadas por Elvira Fidalgo[11]. Así e todo, cada vez que incluamos fragmentos de texto no documento serán extractos da edición de Mettmann. Por outro lado, no tocante ás imaxes dos Códices Ricos, manexamos a versión facsimilar do manuscrito T-I-1 (T) realizada por Patrimonio Nacional e coordinada por Laura Fernández Fernández e Juan Carlos Ruiz Souza, tanto na súa versión física como dixital. Para o *Códice Rico de* Florencia, o manuscrito B.R. 20 da Biblioteca Nazionale Centrale de Firenze, empregamos o facsímile editado por Edilán, aínda que puntualmente tamén temos consultado a súa versión dixital[12].

Finalmente, a elección do corpus teórico escollido está xustificada, principalmente, pola vontade de estudar o espazo nas CSM. Como veremos ao tratar o Estado da cuestión e a Metodoloxía, decatámonos de que non existe unha hermenéutica específica para o tipo de análise que pretendemos levar a cabo. Por iso partiremos de puntos de vista que, inevitabelmente, serán contemporáneos e estarán influenciados polo posmodernismo.

1.1 As *Cantigas de Santa María*

Co fin de facer visíbeis algunhas trazas xerais das CSM, aínda que sexan ben coñecidas por quen se teña achegado a elas ou a outros textos semellantes da poesía medieval, permítasenos incluír un breve recordatorio que, tal vez sexa útil, para que non estea tan familiarizado con esta obra.

Como sabemos, a produción das CSM debémoslla ao coñecido como *scriptorium* afonsino, o grupo de artistas que traballaron ao servizo do rei na composición das diferentes partes que conforman a obra[13]. Para tal fin, os poetas do *scriptorium* crearon novos milagres e lores especificamente para as CSM e adaptaron outros tantos, bebendo de numerosas fontes. A día de hoxe, parece evidente que Afonso X non é o único trobador que tomou parte na composición da obra, senón que foi acompañado por outros e que el actuou, tal é como imaxina Joseph Snow, como un «arquitecto» que «ideó, diseñó el plan general de construcción, y embelleció con algunas trovas personales, las Cantigas de Santa Maria»[14].

Os precedentes das CSM remóntanse ao milagre literario románico, xénero que se independizaría das *vidas* dos santos a partir do século X e que acabaría por destacar pola súa brevidade, a súa unidade compositiva ou a ensinanza final[15]. Na mesma centuria prodúcese un destacado auxe da devoción á Virxe, que favorecería a aparición de coleccións de milagres

10 Mettmann, Walter (ed.). *Cantigas de Santa María*. Vols. 1-3.

11 *As Cantigas de loor de Santa María* e *Edición crítica y traducción de El Códice Rico, Ms. T-I-1, RBME* (vol. I), esta última baixo a dirección de Laura Fernández Fernández e Juan Carlos Ruiz Souza.

12 *Las Cantigas de Santa María: Códice Rico, Ms. T-I-1*, Real Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo de El Escorial. Madrid: Patrimonio Nacional: Testimonio, 2011. Edición web en <https://rbme.patrimonionacional.es/s/rbme/item/11337>. *El códice de Florencia de las Cantigas de Alfonso X «el Sabio».* Ed. facs. del códice B.R. 20 de la Biblioteca nazionale centrale de Florencia, Siglo XIII. Madrid: Edilán, 1989.

13 Domínguez Rodríguez e Montoya Martínez, *Scriptorium alfonsí, de los libros de astrología a las «Cantigas de Santa María»*, I–XII; Scarborough, «Autoría o autorías»; Montoya Martínez, «Del scriptorium fernandino al de Alfonso X»; Fernández Fernández, «El scriptorium de Alfonso X El Sabio».

14 Extraemos esta cita de «Alfonso X y/en sus Cantigas», 74, recomendando tamén a lectura doutros traballos do profesor Joseph Snow en canto á presenza de Afonso X nas CSM e a súa labor na súa produción. Salientamos: «The Central Role of the Troubadour Persona of Alfonso X in the Cantigas de Santa Maria», «Alfonso as Troubadour: The Fact and the Fiction» e «'Macar poucos cantares acabei e con son?».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

marianos, xa nos séculos XI e XII, e que acabaría por culminar no XIII, cando se traducirían e adaptarían mariais en linguas romances e aparecerían multitude de novas obras, especialmente en Francia. Entre elas salientamos algunhas fontes fundamentais para as CSM como *Les Miracles de Nostre Dame* de Gautier de Coincy, a compilación de Hugo Farsitus ou as coleccións de milagres locais, ligadas a uns centros devocionais particulares[16].

Os autores que teñen estudado as fontes das CSM estabelecen cinco categorías de textos, que enumeramos seguindo os epígrafes de Elvira Fidalgo, recollidos á súa vez de Filgueira Valverde: «mariais latinos sen carácter local»; «obras xerais» como a *Lagenda aurea*; «coleccións locais estranxeiras», entre as que destacan as de orixe francés; «coleccións de santuarios peninsulares» e «cantigas autobiográficas»[17].



Figura 1: CSM, Códice de Florencia. Biblioteca Nazionale Centrale di Firenze, Ms. B.R.20, ff. 7v-8r.

As iluminuras son a maior grande innovación do *scriptorium* afonsino fronte aos repertorios existentes, convertendo este conxunto de cancións nunha das obras artísticas visuais máis valiosas do século XIII. Así e todo, soamente podemos encontrar iluminuras narrativas en dous dos manuscritos das CSM: o Códice Rico do Escorial (T ou RBME T-I-1) e o de Florencia (F ou BNCF B.R.20)[18]. Ambos estarían elaborados cunha disposición

15 Seguimos a Elvira Fidalgo Francisco, *As Cantigas de Santa María*, 15-30. Recomendamos esta lectura para un coñecemento máis profundo do milagre como forma narrativa e da súa evolución desde a pertenza ás vidas de santos até as CSM. Xunto a esta obra, é especialmente interesante a lectura de *Las colecciones de Milagros de la Virgen en la Edad Media* de Jesús Montoya Martínez.

16 Koenig (ed.), *Les Miracles de Nostre Dame*. Para afondar máis sobre as fontes das CSM recoméndanse, entre outras obras xa citadas, a páxina web de referencia elaborada polo Centre for the Study of the Cantigas de Santa Maria («The Oxford Cantigas de Santa Maria database»); Dexter, *Sources of the Cantigas of Alfonso El Sabio*; algúns dos traballos de Manuel Negri, como «Un milagro eucarístico entre Galicia y Portugal», «Os "Miragres de Santiago" e as súas fontes: estudo sobre a recepción e a difusión do relato de Bernaldus» ou «Fuentes y Contexto de Las Cantigas de Santa María», ou, finalmente, a edición das CSM de Walter Mettmann.

17 Fidalgo Francisco, *As Cantigas de Santa María*, 37-45. Como a propia autora indica, Filgueira Valverde e Montoya Martínez estabelecían xa clasificacións semellantes: Filgueira Valverde, «El texto. Introducción histórico-crítica, transcripción, versión castellana y comentarios», 35-49 e Montoya Martínez, *Las colecciones de Milagros de la Virgen en la Edad Media*, 55-73.

18 Menéndez Pidal, «Los manuscritos de las Cantigas. Cómo se elaboró la miniatura alfonsí», 30.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

semellante: cada cantiga iría acompañada de cadansúa notación musical para o refrán e a(s) primeira(s) estrofas e 6 (excepcionalmente 8) viñetas complementarias. Cada dez cantigas atopariamos unha de loor, dedicada a loar a Virxe, mentres que o resto serían narrativas e contarían un milagre. As acabadas no número 5, ademais, serían notabelmente máis longas e en lugar de verse acompañadas por 6 iluminuras, terían 12.

O manuscrito T-I-1 é coñecido como o Códice «Rico» pola súa boa conservación e os elementos que contén. Nos seus 256 folios conservamos 1264 recadros iluminados e 193 cantigas, ás que se suman un índice, o *Prólogo*, a *Intitulatio*, e un fragmento dunha das coñecidas como Cantigas das Festas de Cristo[19]. Pola súa banda, a continuación de T, o manuscrito BNCF B.R.20, máis coñecido como F, presenta un estado de conservación máis pobre. Entre os 131 folios contén 104 cantigas, con numerosas lagoas, sen notación musical e máis da metade das iluminuras sen facer ou sen concluír, como se observa na figura 1.

Para alén dos códices historiados, contamos con outros dous manuscritos, pensados soamente para mostrar poemas coa súa notación musical correspondente. Trátase do Códice de Toledo (BNE Mss. 10069 ou To) e do chamado Códice dos Músicos (Mss. RBME b-I-2 ou E). O primeiro, anteriormente almacenado na Biblioteca Capitular de Toledo, carece de iluminuras, ten incompleta a notación musical e posúe un índice, 100 cantigas numeradas, a *Intitulatio*, o *Prólogo*, unha cantiga de *Pitiçon*, cinco das *Festas de Santa María*, cinco das *Festas de Cristo* e un apéndice de 16 cantigas. Non existe certeza sobre a cronoloxía deste exemplar, xa que algúns estudosos teñen defendido que é unha copia da que tería sido unha das primeiras coleccións, mentres que outras apoian a teoría de que o devandito manuscrito pertencería aos primeiros momentos de confección do proxecto das CSM, en torno a 1270[20]. Sexa como for, parece claro que a empresa se iniciou de xeito modesto cunha obra semellante a esta e que foi máis tarde, quizais a mediados da mencionada década —seguindo a Fidalgo (2002)— cando decidiron confeccionar uns manuscritos de maior envergadura, como os historiados T e F.

De xeito simultáneo a F, en datas próximas ao pasamento do monarca (1284) e perante a inminente, ou quizais xa efectiva, revolta do infante Sancho, o *scriptorium* afonsino apuraría a confección dun novo manuscrito, máis modesto que os historiados, que contería case a totalidade das cantigas do proxecto. Este sería E, que actualmente coñecemos como «dos músicos» polas viñetas que adornan as súas cantigas de loor (figura 2).

Como xa se dixo, a iluminación das CSM é unha das grandes novidades desta obra. Do mesmo xeito que acontecía cos textos escritos, é posíbel que os iluminadores dos *Códices das Historias* manexaran numerosas fontes, incluíndo tanto aquelas que deron pé á disposición, estruturación e representación xeral das viñetas, como aqueloutras que servirían para trasladar

19 De novo, para un primeiro achegamento a unha análise maior dos catro códices das CSM, recoméndase a consulta de Fidalgo Francisco, *As Cantigas de Santa María*, 51-58. Para máis detalle, Fernández, «Los manuscritos de las Cantigas de Santa María», Parkinson, «Layout in the Códices Ricos of the Cantigas de Santa María» ou Schaffer, «Los códices de las "Cantigas de Santa María"».

20 Remítese, de novo, a algunhas obras mencionadas na anterior nota, como a de Elvira Fidalgo, con especial atención na páxina 53, onde cita os traballos de Manuel Pedro Ferreira, «The Stemma of the Marian Cantigas: Philological and Musical Evidence», e Martha Schaffer, «Marginal Notes in the Toledo Manuscript of Afonso El Sabio's Cantigas de Santa Maria: Observations on Composition, Correction, Compilation, and Performance». Ampliamos coas referencias aos estudos de Walter Mettmann (xa superados), «Introducción», 21-24; de Stephen Parkinson, «The First Reorganization of the Cantigas de Santa Maria»; de David Wulstan, «The Compilation of the Cantigas of Alfonso el Sabio» e, de novo, de Laura Fernández, «Cantigas de Santa María: fortuna de sus manuscritos».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a imaxes os tropos deixados por escrito nas palabras das CSM. Segundo teñen afirmado varias especialistas, a iluminación dos *Códices das Historias* responde á importación de numerosas fontes iconográficas e estilos chegados de diversos lugares do ámbito mediterráneo e mesmo anglosaxón[21]. Seguindo a Rocío Sánchez Ameijeiras, algúns exemplos poderían ser próximos aos *Miracles de Nostre-Dame* (Rossiyskaya natsional'naya biblioteka, Ms. Fr.F.V.XIV.009) —un dos exemplares conservados máis antigos dos realizados no mosteiro de Saint Médard de Soissons a partir da xa mencionada obra de Gautier de Coinci— ou ao *Salterio de Paris* (Bibliothèque nationale de France, Ms. Lat. 8846)[22].



Figura 2: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice dos Músicos, Ms. b-I-2, f. 89r.

Tal e como trataremos no apartado 2, podemos clasificar cada unha das cantigas a partir dos seus tipos textuais en «loores», «milagres», «festas de Santa María», «festas de Cristo», «petiçon» ou mesmo como o «prólogo» e a «presentación». Nesta tese interesarán, principalmente, as dúas mencionadas en primeiro lugar. As de loor son aquelas dedicadas a exaltar a Virxe. Son as cantigas decenais e, pola súa posición na obra, provocan que a lectura sexa semellante á oración nun rosario[23]. Os milagres, pola súa banda, corresponderían á maioría das cantigas e nelas prima a narración de feitos. Grazas á axilidade dos poetas das CSM, aquí expóñense episodios ás veces complexos, con diferentes personaxes e acontecementos ou desprazamentos a través da xeografía europea e mediterránea.

21 Chico Picaza, «Una nueva iconografía trinitaria en el "Códice rico de las cantigas de Alfonso X el Sabio" (Escorial, t.I, 1)», Chico Picaza, *Composición pictórica en el Códice Rico de las Cántigas de Santa María*, Domínguez Rodríguez, *La Miniatura en la corte de Alfonso X*, e Chico Picaza, «La visión de "sones" y "trobas". Composición pictórica y estilo en la miniatura del Códice Rico». Finalmente, resulta especialmente ilustrativo o artigo «Del Salterio al Marial» de Rocío Sánchez Ameijeiras.

22 Aínda non existen suficientes estudos iconográficos sobre as CSM, mais para un coñecemento maior sobre o tema é necesario consultar algunhas publicacións da citada autora Rocío Sánchez Ameijeiras. Destacamos, ademais das agora mencionadas, «Imaxes e teoría da imaxe nas Cantigas de Santa María» e *Los rostros de las palabras*.

23 Fidalgo, Elvira (ed.), *As Cantigas de loor de Santa María*, 22.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2 HIPÓTESES E OBXECTIVOS

A continuación, tal e como exixe a normativa da Universidade de Santiago de Compostela, sintetizamos algunhas preguntas e hipóteses de partida desta tese de doutoramento, seguidas dos obxectivos da mesma. Como xa se dixo, a principal vocación deste proxecto é achegarse ao espazo dunha obra medieval como as CSM e, paralelamente, crear unha primeira versión dunha ferramenta dixital que responda a este propósito.

1.2.1 Preguntas e hipóteses de partida

- É útil trasladar a experiencia da Xeografía literaria e outras teorías derivadas do *Spatial Turn* a unha obra medieval? Contribúen as representacións pictóricas, como as das CSM, a este obxectivo?
- Achegan as CSM suficiente información sobre os lugares como para permitir unha clasificación dos mesmos a partir das súas funcións no texto e a súa relación co espazo real?
- Resulta útil estudar de maneira pormenorizada o espazo das CSM para o resto da comunidade académica?
- Existe un ollar consciente á natureza?
- Trasladou Afonso X os lugares que coñecía e polos que pasou ao longo da súa vida ás CSM?
- Teñen os lugares mencionados no texto en posición de rima a mesma relevancia no relato que os que aparecen noutras partes das Cantigas?

1.2.2 Obxectivos xerais

- Abordar o estudo do espazo desde o punto de vista das CSM mediante o emprego de novas tecnoloxías.
- Comprobar a utilidade das teorías derivadas do *Spatial Turn* no estudo das CSM.
- Dar os primeiros pasos para iniciar, se resulta de interese, unha serie de estudos sobre o espazo na poesía medieval.
- Elaborar unha primeira versión (tanto no que respecta á forma como a contidos) dunha base de datos aberta e en liña que condense algunhas das partes fundamentais deste estudo e permita a súa continuación no futuro.

1.2.3 Obxectivos específicos

- A ferramenta en liña deberá cumprir algúns obxectivos concretos, distintos aos demais obxectivos específicos apuntados:
  - Ser intuitiva, fácil de manexar e estar dispoñíbel para dispositivos móbiles.
  - Servir de axuda aos estudos das CSM, en primeira instancia, e, indirectamente, facilitar tamén o coñecemento da lírica medieval galego-portuguesa e da iluminación na Idade Media.
  - Ter a capacidade para ser ampliábel e editábel no futuro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

  - Contar con estruturas para proxectos futuros, como os lugares das fontes das CSM ou as súas iluminuras.
  - Ter unha versión cos datos en formatos abertos que permita que estes sexan reinterpretados no longo prazo.
- Espazo e texto:
  - Procurar espazos imaxinados nas CSM e estudar, se corresponde, a súa dimensión e a súa relación cos espazos reais.
  - Buscar referencias e alusións indirectas que falen do espazo no texto.
  - Clasificar todas as referencias a lugares ou espazos presentes nos textos das CSM en función do seu papel na narración do milagre e as características de cada un destes lugares ou espazos.
- Xeografía:
  - Actualizar os índices de xeografía mencionada directa e indirectamente no texto, como o presente na web do Centre for the Study of the *Cantigas de Santa Maria* of Oxford University (que contén información imprecisa e demasiado simplificada das localizacións de cada cantiga) e o elaborado por Agapito Rey en 1927, máis exacto que o anterior, pero menos útil polo seu formato[24].
  - Trasladar a xeografía das CSM a formatos visuais como mapas interactivos.
  - Facer un estudo pormenorizado da función da xeografía en cada cantiga.
  - Facer unha lectura distante e cuantitativa da xeografía no macrotexto das CSM.
  - Comprobar se existe relación entre a xeografía das CSM e a xeografía presente na vida de Afonso X.
  - Facer accesíbel a xeografía das CSM a distintos tipos de público.
- Natureza e paisaxe:
  - Estudar os elementos naturais presentes nas CSM.
  - Comprobar se cabe situar as iluminuras das CSM na historia da representación da paisaxe e, en tal caso, en que estadio.
- Iluminuras:
  - Clasificar os elementos fundamentais que se poden encontrar nas iluminuras das CSM.
  - Etiquetar o maior número posíbel de iluminuras e clasificalas segundo diversos criterios que teñan que ver co espazo representado.
  - Estudar a representación pictórica de certos lugares.
  - Procurar fitos xeográficos ou elementos icónicos na representación de cidades ou rexións.

24 Rey, «Índice de nombres propios y de asuntos importantes de las Cantigas de Santa María».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.3 ESTADO DA CUESTIÓN

1.3.1 Do *Spatial Turn* ás Humanidades espaciais

Unha das correntes das que bebe esta tese de doutoramento é aquela orientada arredor do *Spatial Turn*, da que teñen xurdido numerosas propostas metodolóxicas e epistemolóxicas acerca do espazo dunha obra artística, principalmente literaria. Para coñecer os traballos que teñen influenciado e servido de referencia neste proxecto, cómpre remontarse ás orixes do xiro espacial e do seu concepto, que acostuman ser situadas na década de 1960, nomeadamente no discurso pronunciado por Henri Foucault no Cercle d'Études Architecturales en maio de 1967 e que foi publicada no xornal francés *Architecture, Mouvement, Continuité* en 1984[25]. Comezaba así:

> «La grande hantise qui a obsédé le XIX^e^ siècle a été, on le sait, l'histoire: thèmes du développement et de l'arrêt, thèmes de la crise et du cycle, thèmes de l'accumulation du passé, grande surcharge des morts, refroidissement menaçant du monde. C'est dans le second principe de thermodynamique que le XIX^e^ siècle a trouvé l'essentiel de ses ressources mythologiques. L'époque actuelle serait plutôt l'époque de l'espace. Nous sommes à l'époque du simultané, nous sommes à l'époque de la juxtaposition, à l'époque du proche et du lointain, du côte à côte, du dispersé. Nous sommes à un moment où le monde s'éprouve, je crois, moins comme une grande vie qui se développerait à travers le temps, que comme un réseau qui relie des points et qui entrecroise son écheveau.»

Segundo Foucault, Henri Bergson podería ter sido o precursor da reflexión filosófica en torno ao espazo, «dead, fixed, undialectical» e «immobile» fronte á «richness, fecundity, life» e «dialectic» do tempo no pensamento de principios de século XX[26]. Con todo, o propio filósofo francés non situaría o inicio da «época do espazo» até despois do fin da Segunda Guerra Mundial, momento no que varios autores —desde perspectivas distintas— coinciden en situar un cambio no paradigma[27]. En calquera caso, non cabe dúbida de que o avance da globalización e as novas dinámicas do capitalismo ou capitalismo tardío teñen marcado unha

25 A obra citada do filósofo francés é «Des espaces autres (conférence au Cercle d'études architecturales, 14 mars 1967)», mais cómpre sinalar a relevancia da tradución de Jay Miskowiec ao inglés publicada no xornal *Diacritics*, xa que facilitou a lectura por teóricos como Edward W. Soja e Robert T. Tally Jr., quen coinciden en afirmar a importancia de Foucault, desa conferencia «Des espaces autres» e do pensamento dos anos 60 na evolución desta materia. Soja, *Postmodern geographies*, 10-42, e Tally Jr., *Spatiality*, 11-43.

26 Foucault, «Power/Knowledge», 70. Facíao, concretamente, na entrevista *Questions on Geography*, na que non mencionaba ningunha obra concreta de Henri Bergson, mais na que pensaba, quizais, en *Essai sur les données immédiates de la conscience* (1889) ou *La Pensée et le Mouvant* (1934).

27 Pensamos, por exemplo, na visión pesimista de Paul Celan ou Theodor W. Adorno. Con todo, parécenos particularmente interesante o repaso que fai Tally en *Spatiality* a este respecto, mencionando a visión de Westphal do cambio de paradigma, que pasa de tempo a espazo, a partir da Segunda Guerra Mundial; a de Soja con respecto a como as guerras mundiais acabaron por mostrar as realidades xeográficas e espaciais que estaban ocultas baixo a obsesión previa co tempo e o progreso e, finalmente, sobre a análise de Adorno e Horkheimer acerca de como as ideas da razón acabaron provocando efectos negativos para a sociedade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

considerábel mudanza na sociedade e nas Ciencias Sociais[28]. Os movementos masivos de persoas (emigración ou refuxiados), o auxe do turismo, a reorganización política global, a chegada do ser humano ao espazo exterior, o mellor coñecemento da realidade internacional, as novas formas de comunicación ou a popularización da *World Wide Web* terían propiciado, xunto a outros factores, o coñecemento espacial do mundo, aumentado a conciencia do lugar propio e provocado novos problemas e intereses.

Estas transformacións interesarían a artistas, filósofos, historiadores ou xeógrafos e propiciarían o nacemento do que primeiro se tería coñecido como un movemento artístico e que máis tarde acabaría por abranguer outros eidos de coñecemento: o postmodernismo, sobre o que reflexionan autores como Jean-François Lyotard ou Fredric Jameson, que pasarían a entender ese movemento como unha forma de pensamento ou sistema cultural[29]. Nun dos capítulos e nas conclusións de *Postmodernism, or The Cultural Logic of Late Capitalism*, Jameson sitúa o seu ollar noutra obra tamén referencial na evolución do *Spatial Turn* na evolución da concepción moderna da xeografía, *Postmodern Geographies* de Edward W. Soja, publicado en 1989, onde se pode encontrar a orixe do termo *Spatial turn*[30]. Aquí o autor extrae e interpreta os «spatializing projects» de Michel Foucault e John Berger[31], que non recibiran especial atención até o momento. Na obra, amplíase o espectro da xeografía cultural, colocando a antropoloxía ou a historia social como elementos da mesma. A literatura tamén sería apuntada como un eido de interese, debido á súa capacidade para a análise cultural asociada a un territorio.

No campo do urbanismo encóntranse outras das grandes reflexións teóricas sobre o espazo, o que permite ou inspira a creación de análises por parte de autores xa citados, como Harvey ou Soja. É este último quen apunta que o principal referente neste eido é *La Production de l'espace*, de Henri Lefebvre (1974), por concibir a xeografía ou o urbanismo como ciencias sociais[32]. En última instancia, a relación intrínseca entre espazo e sociedade que Soja e Lefebvre propoñen lévanos a poñer o foco no espazo como obxecto de estudo en obras artísticas e literarias, xa que hai unha sociedade (ou unha persoa) que crea a obra, outra que a recibe e mesmo pode haber outra na propia ficción, cada unha habitando ou relacionándose cun espazo de maneira particular.

No contexto dos estudos literarios, o novo xiro espacial non se produciu sobre unha base erma ou carente de análises previas. Como apuntan Westphal e Hess-Lüttich, a análise literaria sempre se interesou pola xeografía dos textos e polo modo en que estes creaban

28 Ademais dos xa mencionados Tally (2013) e Soja (1989), seguimos a Fredric Jameson en *Postmodernism, or, The Cultural Logic of Late Capitalism*, principalmente en 260-278 e en «Notes on Globalization as a Philosophical Issue».

29 *Postmodernism, or, The Cultural Logic of Late Capitalism*.

30 Jameson, 155-80 e 418; Hess-Lüttich, «Spatial turn: On the concept of space in cultural geography and literary theory», 26.

31 O primeiro capítulo da obra é especialmente interesante para achegarse ao xiro espacial e comprobar o diálogo entre Historia e Xeografía, así como a influencia da modernidade nestas disciplinas. Soja, *Postmodern geographies*, 10-42. Jameson realiza unha reflexión semellante, aínda que en termos culturais, no primeiro capítulo de *Postmodernism, or, The Cultural Logic of Late Capitalism*. A reflexión deste autor, finalmente, tamén é recollida e interpretada nun contexto máis amplo por Bertrand Westphal, no capítulo «Spatiotemporality» de *Geocriticism*, 9-36.

32 Lefebvre analiza a relación de tres espazos e promove un estudo conxunto dos mesmos. Estes son o percibido ou físico (o dos fenómenos sensíbeis), o concibido ou mental (o lóxico-epistemolóxico) e o vivido ou social (o da práctica social diaria). Este último, o «thirdspace», é o que prima Soja cando explica como a xeografías e os modelos sociais inflúen entre si de maneira recíproca.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

espazos para a humanidade[33]. Os exemplos son numerosos e de diferente tipo: desde estudos teóricos como *Formas do tempo e do cronotopo na novela* (Формы времени и хронотопа в романе) de Bakhtin (1937) até obras máis persoais e empíricas como *La poétique de l'espace* de Gaston Bachelard (1957), onde o autor analiza os espazos da vida cotiá desde un punto de vista fenomenolóxico. Tamén encontramos un precedente nas CSM: o mencionado índice xeográfico elaborado por Agapito Rey e publicado no Boletín de la Real Academia Española de 1927[34].

Posteriormente, xa desde unha óptica moderna, aparecen diversas obras que actualmente agruparíamos baixo a etiqueta de «Xeografía literaria», como *The Atlas of Literature* de Malcolm Bradbury, que sitúa en diferentes mapas obras canónicas da historia da literatura, entre as que inclúe as composicións de Dante ou de Geoffrey Chaucer[35]. Cun espírito máis analítico e sistemático aparece o *Atlas of the European Novel* de Moretti (1998) ou, posteriormente por citar algúns exemplos, o proxecto *Ein Literarischer Atlas Europas* (LAE) despois de 2008.

A partir destes referentes, a cartografía e a xeografía literaria téñense desenvolvido enormemente, como se verá nas próximas páxinas. Con todo, a súa definición aínda parece complexa, xa que é posíbel encontrar definicións modernas que, sen chegar a contradicirse, poderían posuír enfoques diferentes que leven a confundir un concepto con outros. Cómpre afondar algo na súa definición, aproveitando a explicación para saber máis sobre o traballo feito nestas áreas.

Seguindo a definición de Tally, por «Cartografía literaria» entenderiamos o proceso creativo de quen produce unha obra narrativa tendo en conta unha certa realidade xeográfica[36]. Explicaríase a través da alegoría que compara escribir con facer un mapa, e pode verse resumida no subtítulo da obra de Peter Turchi *Maps of the imagination*, «The Writer as a Cartographer»[37]. Tally afirma que, perante a «writer's literary cartography, we might add the reader's literary geography», entendendo o segundo como un proceso posterior á creación e á lectura da obra e ao que pertencería a práctica cartográfica propia da crítica literaria[38]. Así, para este autor, a «Cartografía literaria» sería un termo complexo e, como el mesmo afirma, metafórico, mentres que a «Xeografía literaria» sería unha disciplina ou unha práctica concreta, ampla, que estudaría a xeografía das obras narrativas, tamén a través de mapas.

Fronte a interpretación de Tally, encontramos a concepción teórica de Barbara Piatti e as súas compañeiras do xa mencionado LAE, do Institut für Kartografie und Geoinformation (ETH Zurich), que comprenderían ambas Cartografía e Xeografía literarias como métodos de traballo diferentes, un supeditado a outro. A definición de «Xeografía literaria» sería

33 Véxanse Westphal, *Geocriticism*, 32, e Hess-Lüttich, «Spatial turn: On the concept of space in cultural geography and literary theory», 28.
34 Rey, «Índice de nombres propios y de asuntos importantes de las Cantigas de Santa María».
35 Bradbury, *The Atlas of literature*.
36 Tally Jr., «Introduction»; Tally Jr., *Spatiality*, 44-78.
37 Turchi, *Maps of the imagination*.
38 Tally Jr., *Spatiality*, 79.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

semellante á de Tally, mais dentro dela situarían a «Cartografía literaria»[39], a metodoloxía encargada de estudar e elaborar mapas a partir de obras artísticas narrativas[40].

Neste traballo seguiremos maioritariamente as definicións de Tally, debido á súa maior precisión analítica e ao xeito en que encaixa a súa terminoloxía para afrontar o estudo de obras non modernas, nas que o coñecemento xeográfico de quen crea as obras é máis difuso. Porén, xa que este traballo ten unha importante vocación práctica, teremos en conta a definición do LAE de «Cartografía literaria», termo que empregaremos con este sentido nos apartados metodolóxicos.

Por outro lado, non queremos deixar de citar outra das formas de achegarse ao espazo literario, a Xeocrítica[41], definida por Bertrand Westphal en *La Géocritique: réel, fiction, espace* e cuxa práctica é materializada no volume posterior dirixido polo propio Westphal, *La géocritique mode d'emploi*[42]. A Xeocrítica resulta fundamental neste campo de estudos, aínda que non é a disciplina central sobre a que desenvolvemos esta tese de doutoramento. Así e todo, interésanos a definición do xa varias veces citado Robert T. Tally Jr., quen entende este termo dun xeito máis amplo do que o faría Westphal, facéndoo abranguer estudos como a topoanálise, definida por Bachelard como «l'étude psychologique systématique des sites de notre vie intime»[43]. Consideramos tamén importantes a devandita obra de Lefebvre, os estudos do paseo e a *flânerie* tratados por Michel de Certeau, os estudos sobre os espazos de poder (principalmente a obra de Foucault *Surveiller et punir*), a *nomadologie* de Deleuze e a xeofilosofía ou a análise espacial realizada desde o feminismo e os estudos de xénero[44]. Como di Tally, estas achegas permítennos ter «a comprehensive and nuanced understanding of the ever-changing spatial relations that determine our current, postmodern, world». Con todo, ningunha destas achegas teóricas supón a base teórica deste traballo, aínda que probabelmente sexan referidas indirectamente de modo inconsciente. Entre elas, si queremos destacar a de Bachelard, xa que foi a que precipitou o interese polo estudo do espazo nas creacións artísticas.

De modo semellante, cómpre mencionar brevemente a «Ecocrítica», definida por Rebecca Douglass como unha «reading with attention to treatments of nature, land, and place, informed by a desire to understand past and present connections between literature and human attitudes regarding the earth»[45]. Como se poderá apreciar nas páxinas seguintes, neste traballo non se explorarán os comportamentos humanos en relación coa Terra ou co medio ambiente, e a interpretación de obras fundamentais da Ecocrítica case non translucirá nos apartados dedicados a estudar a natureza nas CSM. Así e todo, entendemos que a lectura de obras como

39 Neste campo, a pesar da súa discreta relevancia de cara a esta tese de doutoramento, mencionamos Dionisotti, *Geografia e storia della letteratura italiana*, Williams, *The Country and the City* e Miller, *Topographies*.

40 Piatti, Reuschel, e Hurni, «Literary Geography – or how Cartographers open up a New Dimension for Literary Studies», 2-5.

41 Robert T. Tally Jr. ten editado numerosas publicacións útiles para achegarse aos estudos anglosaxóns máis recentes arredor da fenomenoloxía do lugar e o espazo literarios, que inclúen análises de diversas obras literarias modernas e contemporáneas, así como aproximacións a outros eidos como o feminismo, os estudos de xénero, o ecoloxismo ou os estudos postcoloniais, entre outros. Entre elas salientamos os seguintes traballos: *Geocritical explorations*; *Literary cartographies*; *The Routledge Handbook of Literature and Space*; *Teaching Space, Place, and Literature*; e *Spatial Literary Studies*.

42 Westphal, *La géocritique*.

43 Bachelard, *La poétique de l'espace*, 27.

44 Tally Jr., *Spatiality*, 112-145.

45 Douglass, «Ecocriticism and Middle English Literature», 138.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

The Ecocriticism Reader de Glorfelty e Fromm ou *The Environmental Imagination* de Buell foron relevantes e que, en realidade, a Ecocrítica está a ofrecer numerosos estudos de grande interese tamén para o espazo medieval. Cremos que, no futuro, será necesario volver sobre estes traballos para ollar de novo as CSM. Entre eses estudos salientamos *Greenery: Ecocritical Readings of Late Medieval English Literature* de Gillian Rudd, *Rural Space in the Middle Ages and Early Modern Times: The Spatial Turn in Premodern Studies*, ou a análise de Connie Scarborough *Inscribing the Environment: Ecocritical Approaches to Medieval Spanish Literature*[46].

Non queremos esquecer a influencia da obra de Yi-Fu Tuan *Space and place* neste traballo. O autor trata a relación íntima entre seres humanos e o espazo, afirmando que «human beings not only discern geometric patterns in nature and create abstract spaces in the mind, they also try to embody their feelings, images, and thoughts in tangible material»[47]. Esta foi a base que orixinou a hipótese dunha posíbel relación entre o mapa das CSM e o dos lugares visitados por Afonso X (o que na web chamamos «Itinerario afonsino»[48]).

Continuando, precisamente, co relativo ao estudo do espazo na literatura medieval, debemos mencionar algúns traballos de Biglieri, Dhawan, Robert Rouse, Crocoll ou a obra *Medieval practices of space*[49]. Por outro lado, xa centrados na lírica trobadoresca, tamén son interesantes *Proper Names in the Lyrics of the Troubadours* de Frank M. Chambers (1971), *Lexique des noms géographiques et ethniques dans les poésies des troubadours des XII^e^ et XIII^e^ siècles* de Wilhelmina M. Wiacek (1968) ou «Reflexións críticas sobre o espazo nas cantigas de santuario da lírica medieval galega e portuguesa», entre outros[50].

Cómpre saltar agora ao eido da elaboración dos mapas e volver á mencionada Cartografía literaria. Concretamente ao que se coñecen recentemente como «Humanidades espaciais», unha das ramas da grande árbore das Humanidades dixitais, centrada no emprego de Sistemas de Información Xeográfica e na elaboración de ferramentas dixitais como mapas ou liñas temporais[51].

Neste sentido, nos últimos dez anos teñen sido desenvolvidos numerosos proxectos de Xeografía literaria. Unha boa parte dos mesmos procura e analiza a presenza dun territorio na literatura. Así traballan en *Atlas das Paisagens Literárias de Portugal Continental*, *Chronological Literary Heritage Map of Pennsylvania*, *Compostela Geoliteraria*, *Digital*

46 Cheryll Glotfelty, *The Ecocriticism Reader*; Buell, *The Environmental Imagination*; Rudd, *Greenery*; Classen, *Rural Space in the Middle Ages and Early Modern Age*; Scarborough, *Inscribing the Environment*.

47 Tuan, *Space and place*, 17.

48 Na web encóntrase a maioría da información sobre el (<https://oslugaresdascantigas.gal/itinerarioafonsino>), mais non queremos deixar de citar as obras nas que nos baseamos para crealo: Ballesteros y Beretta, *El Itinerario de Alfonso el Sabio*, González Jiménez, *Alfonso X el Sabio*, e, para nós, a máis importante: González Jiménez e Carmona Ruiz, *Documentación e itinerario de Alfonso X el Sabio*.

49 Hanawalt e Kobialka, *Medieval practices of space*; Biglieri, *Las ideas geográficas y la imagen del mundo en la literatura española medieval*; Rouse, «What Lies Between?»; Rouse, «Emplaced Reading, or Towards a Spatial Hermeneutic for Medieval Romance»; Dhawan, *History Of Geographic Thought*; Crocoll, «La construcción del espacio en la obra de Berceo».

50 Wiacek, *Lexique des noms géographique et ethniques dans les poésies des troubadodes XII et XIII siècles*; Chambers, *Proper Names in the Lyrics of the Troubadours*; Ron Fernández, «Reflexións críticas sobre o espazo nas cantigas de santuario da lírica medieval galega e portuguesa».

51 Bodenhamer, Corrigan, e M. Harris, «Challenges for the Spatial Humanities: Toward a Research Agenda», Corrigan e Harris, *The Spatial Humanities*, Tally Jr., *Literary cartographies*, e Santos Unamuno, «Retos y apuestas de las Humanidades Espaciales».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Literary Atlas of Ireland, *The Map of Kansas Literature*, *Lit Long: Edinburgh*, *Vilnius Literature*, entre moitas outras[52]. Existen máis propostas que crean atlas culturais dun territorio, como *Cultural Atlas of Australia*. Hai outras que estudan grupos de autores, como *Map literari català*, *Mapa digital das relações literárias ibéricas (1870-1930)* ou o xa mencionado *Ein Literarischer Atlas Europas* (ETH Zurich)[53]. Tamén existen proxectos que soamente estudan a xeografía dun autor ou dunha obra literaria concreta, como *Hestia* ou *Rosalía de Castro: Memoria, Afecto e Lugar*[54]. Finalmente, no que respecta aos Estudos medievais, tamén mencionamos o *Prosopographical Atlas of Romance Literature da Sapienza* ou o mapa das Cantigas do IEM no que colaboramos[55].

1.3.2 As Cantigas de Santa María e a arte medieval

Nas últimas décadas as CSM levan sendo un importante obxecto de análise dentro dos Estudos medievais. Actualmente existen multitude de achegas bibliográficas que nos teñen permitido afondar nelas tanto desde perspectivas xerais como desde outras máis concretas. Moitas destas lecturas arredor das CSM encontrarán un pequeno espazo ao longo desta tese e na Bibliografía, que recollerá as obras citadas no corpo do texto. Con todo, existen abundantes estudos que teñen resultado fundamentais para levar a cabo esta investigación, pero que, por diferentes motivos, non serán incorporadas[56].

Resúltanos complicado trazar unha liña de referentes directos a respecto do estudo da espacialidade nas imaxes das CSM. Debido principalmente á ramificación desa liña inicial, só no que ten que ver coa representación visual, esta pode orientarse cara aos estudos da composición, da perspectiva, do uso dos símbolos, da arquitectura ou da paisaxe, entre outras moitas propostas. Por iso, simplificándoo un pouco, poderiamos dicir que nos situamos ante tres ángulos distintos: por un lado, 1) obras referenciais da Historia da arte ou de interese para o estudo da arte medieval. Neste primeiro plano debemos citar Camille, Mâle e, máis recentemente, algúns dos traballos de Sánchez Ameijeiras[57]. Esta autora é particularmente

52 Queiroz et al., *Atlas das Paisagens Literárias de Portugal Continental*; Pennsylvania Center for the Book Literary & Cultural Heritage, *Chronological Literary Heritage Map of Pennsylvania*; Cabo et al., *Compostela Geoliteraria*; Centre for Environmental Humanities, Coláiste na Tríonóide, *Digital Literary Atlas of Ireland*; Loxley (coord.), *LitLong: Edinburgh*; Averill e Center for Kansas Studies, *Map of Kansas Literature;* Vidugirytė-Pakerienė et al., *Vilniaus Literatūra*.

53 Stadler, Mitchell, e Carleton, *Cultural Atlas of Australia*; Espais Escrits. Xarxa del Patrimoni Literari Català, *Mapa Literari Català d'Espais Escrits*; Pérez Isasi et al., *Mapa digital das relações literárias ibéricas (1870-1930)*; Ein literarischer Atlas Europas, *Ein Literarischer Atlas Europas*.

54 Barker et al., *Hestia*; Cabo Aseguinolaza, Fernando, María do Cebreiro Rábade Villar, et al., *Rosalía de Castro: Memoria e Afecto*. Non queremos deixar de citar o proxecto «Cartografías del afecto y usos públicos de la memoria: un análisis geoespacial de la obra de Rosalia de Castro» e algúns outros dos traballos de Fernando Cabo que teñen sido particularmente útiles, como por exemplo «Compostela como espacio de representación».

55 A ligazón para o primeiro é <https://parli.seai.uniroma1.it/content/about-atlas>. O segundo pode consultarse en <https://cantigas.fcsh.unl.pt/> [accedidas o 24-03-2023].

56 Referímonos a estudos que teñen facilitado a nosa comprensión das CSM. Desde o fundamental *As Cantigas de Santa María* de Elvira Fidalgo (2002) a outras como Ferreira, «Understanding the Cantigas»; Río Riande, «El libro como espacio transtextual»; Disalvo, «Salve-Te, Strela Do Mar» ou Ferreira, «The Medieval Fate of the Cantigas de Santa Maria».

57 Citamos algúns títulos e autoras relevantes que nos teñen axudado a achegarnos á arte medieval, entre os que queremos destacar: Camille, *El Idolo gótico*; Camille, *Arte gótico*; Mâle, *L'art religieux du XIIIe siècle en France*; Panofsky, *La Perspectiva como «forma simbólica»*; Sánchez Ameijeiras, *Los rostros de las palabras* e Yarza Luaces, *La miniatura medieval en la Península Ibérica*. Xunto a estas obras, entre outras moitas, sinalamos: Keller e Kinkade, *Iconography in medieval spanish literature*; Pächt, *La Miniatura medieval*; Lewis, *The Discarded Image*; Moralejo Alvarez, *Formas elocuentes*; Castelnuovo e Sergi, *Arte e historia en la Edad Media*; Auerbach, *Mimesis*; Sáenz-López Pérez, *Los Mapas de Los Beatos* e «How to Represent the New World When One Is Not Andrea Mantegna»; Twomey, *The Sacred Space of*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

salientábel, non só polas súas conclusións, senón tamén polo seu tratamento da relación imaxe-texto e pola forma —realmente multidisciplinar— de ler as CSM. Poderiamos, precisamente, situar a súa investigación a medio camiño a respecto do nivel 2: aquel que nos permite coñecer distintos aspectos xerais sobre o *todo* das CSM, como os seus manuscritos, o *scriptorium*, as fontes ou a composición das súas imaxes. Aquí a lista faise máis extensa, mais podemos mencionar algúns traballos xa citados, como os de Chico Picaza, Domínguez Rodríguez, Fernández Fernández, Fidalgo Francisco, a base de datos de Stephen Parkinson e outros moitos[58]. Finalmente, no nivel 3, colocamos un último plano no que se encontran todos aqueles estudos dedicados a aspectos máis concretos sobre as CSM, moitos deles relacionados con cuestións que teñen que ver co espazo, como a xeografía, a natureza, a haxiografía ou a arquitectura. Unha boa parte destes traballos serán citados ao longo do corpo da tese. Entre os que non serán mencionados, pensamos que é importante mencionar a tese de doutoramento de Jeffrey Timothy Jacob *Siting the virgin: The poetics of place and identity in «Las Cantigas de Santa Maria»*, por achegarse de maneira sucinta á cuestión do espazo e o lugar nas CSM, a pesar de facelo desde unha perspectiva distinta á desta tese e, finalmente, non ter sido relevante no noso traballo.

En último lugar, queremos apuntar algúns dos estudos que consideramos principais para achegarnos á paisaxe e á súa representación. Será unha nota breve, xa que no capítulo dedicado ao tema están condensadas boa parte das análises que consideramos máis relevantes. O punto de partida é, por suposto, a ausencia de estudos específicos sobre a paisaxe nas CSM. Aínda así, encontramos ideas moi interesantes nos traballos de López Silvestre ou nas das xa citadas Crocoll e Scarborough[59]. Desde un punto de vista máis amplo, que abrangue o estudo da natureza na iluminación medieval, teñen resultado fundamentais as lecturas de Margaret Goehring e, desde unha perspectiva máis teórica, da obra Kellie Robertson *Nature Speaks*[60]. Para acabar, xa desde unha óptica máis afastada da que nos compete aquí, non queremos esquecer a calidade dos traballos da colección *Paisaje y Teoría*, da editorial Biblioteca Nueva, que dirixen Javier Maderuelo, Joan Nogué e o mencionado López Silvestre.

1.3.3 O tempo

A pesar de non ser o tema principal desta tese de doutoramento, entendemos que o tempo é un elemento indisociábel do espazo[61]. Así e todo, a meirande parte dos estudos derivados do

the Virgin Mary in Medieval Hispanic Literature; ou, finalmente, Tann, «Maps and Travel in the Middle Ages and the Early Modern Period».

58 A lista é, inevitabelmente, breve, mais cabe mencionar: Guerrero Lovillo, *Las Cántigas*; Chico Picaza, «La relación texto-imagen en las Cantigas de Santa María, de Alfonso X el Sabio»; Chico Picaza, *Composición pictórica en el Códice Rico de las Cántigas de Santa María*; Parkinson, «The First Reorganization of the Cantigas de Santa Maria»; Schaffer, «Los códices de las "Cantigas de Santa María"»; Fidalgo Francisco, *As Cantigas de Santa María*; Sánchez Ameijeiras, «Imaxes e teoría da imaxe nas Cantigas de Santa María»; Castro, *As Cantigas de Santa María: um estilo gótico na lírica ibérica medieval*; Fernández Fernández, «El scriptorium de Alfonso X El Sabio»; Chico Picaza, «Composición, estilo y texto en la miniatura del Códice Rico de las CSM»; Centre for the Study of the Cantigas de Santa Maria e Parkinson, «The Oxford Cantigas de Santa Maria database», entre outras máis que non podemos engadir para non facer un listado inaccesíbel.

59 L. Silvestre, «Pensar la historia del paisaje»; Scarborough, *Inscribing the Environment* e Crocoll, «El paisaje: estado de la cuestión y nuevas pistas de investigación».

60 Goehring, *Space, place and ornament*; Robertson, *Nature Speaks*.

61 Véxanse, principalmente, o capítulo introductorio e «Spatiotemporality», Westphal, *Geocriticism*, e Jauss, *Experiencia estética y hermenéutica literaria*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Spatial Turn teñen practicamente obviado este precepto[62]. Afortunadamente, na actualidade xa existen algunhas publicacións máis modernas que defenden a equiparación do espazo e do tempo nos Estudos literarios, como *Narrative Time and Space* de Elena Gomel (2014) ou *Time, Literature, and Cartography After the Spatial Turn*, editado por Adam Barrows (2016). Con todo, nos traballos académicos segue imperando a análise espacial en sentido estrito.

Como xa se advertiu, o tempo non será o obxecto de estudo principal deste traballo, mais terase en conta a súa presenza e a interdependencia deste co espazo. É por isto que, ademais das obras consultadas, de interese xeral, tamén consideramos importante salientar algunhas que teñan estudado o tempo a partir dunha óptica centrada na Idade Media.

Para os Estudos medievais destacamos *Time as a structural element in Medieval Literature* de Ovitt Jr. (1979) ou o interesante artigo de Jesús Montoya «El tiempo y el espacio en el milagro literario» (1988). En torno ás CSM, os estudos sobre o tempo non son numerosos, mais encontramos o artigo «In Search of Paradise: Time and Eternity in Alfonso X's Cantiga 103» de Kevin R. Poole (2007) ou «El tiempo en las Cantigas» de Daniel Devoto.

1.4 METODOLOXÍA

Co fin de conseguir os obxectivos propostos desta tese de doutoramento, a nosa principal preocupación durante a investigación ten sido a busca dun método apropiado que servise para a elaboración da parte escrita e mais da base de datos en liña. O principal obstáculo foi a ausencia de traballos semellantes a este que conseguisen unir as nosas principais achegas teóricas e que fosen elaborados, como esta tese, por unha única persoa e cuns medios que, como veremos, son limitados. Como queda patente xa no mesmo índice desta investigación, realizamos aproximacións analíticas moi diversas que implican metodoloxías tamén diferentes, polo que para nós era importante conseguir un método de traballo que as condensase de maneira coherente.

Xa temos falado da importancia da Xeografía literaria para o desenvolvemento da tese. Estes estudos teñen servido, como se verá, para a elaboración daquilo que ten que ver coa cartografía (como a web e os mapas) e para a clasificación de todos os espazos encontrados nas CSM. Con todo, o estudo do *topos* ten estado presente durante a elaboración de todas as análises, mesmo daquelas centradas nas iluminuras. Así, non debemos ler as imaxes só mediante os seus elementos ou do que nos queren dicir a través da súa composición ou dos seus símbolos, senón examinando tamén a súa función narrativa ou a súa descrición da realidade, como se se tratase dun texto literario.

Como se poderá ver, en cada apartado terán máis peso unhas achegas metodolóxicas que outras, aínda que o noso obxectivo é tentar aplicar o que coñecemos de todas. Aínda que isto se poderá comprender mellor ao avanzar na lectura da tese, nós entendemos que existe unha relación entre paisaxe (un ollar consciente) e algunhas das categorías que presentaremos máis adiante no modelo conceptual. Por outro lado, para entender por completo a mirada exercida polos autores das CSM ao seu redor, é necesario facer previamente análises cuantitativas a partir da extracción de datos e da súa clasificación.

62 Barrows, «Introduction».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De todos modos, para comprender mellor o xeito de proceder, cómpre indicar, aínda que sexa de maneira simplificada, o fluxo de traballo seguido para a elaboración da tese:

1. Lecturas e primeira análise dos textos e das imaxes das CSM.
2. Consulta, revisión e selección da bibliografía.
3. Clasificacións das localizacións presentes nas CSM.
4. Elaboración do modelo conceptual que permita crear a base de datos.
5. Construcción da web.
6. Elaboración de figuras de análise, como os mapas e os gráficos temáticos sobre as CSM.
7. Análises de resultados.
8. Plasmación por escrito da investigación levada a cabo.

Como é evidente, non se trata de oito fases impermeábeis nin completamente independentes e, por suposto, as etapas de revisión bibliográfica, lectura e análise das CSM mantéñense activas durante todo o proceso. Con todo, isto permítenos observar que partimos de ollares moi próximos á obra e que paulatinamente nos afastamos para afondar en lecturas cada vez máis distantes, aínda que sen desprendernos por completo da obra que estamos a estudar.

Entendemos que a metodoloxía empregada para realizar, en primeiro lugar, as clasificacións dos lugares e espazos do textos e iluminuras das CSM e, en última instancia, a páxina web e base de datos *Os lugares das Cantigas*, resulta de especial interese e é, quizais, a parte do método de traballo máis complicada de comprender para as persoas non familiarizadas cos procedementos que describiremos. Deste xeito, consideramos que é conveniente dividir este apartado metodolóxico en catro partes, que se corresponden en certo modo a algunhas das etapas mencionadas anteriormente. Así, en primeiro lugar, trataremos a forma de proceder na catalogación de lugares e espazos nas CSM e a procura dun modelo conceptual válido sobre o que crear a nosa web. A continuación, trataremos a posta en práctica deste método e a creación das táboas e do sistema de base de datos. Despois explicaremos como se crea a páxina web e, finalmente, como elaboramos os mapas que se poden encontrar nela. Con estes capítulos non só pretendemos detallar o proceso de traballo, senón tamén achegar a nosa experiencia sobre o xeito de proceder ante ferramentas dixitais no eido académico.

1.4.1 Clasificacións do espazo

O punto de partida na elaboración dos mapas, da web e da base de datos é a reflexión sobre os elementos que desexamos clasificar e o modo de facelo, tendo en conta a amplitude do corpus e a relativa ausencia de experiencias previas semellantes ao traballo desenvolvido. Sendo conscientes de que os eixos principais deste proxecto son o espazo mencionado nos textos das CSM e o espazo representado nas iluminuras dos *Códices das Historias*, entendemos que é necesario coñecer e ordenar estas dúas partes do corpus, descartando a música ou os aspectos codicolóxicos que non teñen cabida. Dentro deste concepto de espazo ao que nos referimos, a xeografía ten unha importancia fundamental, xa que constitúe a maioría dos rexistros que encontramos nas CSM. Ademais, permítenos elaborar diversos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

resultados gráficos, como os mapas, e conectar este proxecto con moitos daqueles xa mencionados no Estado da cuestión. Grazas a isto podemos elaborar un modelo conceptual complexo e contrastado, centrado principalmente na análise textual dos lugares citados dunha obra narrativa. Para o caso das representacións, carecemos de verdadeiros precedentes, como xa se indicou, polo que o modelo a seguir é unha proposta persoal, máis libre, que explicaremos nas últimas páxinas deste epígrafe.

1.4.1.1 Á procura dun modelo conceptual

Tendo en conta os obxectivos analíticos expostos no apartado anterior, así como a vontade de crear mapas e bases de datos almacenadas nunha páxina web pública, tanto para mostrar resultados como para crear novas ferramentas de análise propia, precisamos dun modelo conceptual completo, modulábel, sinxelo e accesíbel. Este debe funcionar para a base de datos iniciais e ser flexíbel ao longo do proceso que o levaría a adaptarse aos formatos web e aos mapas. As ferramentas creadas a partir del deben poder almacenar e mostrar a maior cantidade de información posíbel e aspirar a ser «the most effective, visual, means of presenting spatial and geographical information»[63]. Ao mesmo tempo, debido ao tamaño e á complexidade das CSM e ás peculiaridades desta tese de doutoramento, as súas estruturas non deberían ser ríxidas, xa que ao longo do proceso de creación poderían aparecer máis intereses e preguntas, resultados de investigacións semellantes e novas funcionalidades e ferramentas dixitais inexistentes, descoñecidas ou non dominadas durante os primeiros momentos de preparación da tese. O principal reto para crearmos algo así desde este proxecto sobre CSM é a falta de referentes para os estadios iniciais: a base de datos e a web.

Como Giedrė Beconytė e as demais autoras do proxecto *Literatūros geografija: tekstų teritorijos ir vaizduotės žemėlapiai*[64] teñen indicado, a pesar de existir moita teoría en torno á Xeografía literaria ou, concretamente, á Cartografía literaria, case non se ten publicado nada sobre modelos de información xeográfica[65]. Estes modelos, que serían elaborados previamente aos mapas, son os que achegan a estrutura e as clasificacións que darán como resultado o mapa. Tratados correctamente, esta serie de clasificacións permitiría identificar, filtrar, relacionar ou comparar datos, así como relacionalos posteriormente cun mapa.

Na elaboración do proxecto sobre as CSM, a escaseza de modelos conceptuais ten dificultado o traballo de elaboración previa e de deseño das estruturas que se utilizarían. Para orientarnos, empregaremos como referencia a teoría arredor dos mapas e a produción científica a partir deles, tentando extraer información que nos permita elaborar un modelo previo. O *Atlas* de Moretti, xa mencionado en capítulos anteriores, é un bo alicerce sobre o que alzar o noso proxecto, mais a carencia dunha perspectiva metodolóxica provoca que non se poida partir do seu traballo para realizar o noso. Para o noso propósito, o verdadeiro punto de inicio márcao o proxecto *Ein Literarischer Atlas Europas* (LAE) do ETH Zurich, iniciado en 2006. A súa relevancia está xustificada polas publicacións do grupo —principalmente a monografía de Barbara Piatti—, os volumes editados e, especialmente, polos artigos de

63 Bushell, *Reading and Mapping Fiction*, 144.
64 Vidugirytė-Pakerienė et al., «Vilniaus Literatūra». En inglés: *Geography of Literature: textual territories and imaginary maps*.
65 Beconytė et al., «Enhanced Conceptual Model for Spatial References in Works of Fiction».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

revistas ou da súa páxina web, nos que reflexionan e dan a coñecer a súa metodoloxía, así como as solucións a problemas concretos na elaboración de mapas analíticos[66].

O equipo do LAE sistematiza e actualiza o xeito de proceder de atlas previos, tanto daqueles cunha auténtica vontade de análise (como os de Moretti), como de representación (como o de Bradbury), e de proxectos previos como o *Historical Novel Project,* o *Digital Atlas of the Regional Literature of Brazil*, o atlas de novelas do *Frankfurter Allgemeine Zeitung* e moitos outros, que non chegaron a aproveitar o potencial real da base de datos e das ferramentas en liña para a elaboración deste tipo de traballos[67]. O principal logro do equipo de Piatti é poñer o cimento daquilo que Von Ungern-Sternberg reclama: «agree on criteria, scales and methods of how to transform the literary rhetoric of space into a pictorial system»[68]. A pesar de que, baixo o noso punto de vista, isto non é posíbel sen a normalización do emprego de certo *software* e formatos de código aberto, a estandarización de códigos visuais proposta polo LAE si pode facilitar a lectura destes traballos. Queda moito até encontrar un xeito único de representar información literaria nun mapa, xa que estes proxectos acostuman diferir entre si nos obxectivos, nas ferramentas ou nas capacidades de cadansúas equipas. Con todo, podemos avanzar na procura dun sistema visual e dun modelo conceptual únicos baseándonos nas leccións e solucións do LAE e aprendendo do traballo doutros proxectos.

Ademais da limitación pola insuficiente cantidade de referentes teóricos, nas páxinas seguintes sinalaremos outras dificultades impostas polos obxectivos do proxecto. Unha delas é a vontade de crear un sistema apto para analizar a xeografía doutras obras distintas ás CSM, así como poder abordar desde ese sistema diferentes detalles da obra afonsina, como as iluminuras ou as fontes, a partir tamén da perspectiva da Xeografía literaria. Por isto, veremos que no modelo que se presenta existirán atributos *a priori* non relacionados cos lugares mencionados nas CSM, mais que serán necesarios para poder cruzar datos entre os diferentes elementos de estudo aos que dea cabida o sistema.

Por outra banda, Moretti apuntaba que na creación dun mapa debemos tentar representar unha morea de datos de xeito doado[69]. Isto non querería dicir que a súa calidade dependese da sinxeleza das súas formas, como critica Schilling, senón que, como en todo proceso de transmisión de coñecemento, debería procurarse a maior claridade posíbel[70]. Deste xeito, o mapa tería que ser comprensíbel para investigadoras con menor experiencia no manexo deste tipo de ferramentas e, ao mesmo tempo, achegarse aos proxectos útiles existentes na busca dunha maior estandarización. Aínda que Moretti se referise aos mapas, desde o noso punto de vista consideramos que podemos aplicar este criterio tamén á base de datos, principalmente porque estas serán as encargadas de fornecer a información que os mapas representarán a través de puntos.

Cos obxectivos de poder mostrar resultados en forma de táboas, gráficos e mapas e de poder cuantificalos, filtralos e exportalos, tentouse crear un sistema que devolvese resultados

66 Citamos agora a monografía e a páxina web. Moitos dos artigos ou publicacións de Bär, Hurni, Reuschel e a propia Piatti aparecerán nas vindeiras páxinas. Piatti, *Die Geographie der Literatur* e *Ein Literarischer Atlas Europas*.

67 Os proxectos que citamos son os recollidos no artigo orixinal: Piatti, Reuschel, e Hurni, «Literary Geography – or how Cartographers open up a New Dimension for Literary Studies».

68 von Ungern-Sternberg, «Dots, Lines, Areas and Words», 248.

69 Moretti, *Atlas of the European Novel, 1800-1900*, 4.

70 Schilling, «On and Off the Map», 217.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sintetizábeis e que puidesen ser interpretados a través de métodos de computación sinxelos. Para isto, após reiteradas lecturas das CSM e a identificación clara dos obxectivos xerais do proxecto, estabelecéronse unhas necesidades básicas, fundamentadas teoricamente, que despois foron transformadas en táboas e bases de datos lóxicas e comprensíbeis.

Podemos explicalo doutro xeito. En primeiro lugar decidimos que aspectos dos lugares das CSM queriamos analizar. Cumpría reflexionar sobre o motivo polo que nos interesan, os posíbeis valores que albergarían desde un punto de vista teórico e a que elementos se aplicaría este atributo. Este tema será desenvolvido nas seguintes páxinas. A continuación, traduciuse esta vontade a un sistema lóxico, de táboas, ás que se engadiron novos campos sen interese analítico, mais necesarias para o correcto funcionamento técnico. Isto será tratado no apartado 1.4.2. Finalmente, os resultados deste traballo trasladáronse a unha páxina web con formularios que permiten procurar información nunha base de datos (apartado 1.4.3). A web, ademais, contaría con distintos mapas (dos que se falará en 1.4.4) e gráficos, que non precisan dun método concreto.

Para comprender o vocabulario técnico que usaremos nas seguintes páxinas, e que pode resultar difícil de comprender para unha persoa non familiarizada co manexo de bases de datos, incluímos nos Anexos un Glosario cos termos máis habituais e máis complexos. Así e todo, xa anticipamos e explicamos dúas palabras que serán de uso habitual: «rexistro» e «campo». *Grosso modo*, estes serían cada unha das filas e das columnas (respectivamente) dunha táboa ou folla de cálculo. A delimitación de cada un destes aspectos e o modo en que se relacionan constitúe o groso do modelo conceptual.

Para organizar as seguintes páxinas, dividiremos a reflexión entre aquela parte do sistema que depende de elementos textuais, como as propias CSM ou os lugares, e aqueloutras cuxa fonte de información reside exclusivamente nas imaxes.

1.4.1.2 Análise do espazo descrito no texto

Cómpre comezar preguntándonos que trazas xerais que sexan propias dos textos das **CSM** e non dos lugares mencionados neles poderían ser interesantes para estudar estes últimos. Proxectos como *Cantigas de Santa Maria for Singers*, *Littera* (IEM, FCSH/NOVA) ou, principalmente a *Oxford Cantigas de Santa Maria Database*, acostuman incluír nas súas clasificacións o **número da cantiga**, a **tipoloxía**, os **manuscritos** aos que pertence ou, en cada un deles, os **folios** nos que se encontra[71]. Ademais, para o caso concreto das CSM, tamén sería oportuno indicar cantas **iluminuras** acompañan a cada cantiga, diferenciar a **numeración do manuscrito** da xeral, ou acompañar cada rexistro con atributos como o ***incipit*** ou a ***rúbrica***, facilitando a súa identificación. Estes serían os primeiros campos que deberiamos ter en conta na clasificación das Cantigas de cara á elaboración da nosa base de datos.

Nun segundo nivel, consideramos que sería interesante marcar aquelas cantigas nas que se fale de **viaxes e/ou peregrinacións**. Como é sabido, nos milagres das CSM abundan os romeiros e, como tentaremos demostrar no capítulo 3, consideramos que un estudo da

71 Estes e outros proxectos son mencionados no Estado da cuestión.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xeografía e dos movementos a través dos espazos xeográficos mediante datos procesados pode resultar de utilidade.

Ademais, podemos incluír outra información secundaria, xa propia dunha análise posterior dos textos, que tamén podería chegar a ser útil. Un exemplo sería a **clasificación temática** levada a cabo por Filgueira Valverde, que podería servir para limitar a busca segundo o contido de cada texto[72]. Tamén sería interesante ter en conta aquelas CSM nas que Afonso X actúa como **narrador** (protagonista ou non) afirmando coñecer os feitos que conta, por se a súa voz ou a súa presenza puidese gardar relación, por exemplo, coas localizacións dun milagre. Estes últimos campos, pese ao seu interese, aínda non están completos para todo o conxunto das CSM por falta de tempo, polo que nos limitamos a presentalos dentro do modelo conceptual e das táboas e bases de datos que veremos. Cómpre ter en conta que os elementos a estudar (as CSM, os seus lugares, cada iluminura e outros) son moi numerosos e moi ricos en posíbeis atributos a ter en conta nunha clasificación, por iso haberá moitos que sexan soamente presentados como propostas de futuro. Do mesmo modo, consideramos que tamén podería resultar moi útil engadir unha nova sección con **bibliografía** específica para cada cantiga e obras ou ligazóns relevantes para o estudo dos lugares presentes nela ou de calquera outro tipo de información espacial.

Unha vez obtidos datos suficientes sobre as CSM, é preciso reflexionar sobre o que necesitamos saber acerca dos **lugares**. Alén de información básica como o **topónimo** mencionado nas CSM, o nome que empregaremos como **referencia** ou as **coordenadas**, cómpre ter en conta outros campos como o tipo de localización e a pertenza a un territorio maior ou histórico.

A primeira clasificación dividiría os lugares segundo a súa **tipoloxía**, os posíbeis valores serían a) Edificios, b) Accidentes xeográficos, c) Localidades, d) Rexións e e) Espazos non xeográficos. Os primeiros serían, como a súa denominación indica: partes de cidades, como portos ou rúas; conxuntos arquitectónicos e partes dos mesmos (igrexas, mosteiros, abadías, adegas, habitacións e outros). Os segundos serían ríos, montañas, vales ou barrancos. O terceiro inclúe, principalmente, cidades e vilas; aínda que aceptaría comarcas ou pequenas terras, algo máis frecuente nas cantigas profanas galego-portuguesas. O cuarto valor é o relativo ás demarcacións de maior tamaño, entre as que se poden encontrar territorios ou reinos. Aquí haberá rexións e países ben delimitados, como Galiza, Inglaterra ou Bretaña e zonas sen limites claros, como Ultramar. A mestura de entidades espaciais como esta ou outras como África, Persia ou Oriente débese a cuestións prácticas e ao tratamento individualizado de cada cantiga. Finalmente, a quinta opción empregaríase con todos aqueles espazos que, desde un punto de vista contemporáneo, non se atopan na Terra, como o Ceo, o Paraíso ou o Inferno.

Para facilitar a catalogación creamos subtipos e limitamos os valores aos indicados na seguinte táboa:

72 Filgueira Valverde, «El texto. Introducción histórico-crítica, transcripción, versión castellana y comentarios».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tipo de lugar	Subtipo de lugar I	Subtipo de lugar II	
Edificio	Civil	Casa	Fortaleza, castelo ou residencia señorial
		Lugares e camiños	Outros
	Cristián	Comunidade monástica	Templo
		Outros	
	Musulmán	Templo	
	Xudeu	Barrio	Templo
	Outros		
Accidente xeográfico	Masas de auga	Mar ou océano	Río ou ribeira
	Terreo ou elevación	Monte ou montaña	
	Outros		
Localidade			
Rexión			
Espazo non xeográfico			

Táboa 1: Tipos e subtipos de lugares.

Aínda que consideremos «Rexión» calquera dos territorios do cuarto nivel, facilitamos a súa comprensión engadindo dous novos campos a cada lugar: **Rexión I** e **Rexión II**. Na primeira aparecerían as Comunidades Autónomas españolas ou as demarcacións de nomenclatura das unidades territoriais estatísticas (NUTS, *Nomenclature d'unités territoriales statistiques*) 1 e 2; mentres que na Rexión II só figurarían os estados, continentes ou conxuntos dos mesmos.

Para dotar de maior coherencia a clasificación territorial e achegar máis información, creouse outra distinción que indica a **rexión histórica**, de finais do século XIII, á que pertencía cada lugar. Isto tamén está suxeito a anacronismos, xa que nin podemos supoñer que o coñecemento da realidade xeopolítica contemporánea do *scriptorium afonsino* coincida co que actualmente temos, nin afirmar que se pretendía dar esta visión. Ademais, hai cantigas cuxa cronoloxía non era contemporánea, como a do emperador Xuliano (CSM 15). Con todo, entendemos que estes datos poderán producir resultados interesantes a través de procuras cruzadas. Dado que a base de datos estará aberta, os valores deste atributo serán completados no futuro.

Cando falemos dos lugares tamén deberemos ter en conta as **coordenadas** de cada punto, que obteremos principalmente a través de ferramentas online, mostradas en graos decimais. Xunto a elas, deberán existir outros campos que indican a **exactitude** identificando unha localización ou situándoa no mapa. Os espazos non xeográficos ou aqueles edificios dos que non teñamos máis información que a súa tipoloxía (casas, adegas ou rúas) carecerán deste tipo de datos.

A existencia de coordenadas, marcando puntos concretos no mapa, implica de novo posíbeis incoherencias ou problemas, xa que o lugar escollido por defecto por ferramentas como *GeoHack* ou, indirectamente, *OpenStreetMaps*, para marcar a presenza de, por exemplo,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

o Río Sena, non ten por que corresponderse co do lugar onde acontecen os feitos nas CSM, que é ao seu paso por París. De feito, o punto habitualmente escollido por estes servizos para este caso está máis cerca de Dijon que da capital francesa. Non se trata de que teñamos dúbidas identificando este río nas CSM ou que non saibamos exactamente onde está, senón que o punto estandarizado para localizalo non é o mesmo que o desexado para este caso. A pesar de que trataremos esta cuestión nos próximos epígrafes, para este proxecto decidimos non alterar as coordenadas predeterminadas, entendendo que poden ser útiles en caso de que se incorporen novas localizacións ou novos corpus de estudo[73].

Antes de continuar, cómpre entender que até agora estivemos a falar de lugares en xeral. Neste exemplo concreto, o Río Sena do que falamos é o que existe na realidade que compartimos coas CSM. Debemos diferenciar este espazo real dos literarios, concretamente do Sena da CSM 111 e do da CSM 134. Xeograficamente ambos son idénticos, mais quizais se diferencien en termos literarios, aos que nos aproximaremos agora na segunda parte da reflexión sobre o modelo conceptual, centrado no que chamaremos **Lugares CSM**: cada unha das localizacións de cada cantiga (diferentes entre si) con trazas literarias, e quizais tamén xeográficas, propias. Se cando falabamos de lugares había soamente un rexistro para o Río Sena, no que se refire aos Lugares CSM haberá tantos rexistros como referencias espaciais foran encontradas no conxunto da obra. Neste caso serán 2, os das xa mencionadas Cantigas 111 e 134.

Para comprender por que é necesario diferenciar «lugar» de «lugar CSM» debemos pensar nas táboas que conforman a base de datos. Na de Lugares, o Río Sena iría acompañado polos campos xa mencionados, como a súa tipoloxía e as súas coordenadas. Na de Lugares CSM, cada un dos rexistros do Sena apuntaría ao río da outra táboa, así como á CSM á que pertencen e, ademais, posuiría outros atributos que virían a definir a presenza do río nesa cantiga concreta, xa que, por exemplo, nunha podería ser a localización dos feitos e, na outra, unha simple referencia xeográfica sen importancia para o milagre.

Como podemos imaxinar, será habitual que os lugares aparezan repetidos, mais será frecuente que os atributos asociados a eles cambien, xa que a súa función no texto non ten por que ser a mesma. Para comprender algunhas destas clasificacións ou campos creados cómpre volver aos traballos do LAE, especialmente ao esquema dos cinco elementos principais dos textos de ficción, xa que esta **categoría** é unha das que ten maior impacto visual no mapa e da que dependen outras, tanto no seu proxecto orixinal como no que agora se presenta[74].

73 Procedemos a explicar este caso de modo máis claro e extenso: Tras analizar as CSM e a presenza do Río Sena nas mesmas, sabemos que este sempre aparece asociado a París. Con todo, dado que a base de datos non está pechada á incorporación doutros corpus distintos das CSM (como as súas fontes literarias ou outras cantigas medievais) consideramos que sería erróneo ligar o Río Sena a París e que convén non alterar, na medida do posíbel, os estándares creados por organizacións como GeoHack na creación de coordenadas.

74 Piatti et al., «Mapping Literature».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Termo orixinal	Versión galega	Definición
Setting	Localización	Where the action takes place (i.e. a house, a village)
Zone of action	Zona de acción	Several settings combined (i.e. a whole city, a region)
Projected space	Espazo proxectado	Characters are not present there, but are dreaming of, remembering, longing for a specific place
Marker	Marcador	A place which is mentioned, but not part of the categories above; markers indicate the geographical range and horizon of a fictional space
Route	Ruta	Along which characters are moving: by foot, by train, on horseback etc.

Táboa 2: Adaptación da táboa «Spatial elements of a fictional text» en Barbara Piatti et al., «Mapping Literature…», 185.

Esta táboa vén a representar unha opción excelente que nos axuda á hora de formalizar as análises espaciais das obras de ficción. O estabelecemento de categorías, pese aos defectos e limitacións, é unha parte fundamental no proceso de clasificación e a solución proposta polo LAE permite explorar a relación entre os lugares e as accións dos personaxes, ou a percepción das mesmas. Con todo, é necesario facer varios matices a esta proposta, xa que non sempre se pode levar á práctica tal e como se presenta.

Un dos problemas da aplicación do método do LAE é a diferenciación das categorías. Os textos das CSM son breves e non afondan na descrición de espazos, polo que as diferenzas entre unha opción ou outra son sutís. Por exemplo, na CSM 95, na que uns «mouros» atacan ao «Cond' Abran», poderiamos dicir que África está cumprindo unha función de «espazo proxectado» a partir do seguinte verso, que nos permitiría coñecer a orixe dos piratas ou o camiño que percorreron, polo que non o trataríamos como un marcador. Con todo, este tipo de clasificacións podería ser dubidoso:

> chegaron ali navios de mouros, conpanna
> que ben d'Africa vẽeran por correr Espanna
> (CSM 95, 33-34)

Outra das alegacións é a que salta á vista cando lembramos quen é o narrador das CSM. Se temos en conta que o conxunto dos poemas e que mesmo moitos deles individualmente son presentados como lembranzas ou historias que coñece o rei sabio («Per quant' eu dizer oý», CSM 29, v. 5), sería sinxelo apuntar que case todos os espazos das CSM son, en maior ou menor medida, «projected spaces». Con todo, de cara á clasificación, xa que isto é común a todas as cantigas, non prestaremos atención a esta circunstancia, aínda que como xa vimos, si indicaremos que cantigas son narradas por Afonso X na catalogación de cada unha delas.

No esquema do LAE tamén habería que sinalar a ausencia dalgúns tipos de espazo, como os «observed places» (lugares observados) suxeridos polo proxecto Vilniaus Literatūra[75]. A pesar de que este non terá especial impacto na clasificación dos lugares das CSM, enténdese que é necesario incluílo para poder falar, así, da existencia ou carencia de espazos definidos unicamente a través da ollada de personaxes.

75 Beconytė et al., «Enhanced Conceptual Model for Spatial References in Works of Fiction».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por outra banda, tamén sería conveniente facer unha subdivisión dos «markers» e crear os «marcadores simbólicos». Estes virían a sinalar aqueles lugares mencionados cuxa presenza encerra unha maior carga simbólica (incluso extratextual) do que o faría o elemento proposto polo instituto suízo. O exemplo máis claro deste tipo de lugares podemos encontralo no inicio do Códice Rico de El Escorial, cando o rei castelán se presenta a si mesmo como «Don Afonso de Castela, / de Toledo, de Leon / Rei, e ben des Compostela / ta o reino d'Aragon…» (CSM 428, vv. 1-4). A presenza destas localizacións non é casual nin comparábel coa aparición doutros *markers* con menor significado e carga simbólica, como por exemplo a mención que se fai de Roma na CSM 67: «non foi feito tan grande ben de lo tempo de Nero / que emperador de Roma foi daquela gran cidade».

Esta subcategoría sumaríase a outras si contempladas polo LAE, mais só para os Espazos proxectados: os lugares de lembranzas (1), os de soños (2), os de saudades (3), os de evocación (4) e os novos que consideramos que é necesario engadir nesta investigación; espazos da divindade (5) e escenarios históricos (6)[76].

Outra subcategoría novidosa creada para esta análise das CSM é a de «Localización-marcador». Está pensada para aquelas ocasións nas que o poema nos indique que os feitos aconteceron nun territorio e, a continuación, se mencione o lugar exacto da acción. Tomemos como exemplo a CSM 24, onde se pode ler:

> «Non pod' errar nen falecer
> quen loar te sab' e temer.
> Dest' un miragre retraer
> quero, que foi en França.
> *Madre de Deus, non pod' errar | quen en ti á fiança*
>
> En Chartes ouv' un crerizon,
> que era tafur e ladron,» (CSM 24, vv. 2-8)

Neste milagre, a localización última dos feitos é Chartres, mais Francia tamén o é, aínda que aquí funcione soamente como unha referencia xeográfica e como unha rima de «fiança», «esperança», «tardança» etc. É importante indicar que Francia é a localización, xa que isto podería implicar referencias ou connotacións culturais. Outro dos motivos polos que habería que marcar «França» como localización é por coherencia co resto de milagres, como a CSM 62, onde este estado é a única referencia xeográfica concreta que temos, a pesar de sabermos que os feitos aconteceron nunha vila indeterminada a unha «dona de França».

Os exemplos das CSM 24 e 62 son dúas claras mostras de localizacións indicadas de xeito tan xeral que poden chegar a ser comprendidas como marcadores, xustificando a creación da mencionada subcategoría «Localización-marcador». Porén, a pesar do seu interese, a aplicación desta etiqueta foi tardía e aínda restan numerosas cantigas por clasificar. Por isto, os seus resultados non serán tidos en conta neste traballo, mais si poderán ser consultadas na páxina web, que se actualizará continuamente.

76 Reuschel e Hurni, «Mapping Literature: Visualisation of Spatial Uncertainty in Fiction», 297; Piatti, Reuschel, e Hurni, «Dreams, longings, memories–visualising the dimension of projected spaces in fiction».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No lado contrario, encontrariamos os casos nos que coñecemos o nome da vila na que se localiza o milagre, así como o edificio concreto, por exemplo, na igrexa de Santa María de Terena. En moitos dos milagres localizados neste santuario portugués, tanto a cidade como o templo son mencionados como «localizacións» do texto. Aquí, de novo, volvemos etiquetar o espazo de maiores dimensións, o que abrangue o outro, como «Localización-marcador». Neste caso, ademais, diferenciaríanse polo tipo de lugar, xa que un sería un edificio e outro unha rexión.

A modo de resumo, a continuación indicamos como ficaría a nosa clasificación de categorías e subcategorías narrativas. Como veremos, non se inclúen as rutas nin as zonas de acción, por motivos que detallaremos nas seguintes páxinas:

- Localización
  - Localización-marcador
- Espazo proxectado
  - De lembranzas
  - De saudades
  - Da divindade
  - De soños
  - De evocación
  - Escenario histórico
- Espazo observado
- Marcador
  - Marcador simbólico

Outra das clasificacións complementarias que o LAE propón é aquela que denominan «**temática**». Resúltanos interesante para completar a ficha dunha localización por dous motivos: por unha banda, pola súa relación coa definición moderna de paisaxe, que exploraremos no epígrafe 4.4 «Protopaisaxes» e, por outra, polas posibilidades que ofrece para indagar na riqueza e nas funcións intratextuais das localizacións das CSM[77].

Termo orixinal	Versión galega	Significado
Simple scenery	Só escenario ou escenario simple	The scenery is theoretically replaceable, it only serves as background, and it doesn't play an important role for the story.
Thematic scenery	Escenario temático	The scenery is essential for the plot and is described plastically (portrayal of landscapes, architecture and atmosphere). Thus, the scenery is not replaceable.
Protagonistical physical	Protagonismo físico	The setting takes physical action, usually in terms of natural phenomena or natural hazard events like avalanches, landslides or floods.
Protagonistical psychological	Protagonismo psicolóxico	The setting influences the mind of the characters, for example by causing a feeling of being trapped or threatened; also positive feelings like freedom are possible.
Mythical connotation	Connotación mítica	The setting has obvious mythical ambiance or meaning.

77 Reuschel e Hurni, «Mapping Literature: Visualisation of Spatial Uncertainty in Fiction», 296.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Termo orixinal	Versión galega	Significado
Allegorical, symbolical connotation	Connotación alegórica ou simbólica	The setting has an obvious metaphoric or symbolic connotation.

Táboa 3: «Setting attributes describing function and meaning of literary space». Reuschel, Piatti, e Hurni, «Modelling Uncertain Geodata…», 148. Reprodúcese a táboa exactamente como no artigo orixinal, a excepción da primeira liña e a primeira columna.

As últimas achegas do LAE para este traballo son as que teñen que ver coa relación entre espazo textual e espazo xeográfico (***geospace***). Máis adiante falaremos dos problemas de interpretación e representación dos lugares incertos ou dubidosos ao querer adaptalos ao mundo que coñecemos, mais agora veremos como tratar a relación que o universo creado polas CSM garda coa realidade xeográfica do seu momento. Seguindo a Reuschel e Hurni, os lugares poderán ser importados («imported»), se son levados á obra tal e como se perciben no mundo real; transformados («transformed»), se sofren algún tipo de modificación, como mudanzas de localización ou do topónimo; inventados («invented»), se son creados a partir dunha realidade xeográfica familiar; imaxinados («imagined»), se nin sequera pertencen ao noso mundo; sintetizados («synthesized places»), se un terceiro lugar nace, dentro do texto, da mestura doutros dous e, finalmente, movidos («shifted places»), se un lugar que xa existe é desprazado a outra localización nun contexto xeográfico distinto. Engadimos a estes os espazos divinos, entendendo que, a diferenza dos imaxinados, si gozan dun contexto e pertencen a *unha* realidade que, con todo, tampouco é a do mundo palpábel e coñecido dos lugares importados.

Desde unha perspectiva semellante, mais relacionada estritamente coa creación de **mapas**, incluímos un novo campo que clasifica os lugares segundo se poden aparecer ou non nas nosas representacións. O seu obxectivo é, principalmente, facilitar o emprego da base de datos, obviando todos aqueles rexistros que poderían non ser interesantes ao descoñecermos a súa localización.

Deste xeito, diferenciamos os lugares entre tres posíbeis valores que se poden agrupar como «xeográficos» —localizacións que pertencen á Terra e que potencialmente poderían ser representadas no mapa— e «non xeográficos» desde un punto de vista contemporáneo e científico, é dicir, aquelas como o Inferno ou o Paraíso. Os primeiros divídense, ademais, en «localizábel», se coñecemos as súas coordenadas, e «non localizábel», se nin sequera somos capaces de aproximarnos a elas. Entre estes, por exemplo, inclúense casas ou outros edificios que rexistramos, a pesar de que son «inventados» e a cantiga non os sitúe en ningures.

Agora que mencionamos o *geospace* e a súa relación co texto, cómpre advertir que nesta clasificación das CSM non se realizará un estudo toponímico, debido a que a meirande parte das localizacións coñecidas manteñen actualmente o seu nome e, das descoñecidas, non contamos con información abonda para levar a cabo tal estudo. En calquera caso, ao longo do traballo faranse apreciacións deste tipo cando corresponda e a base de datos queda tamén aberta a futuras incorporacións.

Até o de agora, o interese dos atributos descritos residía só nos lugares individuais, mais existen categorías máis complexas e moi relevantes nas CSM: as **viaxes**. Estas foron sinaladas ao falarmos das rutas presentadas polo LAE, mais cómpre realizar novas modificacións sobre

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a táboa 2. Neste traballo, as «routes» e as «zones of action» non se entenderán ao mesmo nivel que os «settings», «projected spaces», «markers» e as demais novas tipoloxías propostas. Estas últimas son individuais e válidas por si mesmas, xa que en canto encontramos un lugar que se corresponde cunha destas categorías, poderiamos indicalo, analizalo e representalo no mapa como tal. Pola súa banda, as rutas e as zonas de acción son en realidade un conxunto de rexistros, polo que non poderiamos equiparalos no mesmo campo da base de datos. No seu defecto, marcaremos tanto aquelas cantigas nas que se produza unha viaxe (como xa vimos), como cada un dos lugares que forma parte dun desprazamento.

Unha viaxe sería un traxecto entre dous ou máis puntos, coñecidos ou non, percorrendo unha distancia considerábel. De representalas, fariámolo a través de liñas rectas, cuxa intensidade ou opacidade no mapa variaría dependendo da nosa certeza sobre o traxecto realizado. A dificultade de empregar estas formas, como apuntan no proxecto *Mapping the Lakes*[78], é que «the straight line methodology fails to represent the particularised geo-specific movements recorded by writers in their textual accounts of place»[79]. Como se explicará máis adiante, hai frecuentes carencias de información concreta no estudo de calquera obra literaria, algo que se acentúa nas CSM, onde viaxes de centos de quilómetros poden ser resumidas en poucos versos.

Para marcar as viaxes creamos un campo específico nos rexistros de cada CSM, como dixemos ao inicio deste apartado. Para os lugares que forman parte desta ruta indicaremos a **orde** de cada un deles e, ademais, marcaremos aquelas ocasións nas que actúen como **punto de inicio e/ou de fin do traxecto**, tal e como fai Moretti no seu *Atlas*.

En relación coas viaxes, estabelecemos outro campo semellante dedicado ás **peregrinacións** e romarías, é dicir, aqueles desprazamentos longos cuxo destino é un santuario. Como veremos, a marcaxe de viaxes e peregrinacións pode ser controvertida, xa que nas CSM encontramos, por exemplo, numerosos traxectos con destino a igrexas (especialmente nos últimos versos dos milagres) e estas non sempre implican unha viaxe ou un desprazamento porque só se indica o desexo ou a vontade de levala a cabo. Por isto é importante recordar que a información extraída destes datos non pode ser empregada para facer análises polo miúdo, senón tomando as CSM como un conxunto.

As viaxes son os acontecementos nos que con maior facilidade podemos encontrar outro dos elementos narrativos fundamentais, ao que até o de agora non se lle prestou atención: o **tempo**. Nos seguintes capítulos afondaremos neste concepto, mais neste apartado metodolóxico debe advertirse xa que o mapa das CSM non contará con información temporal, non porque a *durée*, tal e como a definía Bergson, non poida ser inserida na desexada representación, senón pola escasa información que atopamos nos textos e pola dificultade de obxectivizala e unificala. Sabemos, por exemplo, que a Emperatriz protagonista da CSM 5 pasou tres meses en romarías antes de entrar en Roma, ou que ao cabaleiro da 155 levoulle dous anos poder coller auga, mais non sería posíbel plasmar isto de xeito uniforme nunha base de datos.

Unha das obras referencias na elaboración de todas estas clasificacións é *La mesure du monde*, de Paul Zumthor. A partir dalgunhas analoxías presentadas polo académico francés

78 Cooper e Gregory, «Mapping the English Lake District: A Literary GIS».
79 Mapping the Lakes: A Literary GIS, «Research Outcomes».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

creamos novos campos para diferenciar os lugares e transformar a información das CSM en datos sintéticos. Entre elas están as de «**aberto**» e «**pechado**», por un lado, e «**dentro**» e «**fóra**», por outro[80]. A primeira distinción diferenciará os espazos segundo a súa condición de interior ou exterior con respecto a un edificio e a segunda basearase na cidade e nos lugares seguros. Desta forma, as rúas dunha vila serán «abertas» e estarán «dentro», e as covas serán «pechadas» e estarán «fóra».

Ao referirse aos mapas ou *maplike objects* medievais[81], o historiador Alfred W. Crosby entende que estes eran un «nonquantificational, nongeometrical attempt to supply information about what was near and what was far —and what was important and what unimportant. It was more like an expressionist portrait than an identification photo. It was for sinners, not navigators»[82]. Esta última frase tennos levado a pensar que, se ben as CSM non pretenderían ser un «mapa para os pecadores», quizais certas trazas dos seus personaxes ou o seu comportamento poidan estar condicionados pola súa procedencia xeográfica. Pensamos que resulta conveniente introducir novas categorías nas que se identifique o **acontecemento principal** de cada cantiga e se poña en relación co lugar no que se produce, ou nas que se poida identificar o tipo de **personaxe protagonista**, o «pecador» do mapa que conforman. Con todo, esta idea aínda non foi desenvolvida en profundidade, polo que simplemente nos limitamos a indicar que será un dos camiños a percorrer no futuro.

Unha das últimas clasificacións feitas para o modelo conceptual dedicado aos lugares do texto ten que ver co **valor** de cada elemento espacial en cadansúa cantiga. Cómpre diferenciarmos aquelas localizacións realmente relevantes para a historia ou para a nosa comprensión das ideas xeográficas do *scriptorium* afonsino, daqueloutras que foron colocadas soamente por cuestións estéticas ou poéticas. Por outra banda, nalgunhas CSM temos varias referencias a un mesmo lugar que, *a priori*, poderían ser distintos, mais non o son. Volvemos ao anterior exemplo das cantigas de Terena, nas que ás veces soamente encontramos mencións á igrexa, noutras apenas á vila e noutras a ambas. Desde unha *distant reading* podemos achar que estamos ante dúas localizacións distintas, mais nalgúns casos a vila é nomeada só para referirse á igrexa. Ademais da función, o campo «valor» tamén sería o encargado de dicirlle á lectora ou ao Sistema de Información Xeográfica (SIX ou *GIS* nas súas siglas en inglés) que non preste a mesma atención nin represente coa mesma intensidade os dous rexistros, evitando, así, que se sobredimensionen algúns lugares.

O valor tamén estará condicionado pola función que cumpra cada elemento espacial no relato, sendo máis importantes os «settings» que os «markers». Os «projected spaces» deberán ser analizados particularmente. Tamén poderiamos ter en conta o lugar que ocupa dentro de cada verso, podendo chegar a ter menos relevancia para nós se ocupa unha posición de rima. Por iso, outro dos criterios, que supón unha clasificación en si mesma, é o da **rima**. A calidade das CSM e as capacidades dos seus compositores non deben facernos esquecer que, en moitas ocasións, os trobadores teñen xogado coas palabras en prol do ritmo e a métrica dos seus versos. A posibilidade de filtrar palabras de acordo con este criterio permitirá encontrar rapidamente os casos nos que isto acontece, como na CSM 7, na que «Bolonna», «Colonna»,

80 Zumthor, *La medida del mundo*, 58-61.
81 Harley e Woodward, *Cartography in prehistoric, ancient, and medieval Europe and the Mediterranean*.
82 A referencia da cita de Alfred W. Crosby é *The Measure of Reality*, 40.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«Sanssonna» e «Onna» non están colocadas pola súa importancia xeográfica, senón pola sonoridade do verso.

A pesar de que se parte de criterios medianamente obxectivos, a medición do valor de cada elemento será subxectiva, pero manexando os devanditos criterios e a análise particular da relevancia de cada rexistro na súa cantiga. O resultado será un número natural e sen decimais entre 0 e 2.

Cómpre anotar que campo «Valor» está pensado soamente para un mapa no que todas as cantigas son mostradas simultaneamente. Por tanto, os criterios teñen que ver coa relación entre ficción e realidade en termos xeográficos, a importancia para o texto e o desexo de facilitar a comprensión do obxecto creado. Deste xeito, se se desexa, o mapa poderá ofrecernos unha visión na que se salienten as localizacións principais e na que, seguindo un dos exemplos anteriores, «Terena» (a vila) e a súa «eigreja» non aparezan como dous elementos —aínda que sexan dous rexistros—, senón como un.

Para finalizar, debemos dedicar un pequeno apartado ao **tratamento da información dubidosa**, como é habitual na meirande parte dos proxectos de Cartografía literaria, debido á dificultade deste aspecto e á imposibilidade de atopar un estándar adecuado[83]. Para comezar, recorreremos de novo ao proxecto do LAE, que clasifica desta forma as incertezas:

Concepto	Definición
Ambiguity	where geometry data are tied to linguistic expressions (e.g. ‘‘close’’ to a city, one of the neighbouring islands)
Averaging	where discrete geometry data are actually an average of time or scale-varying geographical descriptions (settings combined to form a zone due to the given scale e.g. various places in a town combined to form the town as a zone)
Continuousness	when geometry data are difficult to define because the measurements of an entity produce a gradient (e.g. the start of a setting in general, the start of a mountain, the border of a landscape, etc.)
Subjectivity	when geometry data are defined by adding an amount of interpretation rather than pure facts (e.g. characters passing through a city on a route not mentioned)
Vagueness	when poor definitions of a class of objects or individual objects do not allow a clear distinction of geometry data (e.g. a house downtown, as well as a house in a specific country)

Táboa 4: Conceptos relacionados coa incerteza apuntados por varios autores e recollidos en Reuschel, Piatti, e Hurni, «Modelling Uncertain Geodata for the Literary Atlas of Europe»[84].

Unha das ocasións máis claras nas que a localización é o resultado medio —«averaging»— doutras que se nos dan antes, é o caso da Foggia da CSM 136, estudada por Molina López[85], na que a través do texto e as imaxes acabamos por obter unha zona que equivalería a unha parte da mencionada cidade italiana. Seguindo coa táboa anterior, na procura de situacións de continuidade, miraremos, por exemplo, todas aquelas cantigas que

83 Alén da cuestión literaria, son especialmente interesantes os traballos de Peter F. Fisher, «Models of uncertainty in spatial data» e «Approaches to Uncertainty in Spatial Data», e o de Water e Evans, «Tools for web-based GIS mapping of a “fuzzy” vernacular geography». Xa no eido da cartografía literaria, unha vez máis, é conveniente nomear «Modelling Uncertain Geodata for the Literary Atlas of Europe», de Anne-Kathrin Reuschel, Barbara Piatti e Lorenz Hurni.

84 Piatti e Hurni, «Mapping the Ontologically Unreal – Counterfactual Spaces in Literature and Cartography».

85 Molina López, «El valor de la ciudad como fuente documental en las Cantigas Historiadas de Alfonso X el Sabio».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

falan de viaxes no *mar*, nas que supoñemos os avances e o rumbo do barco, mais descoñecemos a posición dos protagonistas do relato. A subxectividade da información xeográfica é tamén algo presente, que podemos ver en moitas cantigas quinquenais, nas que se narran viaxes das que descoñecemos a ruta exacta. Os casos de «vagueness» son quizais os que máis rapidamente podemos sinalar, pensando en todas as casas ou cárceres das que descoñecemos, por completo, as coordenadas. Estas clasificacións son interesantes principalmente por como nos permiten reflexionar sobre as CSM desde outro punto de vista. Con todo, non conseguimos introducilas dentro dun sistema lóxico de bases de datos e mapas, polo que relegaremos a súa exploración para máis adiante.

Chegados a este punto, habería que reflexionar sobre a relevancia de coñecer estas **incertezas** a través da base de datos e a necesidade de mostralas adecuadamente no mapa ou diferencialas na páxina web. Para comezar, deberiamos ter en conta que, en termos xerais, no estudo das CSM a xeografía non interesa desde un punto de vista individualizado nin urbano, é dicir, non analizaremos vilas ou pequenas rexións nin o movemento dos seus personaxes en espazos limitados.

Por outra banda, despois dunha primeira lectura das CSM xa poderiamos afirmar que o número de lugares inventados é practicamente imperceptíbel e, para os casos de identificacións dubidosas, a explicación textual dos resultados é máis pertinente que a visual (o mapa). Isto, sumado á dificultade técnica e teórica de dar solución aos problemas de incertezas nas CSM, provocará que limitemos ao máximo as opcións para este tema no modelo conceptual.

Como xa se indicou ao falar dos lugares xeográficos (páxina 25), normalmente optaremos por introducir as coordenadas xenéricas de cada localización, desprezando algúns tipos de información dubidosa por defecto e centrándonos simplemente en localizar un elemento. Para os casos nos que teñamos dúbidas da relación entre as coordenadas (a percepción xeográfica actual) e o lugar, creamos o campo «Exactitude», que servirá, por exemplo, para aquelas ocasións nas que sabemos que existía un edificio na zona, aínda que non exactamente onde.

Para as clasificacións de Lugares CSM, combinaremos os atributos xa presentados cun campo semellante ao anterior: «Dúbidas», que indicaría que non temos certezas da identificación que facemos.

1.4.1.3 Análise do espazo escrito en imaxes

Unha vez definido o modelo conceptual empregado para a análise textual, cómpre achegarse ao espazo que se pode contemplar. Este posúe unha característica que, ademais das evidentes, fai que dificilmente poidamos aplicar todos os criterios presentados até o de agora. Trátase dunha incerteza aínda maior derivada da dificultade de identificar lugares nas iluminuras.

Por unha banda, non sempre poderemos aseverar a importancia dos elementos que vemos nas imaxes. Esta, por suposto, é a tarefa de quen as analice, mais o resultado da análise de cada unha ou de cada grupo de iluminuras debe comprimirse en poucas palabras que sexan comprensíbeis para a usuaria da base de datos, sen que teña que acceder a estudos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

individualizados sobre cada un dos elementos clasificados para comprender os criterios de busca, o que revertería o funcionamento da ferramenta, limitando a súa utilidade.

Mesmo en caso de encontrar un xeito de solucionar este obstáculo, continuariamos encontrando unha considerábel cantidade de elementos visuais dos que non poderiamos calcular a súa achega á realidade xeográfica. En casos excepcionais como a viñeta «b» da CSM 107 (figura 28, páxina 96) identificamos claramente o acueduto de Segovia, mais na meirande parte das outras representacións urbanas, dificilmente podemos asegurar que a vila que observamos se corresponde co topónimo mencionado no texto. Sobre este tema reflexionaremos no capítulo 3.3 (páxina 96).

Por tanto, cómpre preguntarse como limitar a identificación de localidades nas iluminuras. Se é unha copia das mencionadas no texto, estariamos duplicando os contidos da base de datos, e se os limitamos só a aquelas que coñezamos con certeza, soamente sería válida para unhas poucas miniaturas.

Por outra banda, a partir do texto recompilamos elementos espaciais que inclúen rúas, edificios, vilas ou rexións, entre outros. O corpus está ben delimitado, xa que se refire soamente a aquilo mencionado directamente no texto, mais nas imaxes, de novo, moveriamonos entre marxes máis incertas. Por isto cómpre crear etiquetas sinxelas e fáciles de distinguir, tanto para quen clasifica as iluminuras, como para quen vaia procuralas despois. Así, optamos por empregar tres categorías diferentes, que se suman á posibilidade de localizar lugares concretos naqueles casos nos que se poida garantir a identificación.

O primeiro campo sería compartido co xa explicado anteriormente, resumido na táboa 1: o **tipo de lugar**. A pesar de que certos valores, como «Rexión», non serán útiles, poderemos empregar as clasificacións de edificios e accidentes xeográficos, cuxa identificación non debería supor complicacións teóricas.

Nun nivel de comprensión menos sinxela, creamos o campo chamado **Trazas da iluminura**, que reúne clasificacións de percepción máis abstracta, así como atributos menos relacionados entre si. Resumimos os seus valores na seguinte táboa:

Traza da iluminura	Definición
Contorna natural	Presenza de elementos naturais, como plantas, animais, diferentes tipos de solo, fontes, montañas, camiños ou outros.
Contorna protagonista	A contorna actúa na acción de algún modo, por exemplo, ao desaparecer o vento e facer que os barcos non poidan moverse.
Exterior	A iluminura pode mostrar un espazo interior (dentro dun edificio), exterior (fóra) ou unha combinación de ambos.
Interior	
Intramuros	Localización no interior dunha vila.
Paisaxe rural	Clasificación importada da tese de Chico Picaza, que chama paisaxes rurais a «aquellas composiciones de escenografía de exterior que reflejan un extenso repertorio de accidentes geográficos y tipos de vegetación, y en las que no aparecen edificaciones o si lo hacen, no son más que una referencia secundaria dentro del conjunto» e urbanas ás «miniaturas cuya escena se desarrolla en un exterior siempre relacionado con la ciudad, ya sea ante las puertas de sus murallas o en el interior de sus calles y plazas».[86]
Paisaxe urbana	

86 Chico Picaza, *Composición pictórica en el Códice Rico de las Cántigas de Santa María*, 195 e 235.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Traza da iluminura	Definición
Sen presenza humana	Iluminuras nas que non se observan humanos.

Táboa 5: Valores do campo Trazas das iluminuras.

Finalmente, a última das categorías, única das iluminuras, é a correspondente aos **elementos visíbeis**, que clasifican aqueles seres e obxectos de relevancia que podemos apreciar facilmente en cada viñeta.

Elementos visíbeis	Definición
Afonso X	Presenza de Afonso X.
Animais	Presenza de animais maioritariamente clasificados por tipos de taxonomías. Optamos por este modo de ordenalos co fin de non crear demasiados valores que puidesen entorpecer a ferramenta, así como para evitar identificar incorrectamente algunhas especies. A meirande parte das opcións fan referencia á familia á que pertencería o animal, aínda que noutros casos optamos por outras clasificacións, como no caso dos insectos ou das aves. Ademais, incluímos a opción «outros», para aqueles peculiares cuxa presenza é difícil de advertir, como o xabaril da CSM 148.
Aves	
Bóvidos	
Cánidos	
Équidos	
Félidos	
Insectos	
Outros	
Peixes	
Elemento sobresaínte	Un elemento, como unha man, un pé ou a proa dun barco, que rompe os límites do marco da viñeta, ocupando espazo do folio, do *titulus* ou da iluminura lindeira.
Imaxe de Santa María	Xa que se trata dun obxecto recorrente na obra e que actúa ás veces como personaxe, decidimos incluír na base de datos das iluminuras aquelas viñetas nas que aparece a imaxe da protagonista das cantigas.
Outros seres	Seres non humanos e non pertencentes ao reino dos animais.
Plantas	Plantas visíbeis na iluminura. Incluímos aquelas de tamaño medio ou grande, como flores ou árbores, mais non pequenas herbas.
Santa María	Presenza de Santa María, Xesucristo ou outros seres non humanos. Agrupamos a santos, demos e anxos para non entorpecer as opcións dentro da ferramenta.
Santos, demos ou anxos	
Xesucristo	

Táboa 6: Valores do campo Elementos da iluminura.

Merece unha mención especial a incorporación dos «elementos sobresaíntes» a este campo. A pesar de que a tipoloxía deste valor non se corresponde coa do resto, entendemos que esta categoría é a máis adecuada para incluír este tipo de elementos que aparecen por fóra da viñeta á que pertencen, xa que é a única que depende exclusivamente do que vemos. A idea de clasificar isto parte do paxaro da CSM 103, que canta o Paraíso desde fóra do cadro onde están o monxe e a árbore na que se pousa o animal. A presenza de determinados elementos nas iluminuras pode axudar a acceder a elas, clasificalas e, restrinxíndonos aos obxectivos desta tese, comprender como é creado o espazo pictórico nas CSM, tanto a través de trazas xerais, como daquelas partes que o conforman.

Nas clasificacións presentadas, cada un dos valores escollidos responde a diferentes posibilidades de representación do espazo, xa que as plantas poden levar a contornas naturais,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mais ser utilizadas como tropos visuais para falar da Virxe; os animais, pola súa banda, poden servir para falar de ambientes rurais ou perigosos, por exemplo; os seres non terrestres permitirían explorar a relación entre o mundo dos humanos e o das criaturas divinas e, finalmente, a presenza de Afonso X permitiría poder achegarse á presenza do autor na súa obra e nos espazos creados para ela.

Con todo, como se pode ver, non se tiveron en conta os barcos (a súa presenza podería ser rastrexada a partir de localizacións marítimas), as armas (permitirían procurar espazos de conflito), obxectos da vida cotiá ou outros elementos que poidamos imaxinar e que puideran ter sido interesantes. Non se priorizaron porque non conectaban cos eixos principais da investigación para a tese de doutoramento ou porque, como no caso dos barcos, poderían ser substituídos por criterios de busca alternativos. De todas formas, o proxecto está en ampliación continua e non descartamos engadir estas opcións no futuro.

Finalmente, entendemos que outras clasificacións que deben aparecer nun estudo de iluminuras medievais como este, a pesar de que non teñan relación co espazo, a xeografía ou mesmo coa propia iluminura en si, son a presenza de **títulos** sobre as imaxes, a súa posición na disposición xeral do folio e o seu **estado de conservación**. Estes campos tampouco gardan unha relación estrita co tema da tese, mais poden ser útiles para achegarse ás iluminuras. Os posibles valores que pode tomar este atributo veñen explicados na seguinte táboa:

Estado de conservación	Definición
Acabada	A iluminura contén todos ou practicamente todos os elementos, polo que a consideramos acabada.
Bo	Todos os elementos presentes poden diferenciarse perfectamente.
Aceptábel	A pesar de que hai partes que non se distinguen correctamente, podemos ler o conxunto da imaxe.
Malo	Dificultade para diferenciar o conxunto da iluminura ou partes concretas desta, podendo entorpecer a súa lectura.
Inacabada	Existen numerosos elementos de importancia sen realizar.
Só o cadro	Tan só foi realizado o cadro no que estarían inseridas as imaxes.
Perdida	Non conservamos o folio da iluminura.

Táboa 7: Valores do campo Estado de conservación da iluminura.

Como se pode comprobar, tanto no que respecta ás imaxes, como ás CSM e aos seus lugares, tratamos de trazar un modelo conceptual ambicioso, cuxas dimensións exceden as posibilidades desta tese de doutoramento, dado que os rexistros que permiten as Cantigas son moi numerosos e os atributos, ademais de abundantes, exixen ás veces análises complexas. Somos conscientes, por tanto, de que non será posíbel completar pronto o proxecto, mais achamos que é importante contar cun modelo conceptual amplo, modular e aberto, que permita engadir información co paso do tempo, que non sexa dependente da información futura e que, ao mesmo tempo, poida mostrar xa os datos que posúe contando só cun número limitado de rexistros e campos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.4.2 Táboas e base de datos

Unha vez que a teoría e as necesidades do sistema conceptual fican claras, cómpre crear a estrutura lóxica que conteña e organice a información, e que a relacione para dar lugar a unha base de datos útil que sirva para o uso persoal e para a creación da web e dos mapas. Co fin de explicar como traducir o anterior modelo en datos sintetizados, a continuación presentamos cada unha das táboas creadas cunha explicación de todos os seus campos e o modo en que se relacionan entre si.

Como xa dixemos, non se trata dunha práctica habitual neste tipo de proxectos, que acostuman mostrar unicamente os resultados do seu traballo ou as características máis salientábeis das últimas etapas metodolóxicas. As táboas que ocuparán as seguintes páxinas están «ocultas» e dificilmente poderían verse como resultados, xa que no seu interior abundan elementos por definir ou campos por agora sen completar. Algúns son froito de funcionalidades moi recentes e outros daquelas que foron abandonadas por non devolver resultados de interese e que aínda non foron eliminadas[87].

Entendemos que é conveniente reflexionar sobre as ferramentas creadas e empregadas, así como sobre os modelos usados para crear os nosos mapas e a web, xa que estes son propios de cada proxecto[88]. A pesar de que o habitual sería delegar as tarefas técnicas a especialistas dos eidos da Xeografía ou a Informática, achamos que para a persoa encargada da parte teórica e investigadora é conveniente coñecer e achegarse a estas prácticas. Non se trataría de deixar de contar con persoas doutros campos, senón de esvaer as fronteiras de cada especialidade e permitir unha comunicación e un fluxo de traballo máis flexíbel e interconectado, tal e como defenden as Humanidades dixitais. Con este fin presentamos a parte máis privada de todo este proxecto, para que poida ser observada, discutida e, no mellor dos casos, reutilizada tanto por aquelas persoas que desexen crear, en primeira instancia, iniciativas semellantes, como por aqueloutras con perfís técnicos que as tenten axudar.

De novo, cabe advertir sobre o estado en que presentamos a base de datos. Entendendo que se trata dun proxecto dixital, que permite actualizacións e modificacións frecuentes sen afectar a capacidade das usuarias para a consulta e extracción de datos, e que o corpus seleccionado é demasiado amplo, decidiuse presentar un traballo en progreso e, por tanto, inacabado. A este seguiráselle dedicando o esforzo necesario após a conclusión deste momento inicial da investigación que supón a tese de doutoramento.

Nas seguintes páxinas explicaremos o procedemento de creación da base de datos, as tipoloxías de campos seleccionadas para cada criterio explicado anteriormente, novos atributos que será necesario engadir por motivos técnicos e outros detalles para a organización dos case 6000 rexistros diferentes. Unha vez máis, encontraremos ideas sen explorar ou das que aínda non se obtiveron resultados, así como campos provisionais produto das diferentes remodelacións das táboas, cuxa información será trasladada ou aproveitada en futuras versións.

Como se pode advertir, o que se mostrará a continuación é a primeira versión dos aspectos internos do traballo, sen ocultar os erros ou as ideas sen desenvolver. Entendemos que debe ser feito así, tendo en conta o tipo de traballo que realizamos e a necesidade de

87 Beconytė et al., «Enhanced Conceptual Model for Spatial References in Works of Fiction».
88 Pons, *El desorden digital*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

expoñer á crítica tamén aquelas ideas que aínda non puideron ser desenvolvidas. Non comprendemos o proceso investigador doutro xeito. Por iso, é necesario anotar que este *work in progress* está formado por etapas moi diferentes e que a información que se mostrará agora non será exactamente a mesma que se encontre na base de datos. Para que isto se poida comprender correctamente, é necesario que expliquemos o proceso de traballo no tocante á extracción de datos.

En primeiro lugar, temos as táboas nas que extraemos a información en bruto e que funcionan como un borrador, como a que observamos na figura que veremos a continuación, a número 3. Estas táboas, que son en realidade follas de cálculo, conteñen numerosa información, pero que resultaría redundante nunha base de datos. Usámolas pola súa rapidez, porque non necesitan software complexo (o que permite que se poidan editar en distintos dispositivos) e porque son moi flexíbeis, xa que é posíbel borrar ou crear novas columnas (campos) rapidamente.

Estas táboas non se poden relacionar entre si e tampouco permiten a realización de consultas, xa que non constitúen unha base de datos. Por iso, unha vez que non van sofrer moitas máis modificacións, é necesario transformalas en táboas que si poidan formar parte dunha base de datos. Concretamente, naquela que vemos na figura número 4. Nela, pode verse a mesma información que na número 3, aínda que agora contida na aplicación *Oracle SQL Developer*.

No noso caso, foi moi habitual realizar transicións entre os sistemas das figuras 3 e 4. Por iso, aquelas persoas cun ollo experto, xa se terán decatado de que na figura 3 poden observarse algún valores propios das relacións que exixen as bases de datos, por exemplo no campo Lugares.

Unha vez que todas as táboas foron trasladadas á base de datos cómpre levar a cabo unha serie de tarefas de índole máis técnica nas que non nos deteremos agora. Algunhas delas son a definición dos campos, a creación de chaves primarias e secundarias, o estabelecemento de relacións ou a imposición de restricións. Unha vez feito isto, outro paso importante é a normalización da base de datos relacional, que consistiría en fraccionar as táboas noutras máis pequenas co fin de optimizar o sistema e suprimir dependencias erróneas entre atributos. Xa que isto é algo máis avanzado, que podería dificultar a comprensión da metodoloxía e que tampouco é necesario para traballar neste proxecto, obviaremos esta serie de cuestións.

Así e todo, unha vez que a base de datos relacional foi creada, é posíbel realizar consultas sobre ela. Estas consultas, que poderiamos entender como buscas, devólvenos, por un lado, datos, que serán útiles nas nosas análises e, por outro lado, novas táboas, que usaremos para crear a web e os mapas.

Sería lóxico cuestionarse por que partimos de táboas para crear novas táboas. O motivo é sinxelo: Cando falabamos das follas de cálculo nas que extraïamos a información, esta almacenábase en grandes números, á vez e sen restricións. Algúns destes problemas soluciónanse coa base de datos, mais aquí seguimos posuíndo moita información que non é sempre precisa. Por exemplo, para crear un mapa de viaxes e peregrinacións, non necesitaremos a maioría dos atributos dos que falamos ao explicar o modelo conceptual. En cambio, como veremos, cando se crea a web é preciso manexar moitos destes datos e mesmo engadir algúns exclusivos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 3: Captura de pantalla da táboa de extracción de datos para os Lugares CSM. Data: xaneiro de 2021. Pode consultarse con maior calidade en <https://oslugaresdascantigas.gal/proxecto/tese/anexo-imaxes/>.





Figura 4: Captura de pantalla da táboa de Lugares CSM, previa normalización, na aplicación *Oracle SQL Developer*. Data: xaneiro de 2021. Pode consultarse con maior calidade en <https://oslugares-dascantigas.gal/proxecto/tese/anexo-imaxes/>.

Deste modo, a base de datos permítenos crear as táboas que necesitemos. Así, recorreremos sempre a ela se no futuro queremos novos mapas ou incluso cambiar por completo o sistema da páxina web.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por iso, o seu valor non reside unicamente na súa capacidade de organizar a información e permitir a actualización continuada da mesma, senón en que nos permite relacionar e cruzar rexistros entre táboas. Isto condiciona o modo en que a deseñamos, xa que grazas a esta característica podemos dividir os contidos e unilos só cando os necesitemos, así como engadir novos no futuro. Isto é o que coñecemos como unha base de datos relacional, cuxo funcionamento simplificado podemos explicar a figura 5. Nela podemos observar dúas táboas que conformarían unha base de datos. A de lugares estaría relacionada coa de CSM a través dun identificador común, que permitiría realizar unha consulta na que, nunha terceira e nova táboa, se importen os campos de ambas as anteriores tendo en conta que se debe dar a condición de que os campos relacionados («ID-CSM» e «CSM») sexan idénticos. Así, como vemos na figura, poderiamos importar a unha nova táboa o número da cantiga, os lugares e o *incipit* grazas ao empregado das chaves principais (aqueles campos que neste exemplo comezan con «ID-»). En caso de que algúns dos conceptos que estamos a manexar agora, así como outros que tocaremos máis adiante, non se comprendan, contamos cun Glosario nos Anexos onde os definimos brevemente.

Por estes motivos, como vemos, os campos das táboas e da base de datos da que falaremos neste epígrafe non se corresponden exactamente coa información almacenada na web ou nos mapas, xa que alí só trasladamos información seleccionada e seguindo os formatos e estruturas adecuados. Por iso, tal e como se explicará no epígrafe 1.4.3, deberemos diferenciar entre a base de datos que manexamos internamente, da que falaremos agora, e aquela que poñemos a disposición pública no portal en liña.



ID-CSM	Incipit
CSM-001	Des oge mais quer' eu trobar
CSM-002	Muito devemos, varões,
CSM-003	Mais nos faz Santa Maria

ID-Lugar	CSM	Lugar
LUG-001	CSM-001	Beleem
LUG-002	CSM-001	Ultramar
LUG-003	CSM-002	Toledo
LUG-004	CSM-003	Espanna

ID-Lugar	CSM	Lugar	Incipit
LUG-001	CSM-001	Beleem	Des oge mais quer' eu trobar
LUG-002	CSM-001	Ultramar	Des oge mais quer' eu trobar
LUG-003	CSM-002	Toledo	Muito devemos, varões,
LUG-004	CSM-003	Espanna	Mais nos faz Santa Maria

Figura 5: Simplificación de relación 1 a varios.

A figura 6 é un esquema sintetizado das relacións entre as táboas empregadas neste proxecto. Para simplificar o seu deseño, obviamos a xa mencionada normalización das base de datos e tamén se eliminaron case todos os seus campos, que veremos a continuación,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

deixando soamente o identificador principal, o identificador que as relacionaría con outras táboas, e un atributo a modo de exemplo.




Figura 6: Simplificación do modelo relacional das táboas principais do proxecto sen normalizar.

Como se pode ver, «CSM» e «Lugares» son os obxectos máis referidos, xa que conteñen información fundamental que precisan o resto de táboas. Só a primeira inclúe datos tan relevantes como poden ser a numeración, os manuscritos, o *incipit* ou a tipoloxía de cada CSM, mentres que a segunda é a única que posúe as coordenadas, o topónimo actual ou a clasificación de cada lugar. A través dos identificadores, as demais táboas relaciónanse con elas para obter esta información, de modo que esta non se repite e, en caso de ser preciso, só tería que ser modificada unha vez. Ademais, ao engadir novas análises, como as Fontes das CSM e os seus lugares, só haberá que conectalas a través dos devanditos códigos.

No exemplo da figura observamos algunhas das tipoloxías de datos que frecuentemente empregaremos na base de datos. As de Lugar ou Incipit corresponden ao tipo que introduciremos na maior parte dos campos das táboas, son cadeas de caracteres de lonxitude variábel. Mentres, os identificadores como ID-Lugar ou CSM, son de lonxitude fixa. Outras das máis empregadas, mais que non observamos no exemplo, son a de tipo «booleano», cuxos valores posíbeis son TRUE ou FALSE[89].

A continuación, ao explicar as táboas observaremos que algúns campos parecen repetir información, reproducila de xeito diferente ou incluso conter datos aparentemente irrelevantes. De novo, cabe entender que a base de datos serve para múltiples propósitos e debe conter campos necesarios para crear os mapas e a web. Ás veces, a extracción de certos valores poderá realizarse de modo automático empregando o software apropiado nunha fase posterior á creación das táboas, mais outras veces non será posíbel e os datos deberán fornecerse previamente. Nalgunhas ocasións, é posíbel que algúns destes campos nin sequera sexan visíbeis nos resultados, senón que sexan usados simplemente para formar estruturas ou frases en PHP e nas diferentes linguaxes ou mecanismos empregados en *WordPress*.

89 Celma Giménez, Casamayor Ródenas, e Mota Herranz, *Bases de datos relacionales*, 133.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Previamente a ser exportadas a formas e formatos útiles para os mapas e a web, as táboas foron elaboradas entre *software* de creación de follas de cálculo e aplicacións de xestión de bases de datos, onde se poñían en relación entre si e permitían realizar consultas con campos cruzados. Para comprender isto é necesario achegarse ao soporte lóxico empregado.

1.4.2.1 Escolla do software

Previamente á explicación do contido das táboas, debemos introducir unha cuestión fundamental durante o proceso de preparación da base de datos: a escolla do seu soporte lóxico, o *software*. De novo, nos proxectos de Cartografía literaria non é habitual xustificar a escolla das aplicacións que se van empregar, que en moitos casos nin sequera son mencionadas[90]; con todo, como defenden o Manifesto pola Humanidades Dixitais e diversos autores críticos coas novas tendencias —entre os que salientamos a Josh Honn—, é preciso deixar de entender as tecnoloxías como ferramentas neutras, sen repercusión política ou social, ou sen relevancia para o noso traballo[91].

Máis aló do modo en que entendamos as Humanidades dixitais, no momento en que aceptamos que teñen connotacións extra-académicas, ou incluso ao observarmos que a evolución da investigación en Humanidades está condicionada polo progreso das novas tecnoloxías, estamos entendendo que, en prol dun verdadeiro coñecemento científico e do progreso metodolóxico e epistemolóxico, sería conveniente ter en consideración a tecnoloxía empregada e os motivos da súa escolla.[92].

No que ten que ver coa creación e manexo da base de datos, o *software* empregado é *Oracle SQL Developer*. As táboas foron construídas e manipuladas empregando *software* ofimático para follas de cálculo, *LibreOffice Calc*. A pesar de que ao inicio optamos por *software* simple e de usuario como *LibreOffice Base* perante outras opcións máis avanzadas como a mencionada de Oracle, co paso do tempo e o aumento de destrezas na xestión de base de datos, preferimos usar o programa de Oracle, tendo en conta que no futuro será posíbel explotar máis as súas capacidades, por exemplo, na reelaboración da páxina web.

Tanto as táboas (a nivel individual) como o conxunto da base de datos foron sufrindo diversas modificacións ao longo de todo o proceso de realización da tese de doutoramento. Isto constituíu un dos maiores problemas na elaboración do proxecto, xa que obrigou a realizar modificacións constantes e adaptarse a novos modelos, formatos ou tipoloxías de datos, dado que en momentos iniciais este traballo ía realizarse principalmente con bases de datos como MySQL ou PostgreSQL, en lugar do actual Oracle SQL. A primeira dificultade que encontramos tivo que ver, como xa se ten explicado, coa falta de referentes previos que analizasen do mesmo xeito unha obra literaria e visual da Idade Media. A segunda atopa a súa razón de ser no orzamento manexado, que é persoal e escaso. Os proxectos universitarios

90 Na revisión dos proxectos mencionados até agora, un dos que se achega a facelo, aínda que sen entrar en detalles técnicos nin formular outras opcións alén de Google Earth, é Mapping the Lakes: «Interactive Maps».

91 Dacos, «Manifesto for the Digital Humanities», Liu, «"Where Is Cultural Criticism in the Digital Humanities?», Honn, «Never Neutral» e Grimshaw, «Towards a Manifesto for a Critical Digital Humanities».

92 Para achegarse ás Humanidades dixitais son recomendábeis, por unha banda, as dúas obras editadas por Blackwell: Schreibman, Siemens, e Unsworth, *A companion to digital humanities*, e Schreibman, Siemens, e Unsworth, *A New Companion to Digital Humanities*. Por outra banda, é de especial interese a obra de Anaclet Pons, *El desorden digital*, concretamente as páxinas 31-65, para achegarse ás múltiples visións en torno ao concepto ou campo das Humanidades dixitais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

máis semellantes a este acostuman contar con *software* especializado para estes traballos, como *ArcGIS*, cuxo custo non podía ser afrontado. Finalmente, o terceiro dos principais problemas na procura de programas para crear a base de datos é a falta de coñecemento técnico, ou de persoal que puidese suplir esta carencia. Do mesmo modo que outros proxectos contan con acceso a *software* de pago, tamén acostuman colaborar con informáticas ou xeógrafas profesionais, capaces de deseñar bases de datos adaptadas ás necesidades da investigación e que se adaptarían finalmente á páxina web creada. Así, como se pode ver, a escasa capacidade económica, a falta de estudos previos ou a limitada información técnica foron os principais problemas desta parte do traballo, que, non o esquezamos, forma parte dunha tese de doutoramento.

O emprego deste *software* ten permitido adaptar a base de datos e as súas partes aos cambios e ás novas ideas. A súa flexibilidade favorece o traballo conxunto con outras aplicacións de *software* libre, como *QGIS* ou *WordPress*, das que se falará máis adiante, e que son pezas fundamentais na elaboración deste traballo. Ademais, as follas de cálculo de *LibreOffice Calc* permiten o uso de expresións regulares (*regular expressions*, «regex») e o seu contido é facilmente exportábel para o traballo con *scripts* ou pequenas funcións de Python, así como ser exportado a formato CSV.

Como se pode comprobar, escoller *software* libre foi unha das decisións máis temperás do proxecto, a pesar de que finalmente se optase por aplicacións con licencias propietarias como *Oracle SQL Developer*. Aínda así, valoramos a gratuidade dos seus servizos, a accesibilidade e a adaptación a diferentes sistemas operativos.

1.4.2.2 CSM

A primeira táboa das realizadas clasifica datos das CSM, como a numeración ou os *incipit* e, ao mesmo tempo, serve como referencia para as que se realizarían a continuación. Deste xeito, ligando outras táboas a esta a través do seu identificador, o resto de follas que tratan as CSM poderán obter desde aquí información xeral de cada texto.

- «ID-CSM». Trátase dun campo obrigatorio que funciona como identificador de cada cantiga. Está formado polas letras «CSM» e un número de tres díxitos que se corresponde coa numeración de Mettmann-Parkinson[93]. É a chave que usamos para relacionar esta táboa con outras.
- «CSMalt1», «CSMalt2». Son valores numéricos que indican o mesmo que o campo anterior, aínda que o fan en formatos diferentes, que facilitan o seu manexo na base de datos. Mentres que «csmalt1» expresa os números sempre en formato de 3 cifras, «CSMalt2» non coloca ningún cero á esquerda.
- «Manuscrito». Este campos identifica a cantiga segundo os manuscritos que a conteñan. Enumera aqueles onde podemos atopar a cantiga indicando a letra ou letras de cada manuscrito, os seus posíbeis valores son: «to», «t», «f», «e» e «b».

93 Contamos as CSM até a 427, do mesmo xeito que fai Mettmann, e identificamos a *Intitulatio* «Don Afonso de Castela» como 428 e o Prólogo («Porque trobar é cousa en que jaz») como 429, como Parkinson na *Oxford Cantigas de Santa Maria Database,* <https://csm.mml.ox.ac.uk/index.php?p=poemdata_view&rec=428> [accedida a 15-02-2020].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- «To», «T», «F», «E» e «B»: cada un destes campos contén o número de cada cantiga en cada códice.
- «Folio». Folios nos que está a cantiga, expresados seguindo un formato de 2 caracteres (dúas letras no caso de To e unha letra xunto cun guión no resto) seguidos de 3 números e unha letra (r para folio recto e v para verso).
- «Incipit» e «Rúbrica». *Incipit* e rúbrica das CSM a partir de edición de Mettmann.
- «Filgueira». Clasificación temática seguindo a Filgueira Valverde.
- «TipoCSM». Tipo de CSM: milagre, loor, prólogo, festas de Santa María, festas de Cristo e, inserida dentro dos primeiros, milagre de páxina dobre.
- «Numero iluminuras». Número de iluminuras da cantiga.
- «Afonso testemuña». Campo de valores lóxicos onde as respostas soamente poden ser TRUE (expresado co número 1) ou FALSE (número 0). Indica se Afonso X se presenta como testemuña dos feitos narrados.
- «Viaxe». De tipo semellante á anterior, mostra en que cantigas se relata unha viaxe.
- «Peregrinación». É parecido ao anterior, xa que serve para clasificar aquelas cantigas nas que o destino do protagonista é un santuario. Con todo, aquí non usamos un campo de verdadeiro ou falso, senón que o valor pode ser nulo, «Realizada», cando efectivamente na cantiga se dá conta dalgún tipo de peregrinación ou romaría, ou «Mencionada», para aqueles casos nos que se fale de facer unha romaría (como castigo, por exemplo, nas CSM 19 e 127), pero que non chega a ser realizada. Como se dixo, en ocasións pode resultar complicado estabelecer a diferenza entre unha verdadeira peregrinación e unha simple visita a un templo, se no texto non se ofrecen indicacións precisas.
- «Noite». Igual que os anteriores, indica se hai referencias á noite no texto da cantiga.
- «post_thumbnail» e «t_imaxe». O valor de ambos campos é unha URL dirixida a unha imaxe almacenada no servidor da web. Para o primeiro, trataríase daquela que actuaría como imaxe principal da publicación en *Os lugares das Cantigas*. O segundo, cuxos valores aparecerían enumerados con comas, almacena os enderezos web de todas as fotografías correspondentes a cada cantiga. Polo de agora, soamente contén as do manuscrito T-I-1.

1.4.2.3 Lugares

Esta táboa actúa como un índice que serve ao resto da base de datos información e referencias xeográficas sobre as localizacións mencionadas nas CSM e na poesía profana galego-portuguesa. Xa que neste apartado case non hai información analizada ou subxectiva, senón que é só unha fonte de datos, é posíbel engadir rexistros alleos ás CSM. De feito, aquí podemos encontrar os lugares rexistrados polo proxecto das *Cantigas medievais galego-portuguesas* da Universidade Nova de Lisboa. A táboa que agora explicamos foi a empregada para xeolocalizar cada rexistro e crear os mapas que agora se poden ver na súa web[94].

94 <https://cantigas.fcsh.unl.pt/toponimia.asp>[accedida a 15-02-2020].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nesta folla non hai lugares repetidos, aínda que teñan nomes diferentes ou proveñan de textos distintos, xa que funciona como un índice. Porén, tendemos a mesturar rexistros para producir buscas máis sinxelas. Así, por exemplo, as referencias a «mundo», «terra» ou «reino do seu fillo» remiten a un único elemento no que son almacenadas as diversas nomenclaturas. O primeiro grupo de campos desta táboa, alén do número de identificación, fai precisamente referencia a iso: a toponimia. Primeiro indícase aquel nome que será mostrado na vista principal do mapa, logo todas a referencias atopadas e despois o «nome xenérico»: o topónimo actual xunto cunha posíbel indicación.

- «ID-Lug». Chave primaria de cada lugar, composta polas letras LU e un número único de tres cifras. Funciona como chave primaria.
- «Lugar», «Outros nomes» e «Nome xenérico». O primeiro (obrigatorio) ensina unha forma habitual de identificar este lugar nas CSM, o segundo outras alternativas no texto e o terceiro, finalmente, un nome respectando o nome propio actual na súa lingua ou, en caso de non ser facilmente comprensíbel a través do nome oficial, en galego. Naqueles edificios dos que só sabemos que son, por exemplo, unha «adega», incluímos no terceiro campo, entre parénteses, a etiqueta «xenérico».

  O respecto polos topónimos oficiais xustifícase polo desexo de facer máis accesíbel a web, xa que non obriga ás persoas que a visiten a coñecer o nome dos lugares en galego, senón na lingua de cada rexión. Para quen coñece as CSM pode resultar complexo atopar localidades como «Sardonay» (agora, e na base de datos, «Saydnaya»), así como unha persoa estranxeira pode non coñecer subdivisións como as Comunidades Autónomas do estado español. Con todo, a escolla do topónimo actual, por complicada que pareza, facilita que calquera persoa poida recorrer a outros recursos en liña para saber a través de que nome pode procurar o que desexa. Así e todo, no futuro esperamos poder habilitar no formulario da web sistemas que unifiquen valores de busca, de modo que «Sardonay» e «Saydnaya», por exemplo, devolvan os mesmos resultados.

  Ás veces dous elementos diferentes poden conter o mesmo nome nas CSM; ben porque é como as nomean nas CSM (pénsese en «Bretanna»), ben porque conseguimos identificar con exactitude o lugar (como cada unha das «eigreja» ás que lle poñemos nome). Nestes casos, probabelmente o campo «Lugar» coincida, mais nunca o fará o «Lugar xenérico», xa que mesmo se hai varios lugares coa mesma nomenclatura, engadiremos algún dato entre parénteses.

  Nas futuras actualizacións da base de datos os dous primeiros campos mencionados serán eliminados co propósito de que esta táboa sexa útil para proxectos distintos dos das CSM. De ser así, os topónimos ou nomes de lugares das CSM xa non serán útiles aquí e confrontarán con aqueles outorgados polos novos textos analizados. Será deber de cada nova análise contar cun campo propio que manteña este propósito.
- «Slug». É un campo específico para *WordPress*, que recolle o nome sen caracteres especiais. No seguinte apartado atópase máis información sobre el.
- «Tipo de elemento» e subtipos I e II. Campos de texto nos que se almacena a información contida na táboa 1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- «Cidade actual (local)», «Cidade actual (galego)», «Rexión actual I (local)», «Rexión actual I (galego)», «Rexión actual II (local)» e «Rexión actual II (galego)». Diferentes niveis administrativos aos que pertence actualmente o lugar. A información nestes campos complétase a partir do nivel igual ou superior con respecto ao elemento que complementan. É dicir, se falamos dun edificio ou unha localidade, indicaremos en que cidade está ou que cidade é e a que rexión ou rexións pertence. O campo «Rexión I» está principalmente pensado para as Comunidades autónomas do Estado español.
- «Poboación (f. s. XIII)» e «Rexión histórica (f. s. XIII)». Trátanse de dous campos de texto que se completarán en versións próximas e cos que se espera engadir información sobre o número aproximado de persoas que habitaban cada lugar e a rexión á que pertencía a finais do século XIII, co fin de permitir buscas limitadas unicamente, por exemplo, á Coroa de Aragón ou só a grandes centros urbanos.
- «Lugar de peregrinación». Campo cos datos lóxicos que responderían de xeito afirmativo ou negativo á identificación dun determinado lugar como centro de peregrinación na Idade Media.
- «Lonxitude» e «Latitude». Campos numéricos que inclúen as coordenadas xeográficas de cada localización expresadas en graos decimais e obtidas a través de ferramentas como GeoHack.
- «Exactitude». Campo con opción afirmativa (as coordenadas correspóndense co lugar) ou negativa (coordenadas estimadas). É habitual activar esta opción na clasificación de rexións históricas ou edificios desaparecidos.
- «Posibilidade no mapa». Este campo diferencia entre aquilo que pode ser representado nun sistema xeográfico e aquilo que non, como xa se explicou no epígrafe anterior.
- «Comentarios». Observacións variadas relacionadas coa identificación ou clasificación de cada localización. Son notas útiles principalmente para o uso interno da ferramenta.

1.4.2.4 LugaresCSM

Como xa se explicou anteriormente, trátase da táboa que contén os rexistros de cada un dos lugares mencionados en cada cantiga.

- «ID-LuC». Identificador obrigatorio de cada mención a cada lugar. Está composto polas letras LC e un número de catro díxitos irrepetíbel e funciona como a chave primaria da táboa.
- «CSM». Campo obrigatorio que indica o número da CSM no que se atopa a referencia. O primeiro coincide co identificador da táboa CSM e permite a súa relación. Correspóndese co identificador da primeira táboa.
- «Lugar» e «Lugar-CSM». O primeiro recolle o nome do lugar tal e como aparece mencionado nas CSM, seguindo a edición crítica proposta por Mettmann[95]. «Lugar-csm» é un campo con valores automáticos que mestura o anterior valor co código da CSM, facendo que resulte algo semellante a «Beorges (CSM 4)». En caso de que o

95 Mettmann, Walter (ed.), *Cantigas de Santa María*, 1986.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nome do lugar acabe cun apóstrofo, porque a vogal que se sitúa no final coincide co inicio da seguinte palabra, incluímos o símbolo, mais non a vogal, xa que de incluír a palabra seguinte estariamos engadindo datos innecesarios e poderían chegar a dar problemas na base de datos. Nalgúns casos tentamos reconstruír a frase para que a mención teña sentido. Na CSM 124, por exemplo, nos valores das mencións ao Océano Atlántico e ao Mar Mediterráneo, debemos incluír a palabra «mar» (empregando corchetes) para que sexan comprensíbeis no tratamento individual: «Do gran [mar] que corr' arredor da terra» e «E ar do outro [mar] que é chamado mẽor». Por tanto, deben ser campos obrigatorios.

- «Nota» e «Indicacións». O primeiro campo inclúe sinónimos ou outros apelativos cos que no texto se refiren a ese lugar. Por exemplo, «ygreja» para a «Santa maria do porto» na CSM 372. O segundo admite calquera indicación que amplíe o significado ou describa o lugar. Por exemplo «u soya aver gran gente de mouros que ss' em foron, e foi bem» (CSM 277) ou «ençima dun monte» (CSM 363).
- «IdLugar» e «Dúbidas». O primeiro reproduce a chave primaria da táboa Lugares coa que se identifica o lugar mencionado. O segundo, campo de datos lóxicos, indica a existencia de dúbidas acerca da relación. A diferenza do campo semellante na táboa anterior, aquí a incerteza non se produce pola localización exacta ou as coordenadas, senón pola identificación de, por exemplo, a «Bretanna» da CSM 36 coa actual Inglaterra ou Gran Bretaña.
- «Ruta», «Inicio/fin» e «Viaxe». Estes campos teñen que ver cos desprazamentos realizados en cada cantiga. O primeiro é numérico e ordena as localizacións da ruta seguida polos personaxes principais da historia. Os seus valores para a CSM 9 serían 1 e 5 para Sardonay, 2 para a «Santa cidade», 3 para o Mediterráneo e 4 para Acre. O segundo campo indica se unha localización inicia e/ou finaliza unha viaxe; Sardonay, no mesmo exemplo, é inicio e fin da ruta. Con «viaxe» indicamos se o lugar forma parte dunha viaxe, aínda que non saibamos o seu lugar na ruta.
- «Relación co geospace», «Atributo temático», «Categoría», «Subcategoría». Campos de texto nos que inclúen os valores, sen modificacións, explicados no apartado 1.4.1. Os dous últimos fan referencia á mesma cuestión (Táboa 2 e ampliacións posteriores), mais divídense en dous apartados diferentes. O primeiro está pensado para o primeiro nivel dos valores e o segundo para todas aquelas opcións contidas dentro das anteriores.
- «Rima». Campo de datos lóxicos que indica se o lugar se menciona só por necesidades de rima. A pesar de que non se pode desprezar a capacidade dos trobadores que escribiron as CSM para conseguir rimas artificiosas, grazas a este atributo poderiamos procurar aquelas ocasións nas que isto parece feito de maneira máis forzada ou nas que, incluso, o lugar puidese ser engadido ou o seu topónimo modificado soamente con este fin.
- «Comentarios». Observacións variadas sobre calquera tema indicado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Finalmente, existen numerosos campos cuxa elaboración aínda non foi completado, que presentamos a continuación para explicar os planos de traballo futuros do proxecto e, concretamente, deste apartado da base de datos.
    - «Aberto/Pechado», «Dentro/Fóra», «Acontecemento», «Tipo personaxe» e «Sagrado». Trátase de varios campos en proceso de ser completados, paralizados ao inicio por non devolver resultados de interese ou cuxa análise foi iniciada recentemente. Contribúen á definición de cada lugar a través de diferentes atributos. O primeiro indica se estamos ante unha localización aberta (ao aire libre) ou pechada (dentro dun edificio ou nunha cova). O segundo se está dentro ou fóra dunha vila. O terzo, o acontecemento que se produce (como un roubo ou unha curación). O cuarto diferenciaría entre romeus, monxes ou cabaleiros, por exemplo. E, finalmente, o quinto indicaría se se trata dun lugar sacro. Esperamos completalos pronto para actualizar a web.
    - «Valor». Campo numérico que expresa un valor entre 0 e 2 segundo a relevancia do lugar no conxunto da cantiga. Trátase dunha idea sen desenvolver completamente por carecer de base obxectiva válida para todas as CSM. Serviría para a creación de mapas de símbolos proporcionais cuxos valores non dependesen soamente do número de aparicións dun lugar nas CSM, senón da súa relevancia en cada texto, complementando outros atributos útiles para este propósito, como a categoría.
    - «Implícito». Indicaría a través dunha resposta lóxica se o lugar rexistrado non foi explicitado directamente na cantiga. Trátase dun traballo a desenvolver no futuro.
    - «Ultramar», «Suria» e «Estremadura». Estes campos, de introdución de datos lóxicos, pretenden, por unha banda, tentar definir e limitar estes territorios nas CSM e, por outro, saber se hai trazas diferenciadoras nos relatos ou nas representacións que toman esta rexión como base. Este campo podería pertencer á táboa Lugares e non a Lugares CSM, mais decidimos colocalo aquí buscar con exactitude aqueles casos nos que na cantiga se indica que os feitos tiveron lugar nun destes territorios de límites dubidosos.
    - «Fonte» e «Iluminura». Referencias aos identificadores das táboas que se presentarán a continuación.

1.4.2.5 Iluminuras das CSM

Esta táboa rexistra cada unha das iluminuras do *Códice das Historias*.

- «ID-Ilu». Identificador obrigatorio de cada iluminura. Está composto polas letras IL e un número de tres díxitos irrepetíbel.
- «Titlealt», «Titlealt2». Diferentes modos de nomear as iluminuras, empregando números e unha letra que referencia a posición da viñeta no cadro. O primeiro número cos mínimos díxitos necesarios (entre 1 e 3) e o segundo sempre con 3 díxitos.
- «CSM», «CSMalt», «CSMalt2». Referencias á CSM, semellantes ás xa expostas en táboas anteriores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- «TipoCSM». Campo que indica a tipoloxía da CSM. Está nesta táboa de xeito temporal, xa que actualmente é máis sinxelo conseguir resultados manténdoo aquí, mais no futuro confiamos en poder obter esta información a través da ligazón coa táboa «CSM».
- «Manuscrito» e «Folio». Información do manuscrito e do folio onde se encontra a iluminura.
- «Posición» e «Posición2» O primeiro indica se a iluminura está na columna dereita ou esquerda do folio, mentres que o segundo concede unha letra do «a» ao «n» (en caso de ocupar dúas páxinas) de esquerda a dereita[96].
- «Cartela» e «Texto cartela». O primeiro campo indica a existencia de texto no espazo dos *titulus* e o segundo está pensado para que nun futuro se poida escribir alí o texto das mesmas.
- «Estado». Condición, de conservación ou produción, na que se encontra a iluminura segundo os criterios que recolle a táboa 7.
- «Elementos». Elementos visíbeis segundo a táboa 6.
- «Trazas». Trazas da iluminura segundo a táboa 5.
- «Lugar». Lugares identificábeis na iluminura.
- «Descrición» e «Comentario». O primeiro campo de texto está pensado para que, no futuro, describa brevemente os elementos e o significado de cada iluminura. O segundo, pola súa banda, contén puntualmente anotacións sobre as viñetas.
- «imaxe». URL que dirixe á imaxe da iluminura almacenada na web.

1.4.2.6 Itinerario afonsino

- «ID-IAX». Identificador de cada estadía composto polas letras «It» e un número de tres caracteres que non se pode repetir.
- «Cidade» e «IDlugar». Cidade da estadía e identificador empregado na táboa «Lugares».
- «Veracidade». Este campo pode estar baleiro ou cuberto pola expresión «Datas aproximadas», en caso de que algunha das datas non sexa real. A este respecto, convén recordar que esta parte complementaria ao proxecto aínda se encontra en fase de probas.
- «start_date» e «end_date». Data de inicio e fin da estadía do monarca. Nesta primeira versión de probas, engadíronse algunhas datas ficticias, aproximándoas segundo o tempo en que está documentada a súa presenza no seguinte lugar[97]. Fíxose, soamente, para ver como funcionaría esta característica e devolver algúns resultados de duración das estadías, que poden ser útiles a nivel técnico. Unha vez que se fixe a estrutura e o modo de funcionar da base de datos en liña, estas excepcións serán eliminadas.
- «Tempo aproximado». Tempo da estadía, de acordo coas datas indicadas.

96 Existe máis información en <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigasdesantamaria/iluminuras/manual/>.

97 De novo, a obra principal sobre a que traballamos para este aspecto é Ballesteros y Beretta, *El Itinerario de Alfonso el Sabio*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- «Nota». Anotacións xerais.

1.4.2.7 Outras táboas: Indicadores, fontes literarias e lugares das fontes

Paralelamente ás expostas, creamos outras dúas táboas relacionadas coas fontes literarias das CSM e os seus lugares. Estas están aínda en estadios de elaboración moi temperáns. Con todo, xa podemos indicar que crearemos unha táboa para clasificar as fontes das CSM e outra que as relacionará cos seus lugares.

A primeira clasificará por autor, data e cantigas nas que puido ter influencia cada unha das fontes literarias das CSM. A segunda, a través dos identificadores da primeira, os da táboa «Lugares» e os de «Lugares CSM», porá en relación as localizacións atopadas nas fontes coas que foron trasladadas ás CSM.

Noutra recollemos principalmente adverbios de lugar e outras palabras que chamamos «Indicadores». Aínda que non chegou a completarse por falta de utilidade, temos un listado con 255 rexistros como «dali», «longe», «preto», «mergullar» e outros moitos.

1.4.3 Os lugares das Cantigas

1.4.3.1 Escolla do software

Brevemente, antes de explicar o procedemento de traballo, é necesario explicitar as principais ferramentas de software escollidas para a creación da páxina web e para traducir os datos almacenados internamente e facelos accesíbeis en aberto. Para isto, de novo, tentamos priorizar a elección de software libre e gratuíto. Neste eido, outra das escollas fundamentais foi a dun xestor de contidos (un *Content Management System*, CMS), un tipo de *software* que resulta determinante, xa que del dependerían o proceso de traballo e o resto de ferramentas empregadas.

Nun primeiro momento pensamos en empregar *Recogito*, unha ferramenta da *Pelagios Network* que permite anotar textos e clasificar persoas e lugares. Pese ao interese xeral por esta aplicación, a súa escolla limitaría enormemente a elaboración de mapas complexos, así como a creación doutros proxectos paralelos a este, xa comentados.

Máis tarde optouse por *Omeka*, un CMS habitualmente utilizado para xestionar catálogos e arquivos de información[98]. Con todo, este sistema non se adaptaría facilmente ao modelo conceptual creado e dificultaría o traballo con mapas complexos e novas posíbeis bases de datos, xa que obrigaría a modificar o ritmo de traballo, priorizando primeiro a web e facendo que dependesen dela (de *Omeka*) o resto de ferramentas.

Finalmente, a escolla foi *WordPress*, unha das ferramentas mais populares para a construción de páxinas web[99]. A diferenza das aplicacións anteriores, *WordPress* non facilita o traballo de catalogación, xa que non está pensado con este fin, senón co de crear blogs ou webs sinxelas. Así e todo, a súa popularidade posibilita que se teñan creado milleiros de extensións, *plugins*, que facilitan a xestión de datos almacenados. O feito de que *WordPress* non estea principalmente deseñado para funcionar como base de datos afecta noutros ámbitos

98 Albers, Ken et al., *Omeka*.
99 WordPress, «Blog Tool, Publishing Platform, and CMS».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nos que é máis complicado encontrar solucións, como no rendemento da páxina ou na imposibilidade de sincronizar de xeito automático, ou moi rápido, o traballo local (catalogacións e mapas) co da web. Con todo, após varias probas, concluíuse que é a ferramenta gratuíta que mellor se adaptaba ás necesidades do proxecto e que permitiría, ademais, dotar dunha estética atractiva e sinxela a páxina web, permitindo o seu uso en dispositivos de escritorio e tamén táctiles.

WordPress orienta os seus contidos en torno a publicacións periódicas (*posts*) e páxinas fixas (*pages*)[100]. As primeiras serían semellantes ás novas dun xornal en papel, mentres que as segundas non están pensadas como contidos dinámicos que se renovan frecuentemente. No seu lugar, explicado en liñas xerais, serían seccións de tipo informativo e atemporal. Cada un destes tipos de publicación pode verse complementado por taxonomías, que funcionan como atributos. Por defecto, *WordPress* proporciona etiquetas (*tags*) e categorías (*categories*). Tanto as publicacións como estas taxonomías poden contar, ademais, con campos personalizados (*custom fields*) que achegan máis información, pero que, a diferenza das etiquetas e das categorías, non pode ser agrupada, clasificada nin contar cunha URL propia ou páxinas de arquivo.

Será máis fácil comprender a estrutura de *WordPress* a medida que vaiamos explicando como o usamos e se adapta a este proxecto. As publicacións (*posts* ou *pages*) serían todos aqueles elementos que rexistramos na base de datos, é dicir: as CSM, as iluminuras ou os Lugares das CSM. As taxonomías serían a meirande parte de campos cos que complementamos os anteriores e que son importantes para o funcionamento da base de datos, como a «Categoría» dun lugar ou o «Tipo» dunha cantiga. Finalmente, os campos personalizados serían esa información coa que queremos contar, mais que non necesitamos que xere patróns de busca nin que teña atributos propios, serían os «Comentarios», as URLs e outros.

Con todo, debido á cantidade de información que desexamos xestionar, e a que *WordPress* só proporcionaba dous tipos de publicacións e dúas taxonomías, sería necesario contar con ferramentas que permitisen estender a estrutura orixinal deste *CMS*. Para isto optouse por *Pods*, unha extensión xa coñecida previamente grazas ao traballo no portal Medievalitis[101]. Xunto a esta, outra das empregadas en ambas as dúas webs e tamén fundamental aquí, sería *Search & Filter* na súa versión Pro, de pago[102]. Esta última é a que permite producir diferentes formularios de busca para a base de datos.

Finalmente, escolleuse o «tema» (unha aparencia predeterminada) sobre o que construír visualmente a web. O escollido foi *Newspaper X*, un tema pago realizado pola compañía *TagDiv*. Usando *Newspaper X* como base, aplicamos numerosas modificacións editándoo seu código HTML e, principalmente, as follas de estilo (CSS) e diversos arquivos PHP. O resto de extensións e ferramentas externas empregadas fican enumeradas no anexo consultábel na páxina web[103].

100 WordPress, «Posts versus Página».
101 Magán Abollo, «Medievalitis, experiencias y creación de un portal colaborativo de noticias académicas.»; «Medievalitis | Portal colaborativo del medievalismo ibérico».
102 Pods Framework. *Pods*; Search & Filter Pro. *Search & Filter Pro - Advanced Filtering for WordPress*.
103 <https://oslugaresdascantigas.gal/proxecto/tese/anexo-software-web/>.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como xa dixemos, comprendemos que *WordPress* non é o *software* ideal para crear unha web deste tipo, mais grazas á flexibilidade da base de datos, mantemos a porta aberta a crear, no futuro, unha páxina web nova con outra estrutura.

1.4.3.2 Procedemento de traballo

Unha vez que algúns detalles do software estaban claros, foi o momento de alugar almacenamento web en internet, así como un dominio. Optamos por unha opción de *hosting* con 30 GB de almacenamento e un ancho de banda de 100 GB[104]. Para o caso do dominio, o elixido foi un de tipo .gal, pola procedencia e a lingua empregada: oslugaresdascantigas.gal. A continuación, procedeuse a instalar un certificado SSL, despois *WordPress* e logo o resto de extensións mencionadas.

Paralelamente á elección do software traballouse coa base de datos para adaptala ás necesidades das diferentes ferramentas que serían usadas. Para isto, habería que volver editar as táboas, modificando os nomes dalgúns campos ou creando novas versións dos mesmos, como explicaremos a continuación.

O traballo coas táboas sería a través dun software de ofimática, exportando estas a formato CSV. Nesta folla de cálculo habería que engadir novas columnas, necesarias para a creación dun *post* de *WordPress*[105]. Algunhas foron mencionadas no anterior apartado, xa que era conveniente crealas previamente a este paso; outras, porén, poden ser inseridas con posterioridade.

Primeiro debemos engadir aqueles datos que diferencian o tipo de contido creado (CSM, iluminura, lugar das CSM etc.). Debido a que traballamos con *custom post types,* o parámetro deberá ser «post_type». A continuación facemos o mesmo con «post_category». Este segundo caso é redundante, xa que achegamos a mesma información que antes, mais agora a través dunha taxonomía. O obxectivo é poder relacionar diferentes tipos de *post* a través de parámetros universais. Así, por exemplo, se creamos un *post* dos predeterminados, usándoo como un artigo de blog que fale das iluminuras das CSM, este poderá levar a categoría propia, de modo que permita a procura mediante *post_category* e que os resultados devolvidos sexan, ademais das iluminuras, tamén todos aqueles contidos paralelos que non son este tipo de publicación, mais que se refiren a el.

A continuación engadimos o título de cada nova entrada empregando *post_title*. Para isto modificaremos algúns títulos existentes noutras táboas (como «Lugar-csm), engadiremos outros automáticos (para as CSM será «Cantiga» seguido do campo «csmalt1»), ou deixaremos os que xa levaban esta denominación. As imaxes principais de cada publicación xa foran engadidas a través de *post_thumbnail*, polo que non sería preciso engadir nada máis.


Despois, a través de *Pods*, creamos novos tipos de *posts* e *pages*, así como cadansúas taxonomías. En termos xerais, usaremos os mesmos dos que xa falamos nos apartados anteriores. Por exemplo, as etiquetas asociadas ao tipo de publicación «Cantigas» son «folios», «fontes», «lugar», «manuscrito», «tipocsm» e «csm», xunto con numerosos campos

104 Pódense consultar o resto de características do *hosting* e do dominio no anexo <https://oslugaresdascantigas.gal/proxecto/tese/anexo-hosting-e-dominio/>.

105 Na documentación de WordPress para desenvolvedores podemos observar algúns dos parámetros necesarios ou opcionais para executar a función que insire un *post* na páxina web: WordPress, «Wp_insert_post() | Function».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

personalizados propios como «csmalt1», «csmalt2», «to», «t», «e», «f», «incipit», «rubrica», «numero_min», «filgueira», «viaxe», «peregrinacion», «afonso_narrador» e outros.



export.csv - LibreOffice Calc

Ficheiro Editar Ver Inserir Formatar Estilos Folha Dados Ferramentas Janela Ajuda

Liberation Sans 10 pt

C9

	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K
1	CSMALT1	NOME_XENERICO	INICIOFIN	LON	LAT						
2	1	Mundo		-27.3373	47.164						
3	5	Mar Mediterráneo		20	35						
4	5	Ultramar		32.063956	34.189453						
5	5	Roma	Inicio, Fin	12.4853384	41.894802						
6	5	Xerusalén		35.2251	31.7783						
7	5	Acre		35.0756378	32.9281731						
8	9	Mar Mediterráneo		20	35						
9	9	Acre		35.0756378	32.9281731						
10	9	Saydnaya	Inicio, Fin	36.3775	33.695833						
11	9	Xerusalén		35.2251	31.7783						
12	22	Armentières	Inicio	2.8798	50.6338						
13	22	Rocamadour	Fin	1.6183521	44.7991877						
14	25	Mar Mediterráneo		20	35						
15	25	Istambul		28.9652	41.0096						
16	26	Santiago de Compostela	Fin	-8.5459	42.8804						
17	27	Sinagoga en Lod	Inicio	34.888056	31.951944						
18	27	Monte Sión		35.228611	31.771667						
19	31	Iglesia de Santa María la Blanca		-4.5424	42.3169						
20	31	Segovia		-4.1179	40.948						
21	33	Acre	Fin	35.0756378	32.9281731						
22	33	Mar Mediterráneo	Inicio	20	35						
23	35	Dover		1.3134	51.1251						
24	35	Laon	Inicio, Fin	3.620686	49.564665						
25	35	France		1.8883	46.6034						
26	35	Canal da Mancha		-2.4998	49.8277						
27	35	England		-0.5402	52.7955						
28	43	Daroca	Inicio	-1.4170637	41.1133264						
29	43	Santuario de Nuestra Señora de Salas	Fin	-0.390301	42.128489						
30	44	Santuario de Nuestra Señora de Salas	Fin	-0.390301	42.128489						
31	44	Mundo	Inicio	-27.3373	47.164						
32	49	Soissons	Fin	3.3236	49.3817						
33	53	Soissons	Fin	3.3236	49.3817						
34	55	Lisboa		-9.1365919	38.7077507						
35	55	España	Inicio	-4.8381	39.3262						
36	57	Montaña de Montserrat		1.8091	41.602						
37	57	Montaña de Montserrat	Fin	1.8091	41.602						
38	65	Mar Mediterráneo		20	35						
39	65	Roma		12.4853384	41.894802						
40	65	Montañas Nur		36.333333	36.75						
41	65	Mundo		-27.3373	47.164						
42	65	Alexandría		31.2	29.916667						
43	83	Sopetrán	Fin	-3.0766	40.7978						
44	83	Andalucía	Inicio	-4.5812	37.34						
45	86	Abbaye du Mont-Saint-Michel	Fin	-1.5113	48.6322						
46	95	Deutschland	Inicio	10.4234	51.0834						
47	95	Portugal	Fin	-7.8896263	40.033265						
48	95	África	Inicio	12.413922	25.661606						
49	95	España	Fin	-4.8381	39.3262						
50	104	Caldas de Reis		-8.6422	42.6041						
51	114	Santuario de Nuestra Señora de Salas	Fin	-0.390301	42.128489						
52	115	Roma	Inicio	12.4853384	41.894802						
53	115	Mar Mediterráneo		20	35						
54	115	República Árabe Siria		39.0494	34.6402						
55	115	Montañas Nur	Fin	36.333333	36.75						
56	118	Zaragoza	Inicio	-0.8809	41.6521						
57	118	Santuario de Nuestra Señora de Salas	Fin	-0.390301	42.128489						
58	122	Monasterio de Santa María la Real de Las Huelgas	Fin	-3.7206	42.3363						
59	122	Toledo	Inicio	-4.024	39.8561						
60	129	Sagunt	Inicio	-0.2774	39.6792						
61	129	Santuario de Nuestra Señora de Salas	Fin	-0.390301	42.128489						
62	135	Breizh	Inicio	-2.9202408	48.2640845						
63	135	Montpellier	Fin	3.8767337	43.6112422						
64	146	Bregogne	Fin	4.5	47						
65	146	Albesa		0.6592	41.7513						

export

Localizar Localizar tudo Exibição formatada Maiúsculas/minúsculas

Folha 1 de 1 Padrão Português (Portugal) Média: ; Contar: 0; Soma: 0; Contar seleção: 1 100%

Figura 7: Captura da táboa en formato CSV exportada a partir dunha consulta en *Oracle SQL Developer*. Data: 2022. Pode consultarse con maior calidade en <https://oslugaresdascantigas.gal/proxecto/tese/anexo-imaxes/>.

Finalmente, restaría encargarse das taxonomías e dos *custom fields*. Para isto, habería que modificar o nome dalgunhas columnas engadindo o prefixo «tax_», xa que así o require o *plugin* empregado, e transformar os valores existentes en texto comprensíbel polo sistema de

taxonomías de *WordPress*, que consiste principalmente nun termo (nome) e un *slug*[106]. Este *slug* non debe conter espazos, caracteres especiais (como o ñ ou o ç), nin acentos, entre outros, e debemos adaptalo a outros xa creados con anterioridade. Para automatizar este traballo, foron deseñados diferentes frases de *RegEx*, que permitían procurar e substituír caracteres facilmente.

O deseño dos *slugs* é especialmente importante nunha das taxonomías: os lugares, que como foi indicado, non foi transformada para a web como un *post*, senón como unha taxonomía. Para creala, empregamos o *plugin Bulk add terms*, indicando por unha banda o termo e por outra o *slug* e os atributos. Trataríase de rexistrar na web o listado completo dos lugares da táboa do mesmo nome empregando, entre outros campos, o «Nome xenérico» e o novo *slug*, que sería algo semellante a «puerto-de-santa-maria».

Para cada unha das taxonomías empregadas seguimos un proceso semellante. En total, as existentes actualmente son: Atributo temático (Lugares CSM), Categoría narrativa (Lugares CSM), Elemento (Iluminuras), Estado (Iluminuras), Folio (CSM e Iluminuras), FontesCSM (CSM), Lugares (CSM, LugaresCSM, Iluminuras, e Lugares do Itinerario), Manuscritos (CSM, LugaresCSM e Iluminuras), Relacións co geospace (Lugares CSM), Tipo de lugar (Lugares CSM e Iluminuras), Tipo CSM (CSM, LugaresCSM e Iluminuras) e Trazas das iluminuras (Iluminuras).

Unha vez que as táboas están preparadas, cómpre compoñer de novo a base de datos en *LibreOffice Base* e realizar as consultas necesarias (cruzando datos) para obter os resultados desexados para a páxina web. Aquí, por exemplo, será necesario que as coordenadas se liguen directamente a Lugares-CSM, en lugar de facelo indirectamente a partir da taxonomía Lugares. Así, grazas á relación existente entre a base de datos, importaremos a lonxitude e a latitude para cada rexistro da táboa creada para a web. Este proceso deberá repetirse con cada elemento.

Feito isto, tocará subir todos os novos CSV a oslugaresdascantigas.gal, dando lugar a todas as publicacións que agora existen. A continuación teriamos que configurar o conxunto da web, darlle un deseño unitario e práctico en dispositivos móbiles, organizar toda a información recollida, escribir os manuais de axuda e levar a cabo o resto de tarefas necesarias para facilitar a consulta e o emprego da ferramenta creada. Esta foi, en realidade, a parte máis laboriosa de todo este proceso técnico.

1.4.3.3 O resultado

A web ficaría organizada en tres páxinas fundamentais: «Cantigas de Santa María», «Máis» e «Proxecto». Esta última resume algunhas ideas básicas do traballo realizado, da tese de doutoramento e do autor da mesma. Xunto a elas, engadimos seccións paralelas exixidas en todo portal web, mais sen contidos relacionados co seu obxectivo, como a explicación das Políticas de Privacidade, a Xestión das Cookies ou o Mapa XML da web, entre outras.

Dentro do epígrafe «Cantigas de Santa María» ábrese a base de datos relacionada cos textos, así como bibliografía, varias ligazóns a webs de interese e un manual de axuda que explica como empregar a devandita ferramenta. Os catálogos de iluminuras, lugares e fontes

106 WordPress, «Taxonomies» e «WordPress Taxonomies».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

das CSM están inseridos dentro desta sección. Cada un deles, de novo, conta co seu formulario para acceder á base de datos, ligazóns, información xeral, mapas, un manual de uso e datos sobre a versión e a última actualización dos contidos mostrados.

A sección que leva por título «Máis» é unha miscelánea de proxectos relacionados co das CSM. Aquí atópanse as páxinas do Itinerario afonsino, o mapa de lugares da lírica medieval galego-portuguesa e un formulario para procurar entre todas as localizacións almacenadas no conxunto da web.

A respecto dos formularios e bases de datos creadas na web, cómpre advertir que, debido á diversidade de posibilidades que ofrece o modelo conceptual, é posíbel realizar cruces de datos ambiguos e aparentemente inconexos. Hai que lembrar que estas ferramentas clasifican información para cadanseus contextos e que debe ser cada persoa a responsábel de facer un uso coherente das mesmas, así como de facer lecturas próximas (perante o *distant reading* de Moretti) de cada texto, que permitan interpretar a potencial ambigüidade das súas buscas na páxina web.

1.4.4 Mapas

Consideramos relevante introducir un último apartado específico para falar da creación dos mapas, tanto porque teñen unha metodoloxía propia, como porque é frecuente reflexionar sobre eles e a súa creación. Por como se presentarán na páxina web desta tese, os mapas serán entendidos principalmente como resultados ou exportacións visuais propias de análises anteriores, aquelas realizadas ao crear o modelo conceptual e a base de datos. Con todo, este non é o seu principal obxectivo, xa que foron creados co propósito de que eles mesmos sexan unha nova ferramenta de utilidade para estudos futuros. Este tipo de emprego, nesta tese, ficará limitado soamente ao capítulo dedicado á xeografía.

Así e todo, a pesar de que isto poida resultar contraditorio a primeira vista, non o é. En parte, o emprego limitado dunha das nosas ferramentas é causado pola falta de tempo e espazo para poder sacar proveito a todas elas. Por outro lado, o motivo polo que falamos de mapas, en plural, é porque grazas á riqueza da base de datos creada, é posíbel mostrar numerosas visualizacións xeográficas, tendo en conta diversos criterios e comparando as CSM cos resultados doutras investigacións. Grazas e, ao mesmo tempo, por mor das posibilidades que isto xera, aínda non se pode valorar completamente a utilidade dos mapas.

Esta é unha diferenza fundamental con outros proxectos de Cartografía literaria, que centran os seus esforzos na creación deste tipo de ferramentas visuais, ben en forma de imaxes fixas (sexan dixitais, *JPG* ou *PNG*, ou físicas en libros e artigos) ou de recursos interactivos[107]. Nós, en cambio, estamos a crear numerosos mapas e esperamos poder elaborar máis no futuro.

Antes de entrar nos detalles técnicos dos mapas, é importante achegarse á súa problemática teórica, tanto acerca daqueles aspectos propios de calquera proxecto de Cartografía literaria como, concretamente, deste acerca das CSM. En primeiro lugar, como se preguntan algúns autores, temos que cuestionarnos por que facer un mapa[108]. Principalmente,

107 Xa foron citados algúns na páxina 17, como *Lit Long: Edinburgh* ou o *Map literari català*.

108 Non son os únicos, mais consideramos que é importante apuntar esta interesante reflexión de David Cooper, Christopher Donaldson e Patricia Murrieta-Flores: «Introduction: Rethinking Literary Mapping».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

como xa dixemos, porque o concibimos con fins académicos e divulgativos. Moretti defendía que esta maneira de ver os datos facilita outras formas de pensamento conceptual e axuda á crítica a «dissect the text, in an unusual way, bringing to light relations that would otherwise remain hidden», relevando a posíbel (matiz non existente na obra citada) «internal logic of narrative»[109]. Neste caso, como xa indicamos, algúns dos mapas feitos, ademais de responder á súa primeira finalidade, teñen sido útiles para realizar algunhas análises que presentamos nesta tese. Confiamos en que estes mesmos, outros presentados na web, ou os que se creen no futuro, sexan útiles para outras investigacións propias ou alleas.

Outro dos obxectivos, e non menor, é o de facilitar a divulgación das CSM, xa que entendemos que a xeografía pode ser un bo medio a través do cal introducir o universo creado polo *scriptorium* afonsino noutras contornas educativas ou académicas. Xa que soamente encontramos 51 cantigas sen información espacial, poderiamos entender que esta sería unha mostra suficientemente representativa para achegar unha perspectiva xeral da obra.

Por outro lado, está a cuestión do que Robert Stockhammer (a través de Eratóstenes) chama «exokeanismós»: aquilo situado fóra do mapa ou *unmappable*, que nos devolve de novo á pregunta anterior, acerca dos motivos polos que facer este tipo de análises[110]. Como indica o mencionado xeógrafo, «fiction is by definition unmappable», e xa foron expostos nas páxinas precedentes suficientes exemplos de por que as CSM tamén o serían desde o punto de vista do autor alemán. A imposibilidade de trazar con exactitude as rutas narradas nos milagres ou a dificultade de identificar edificios son soamente algúns exemplos relacionados coa dificultade de dotar de coordenadas exactas as localizacións das CSM, aínda que por suposto falamos de exemplos que son minoritarios no noso proxecto. Con todo, entendemos que a dificultade de tratar con este tipo de ferramentas científicas, que exixen gran detallismo e rigorosidade no tratamento dos datos, non debe privarnos do seu emprego. Como acontece habitualmente na ciencia, debemos actuar por aproximación a estes puntos que, aínda que sexan en ocasións inexactos ou inexistentes, poden ser un bo complemento ás análises sobre literatura que, en calquera caso, serán realizadas a través do texto e non dependerán dos mapas. Este é outro dos motivos polos que o presente proxecto non consiste soamente en crear ferramentas nin en facer unha soa.

Finalmente, outra das razóns que está detrás da creación destes mapas é a de achegar a reflexión sobre a Cartografía literaria aos Estudos medievais e, ao mesmo tempo, desde a Historia da arte, engadindo unha pequena mostra de traballo e demostrando que é posíbel facelo desde estas dúas disciplinas, tanto en conxunto como cada unha por separado. A importancia desta cuestión radica na falta de exemplos realizados nos dous eidos (como xa se demostrou en apartados anteriores), a pesar do moito que, baixo o noso punto de vista, poderían contribuír tanto á Cartografía, empregando SIX, como ao conxunto das Humanidades dixitais.

Saltamos agora a outra cuestión que debemos tratar, entrando xa no campo dos problemas teóricos. Un dos máis importantes con respecto ao tratamento de obras medievais ten que ver co concepto contemporáneo de mapa e co feito de non haber mapas na Idade Media, ou ao

109 Moretti, *Atlas of the European Novel, 1800-1900*, 3-5.
110 Stockhammer, «Exokeanismós».

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

menos non semellantes a como os coñecemos actualmente[111]. Neste sentido, entendemos que cando creamos unha obra así, non podemos buscar conexións exactas entre a percepción xeográfica actual e a do mundo na que foron feitas as obras que analizamos. Pese ás mudanzas no modo de percibir a contorna, o feito é que os obxectos e as cidades seguen dispostos sobre o territorio do mesmo xeito, e a noción xeral das distancias e da forma de Occidente no século XIII xa era semellante á actual[112]. Xa que non coñecemos con exactitude a percepción xeográfica dentro do *scriptorium*, mais si a da lectora contemporánea, empregaremos mapas actuais. Sobre eles, *grosso modo*, veremos como se relacionan os puntos que devolvan as localizacións das CSM.

1.4.4.1 Software

Como viñemos facendo até agora, creamos un pequeno apartado para falar sobre o soporte lóxico (ou até físico) seleccionado. É especialmente importante facelo nesta sección, xa que as mal chamadas «neoxeografías» están a ser obxecto de debate nos últimos anos —principalmente desde a Xeografía— por mor do impacto que servizos como *Google Maps* están a ter nas Humanidades[113]. Así, máis aló de informar do emprego de determinadas aplicacións *open source* para levar a cabo este proxecto, como xa fixemos, convén explicar a elección de *QGIS*, *LEAFLET* e os servizos de *OpenStreetMap* (*OSM*), tentando evitar o custo das ferramentas habituais ou a hexemonía de *Google Maps* e *Google Earth* nos proxectos de Cartografía literaria[114].

Sortear a dependencia, ao menos directa, dos «novos poderes coloniais» como *Google* é unha escolla política, baseada principalmente en motivos económicos e académicos (entendendo estes como supeditados ao anterior)[115]. Os primeiros, menos relevantes para esta tese, poden rastrexarse en obras xa citadas, fundamentalmente a través de Taplin e Grimshaw. A decisión ten que ver co monopolio exercido por estas multinacionais e o seu xeito de empregar e comercializar datos. As alternativas *open source*, en cambio, devolven o control da información ao seu verdadeiro creador e colectivizan o acceso e a creación dos seus contidos.

Deste xeito, o software empregado para realizar o mapa foi, principalmente, *QGIS*, un programa de código aberto, con ampla compatibilidade cos outros escollidos e que permite exportar os seus mapas a estándares abertos. Xunto coas extensións desta aplicación, foron usadas diferentes ferramentas do ecosistema de *OSM*, do proxecto *Wikimedia* e de *GeoNames*. O último mencionado é unha base de datos que contén información xeográfica de, segundo eles mesmos, máis de 11 millóns de entidades xeográficas, das que posúen toponimia oficial, traducida, nomes históricos ou coordenadas, entre outros datos.

111 Remitimos á páxina 32 para falar dos «maplike objects» e da concepción medieval da xeografía.

112 Seguimos as evidencias expostas por J. B. Harley e David Woodward (*Cartography in prehistoric, ancient, and medieval Europe and the Mediterranean*) ou a xeografía de Al-Idrîsî (Bresc, Henri, Annliese Nef (eds.), *La première géographie de l'Occident*).

113 Leszczynski, «On the Neo in Neogeography»; Mitchell, «Literary Geography and the Digital».

114 Mapbox e ArcGis son algunhas das máis frecuentes. Son as empregadas por proxectos como *Compostela Geoliteraria, LitLong 2.0* ou *Literary Map of NYC*. Mitchell («Literary Geography and the Digital», 89) analiza catorce proxectos feitos arredor de 2010, entre os que só un emprega ArcGIS e outro OpenStreetMap; sendo Google Maps ou Earth a ferramenta do resto.

115 Taplin, *Move Fast and Break Things*, 46.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GeoNames permite a descarga masiva da súa base de datos, polo que unha das ideas orixinais de traballo foi almacenar localmente a información deste proxecto e ligar cada un dos lugares das CSM aos contidos en *GeoNames* a través de identificadores, para así evitar o traballo de ter que escribir manualmente as coordenadas de cada localización. Con todo, o gran tamaño da base de datos dificultaba o seu emprego, especialmente ao ser usada en computadores persoais. Isto, sumado á carencia de entidades históricas, fixo que se descartase esta escolla, aínda que se tiveron en conta algúns dos seus campos, como as coordenadas.

A continuación, decantámonos por outra opción que tamén automatizaría a inclusión das coordenadas, empregando a extensión *MMQGIS* de *QGIS*, que permite xeolocalizar edificios ou vilas a partir dunha lista de nomes ou topónimos. Debido a que o programa confundía numerosas localizacións e era incapaz de atopar outras moitas, esta posibilidade foi inicialmente descartada. Así, finalmente, non nos quedou máis saída que elaborar manualmente unha táboa de referencias xeográficas na que incluír os lugares das CSM e inserir unha a unha as coordenadas de cada un. Estas foron obtidas de *GeoNames*, da ferramenta *Nominatim* de *OSM* e de *GeoHack*, do proxecto *Wikimedia*[116]. O motivo polo que estes datos se obteñen de fontes diferentes é porque non todos posúen a mesma cantidade de información e porque cada un ten un acceso distinto. A dificultade para estabelecer un método ríxido neste aspecto até os últimos momentos de realización do proxecto e obter os datos de fontes diversas provocou que algúns puntos do mapa estean lixeiramente desprazados respecto ao sistema de referencia da imaxe vectorial de base do mapa. Este desaxuste, a pesar de ser case imperceptíbel e non ter implicacións para a análise, xa foi solucionado.

Finalmente, o último e máis importante dos obstáculos á hora de crear os mapas foi o proceso de exportación daqueles que son interactivos a un formato compatible con páxinas web. É dicir, aqueles que non observamos como unha imaxe fixa, senón que poden ser explorados movendo o cursor, aumentando, ou facendo clic en diferentes puntos. A pesar de que finalmente foi posíbel crealos e optimizalos, no portal en liña aínda se perciben algúns problemas de carga de imaxes que non se mostran do xeito desexado, como sucede coas liñas do itinerario afonsino[117]. Estas son algunhas das pequenas desvantaxes de empregar o software elixido, neste caso a extensión QGIS2Web de QGIS, que é de código aberto e gratuíta. Por outro lado, por mor do xeito en que esta aplicación xestiona os datos, non resulta cómodo nin sinxelo agrupar información abundante nun mesmo mapa. Por iso, decidimos descartar unha das pretensións iniciais do proxecto, que consistía en estabelecer un sistema de representacións que agrupase diferentes atributos, como se pode observar na seguinte táboa.

Atributo	Valor	Vista no mapa
Tamaño	Edificio	Tamaño: pequeno
	Cidade	Tamaño: medio
	Rexión	Tamaño: grande
Categoría	Localización	Cor: Vermello ( )
	Espazo proxectado	Cor: Violeta ( )
	Marcador	Cor: Negro ( ) / Transparente

116 «GeoNames», «OpenStreetMap Nominatim: Search» e «Wikimedia».
117 <https://oslugaresdascantigas.gal/itinerarioafonsino/mapainteractivo/>.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ruta e Viaxe	Ruta	Forma: Liña (—)
	Punto de chegada	Forma: Frecha (►)
	Punto de partida	Forma: Frecha invertida (◄)
Relevancia	2	Opacidade: 100%
	1	Opacidade: 75%
	0	Opacidade: 50%
Ocorrencias	Porcentaxe proporcional ao número de veces que se mencione o lugar no conxunto das CSM, expresado a través dun mapa de calor.	

Táboa 8: Proposta inicial de mapa para as CSM.

Xa que en QGIS2Web só conseguimos exportar figuras en forma de círculo, nos mapas que se encontrarán na web poderá observarse que tivemos que recorrer a métodos máis creativos, como por exemplo combinar cores ou introducir un círculo dentro de outro de maior tamaño. Con todo, isto non substitúe o noso modelo e o noso desexo por representar os obxectos dos mapas dunha maneira concreta. Son soamente alternativas temporais producidas por limitacións técnicas que confiamos en superar no futuro.

Mentres non se encontren solucións tecnolóxicas óptimas, que poderían pasar por unha mellora desta aplicación ou por empregar outro tipo de programas de pago, a proposta da táboa anterior non se poderá realizar. Por isto, limitarémonos a indicar que, na medida do posíbel, no proxecto seguimos algunhas das recomendacións do LAE en canto á representación de elementos, como o criterio de cores, que identifica os «setting» co vermello e os «projected space» co violeta.

Para finalizar, indicamos que na creación dos mapas seguiremos o Sistema de referencia de coordenadas WGS 84 / Pseudo-Mercator (EPSG: 3857). Como base do mapa tentaremos escoller sempre imaxes do terreo físico, sen información de topónimos nin delimitación de territorios. Por suposto, tamén teremos en conta as súas cores, para facilitar a lectura dos puntos e o texto que incorporaremos ao mapa.

Os problemas mencionados teñen dificultado a creación dunha proposta de visualización de espazos, así como dunha plataforma, tan novidosa, consistente e interactiva como se desexaba. Con todo, e tendo en conta ademais de que se trata soamente dunha primeira versión, confiamos en que será unha ferramenta válida e útil tanto para afondar no coñecemento das CSM, como para invitar a que se achegue a elas quen aínda non as coñece. Ademais, grazas á metodoloxía escollida, esperamos que os formatos e estruturas usadas se manteñan válidas no futuro, capaces de soportar avances, novas funcionalidades e mesmo cambios de software. Por iso, en definitiva, consideramos que o resultado do traballo exposto cumpre as expectativas e os obxectivos marcados no inicio da tese doutoramento.

1.4.5 Traballo futuro e mantemento

Como podemos ver, o proxecto que formulamos non está pensado para ficar inmóbil, senón para manterse en constante crecemento. Por este motivo, entendemos que é necesario detallar cales serán as nosas vías principais de traballo no futuro e o modo en que manteremos a web, xa que acreditamos que nun proxecto web destas características é tan importante planificar a súa creación como a súa —inevitábel— desaparición.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os próximos meses e anos estarán dedicados a corrixir e completar os contidos da web, comezando por aqueles que xa se encontran dispoñíbeis, como o catálogo de CSM e os rexistros de lugares e iluminuras. Consideramos que resulta fundamental escoitar os comentarios dos distintos usuarios e de voces expertas, que confiamos en que colaboren alertando de erros e propoñendo melloras tanto a nivel de contido como estruturais.

Unha vez que os tres eixos principais da web (CSM, lugares e iluminuras) estean completados, procederemos a iniciar e rematar outros proxectos, como o do Itinerario afonsino ou o dos lugares das fontes das CSM. Así mesmo, guiados polos comentarios dos usuarios, neste segundo momento tamén contemplaremos a posibilidade de ampliar os campos da base de datos existente.

No medio prazo, dado que o noso futuro laboral estará orientado á informática (e non á investigación en Humanidades) consideramos que sería conveniente reescribir a estrutura da web, substituíndo o software que empregamos actualmente (*WordPress*) por outro que consideremos máis axeitado, priorizando a eficiencia do sistema e tentando manter unha interface que resulte intuitiva e sinxela para os usuarios, tendo especialmente en conta aqueles menos familiarizados co uso de tecnoloxías ou aqueloutros con necesidades de accesibilidade especiais.

Para falar da importancia do mantemento da web, en primeiro lugar debemos ter en conta que nos últimos anos teñen proliferado numerosas ferramentas en liña de grande utilidade dedicadas a distintos eidos das Humanidades. Entre elas, destacan aquelas próximas aos Estudos literarios, tal e como expuxemos no Estado da cuestión. En moitas ocasións, estas deixan de actualizar os seus contidos e a súa estrutura a partir dos primeiros anos de vida, permanecendo case intactas ao longo do tempo para, finalmente, no medio ou longo prazo, acabar ficando obsoletas ou, simplemente, desaparecer, ben sexa polo modo en que foron construídas ou ben pola falta de mantemento do proxecto. Aínda que non se trata dun tema que nos concirne agora, consideramos que é importante ter en conta este factor para tratar o mantemento e supervivencia futura do noso traballo.

No noso caso, como xa dixemos, falamos dun proxecto elaborado soamente por unha persoa (eu mesmo), que se encargará tamén de actualizar e manter tanto os contidos da web (cantigas, rexistros, mapas etc.), como aqueles elementos de carácter técnico. Isto provoca que, necesariamente, a supervivencia da web dependa en exclusiva da nosa dedicación, do noso traballo e da importancia de sufragar constantemente os gastos derivados de cuestións como o aloxamento web. Como veremos ao longo desta tese, estamos animados a facelo e confiamos en que sexa así, mais non debemos perder a perspectiva que nos ofrece a experiencia de proxectos anteriores.

Como resulta evidente, esta web é un exercicio académico individual. Non contamos cun grupo de investigación nin cunha institución que pague recorrentemente os gastos que exixe nin que asegure que a web se manteña con vida unha vez que o investigador e desenvolvedor principal non se poida encargar dela. Dito doutro modo: a pesar da nosa votade e dos nosos esforzos por seguir actualizando o proxecto e melloralo, se no longo prazo ningún centro académico acepta, ao menos, aloxar *Os lugares das Cantigas*, será inevitábel que a web desapareza.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así, tendo isto en conta e dando por feito que os nosos esforzos irán dirixidos principalmente á supervivencia do proxecto en liña durante o maior tempo posíbel, poderiamos trazar, *grosso modo*, o posíbel futuro de *Os lugares das Cantigas*:

1. Primeira fase aberta ao público. Durante esta etapa os obxectivos serán completar os contidos dispoñíbeis, recibir críticas, realizar melloras e procurar colaboración. A duración desta etapa é incerta, xa que esta tese marcará o fin da nosa relación co mundo académica e o inicio doutro momento vital con outros obxectivos de seu.
2. Nun segundo momento, en caso de non ter conseguido facer que o proxecto prospere, documentariámonos para procurar as mellores solucións e comezariamos a volcar a web a formatos de datos con maior durabilidade e máis flexíbeis, que poidan ser aproveitados por outras persoas e con outros propósitos. Referímonos, por exemplo, a arquivos SQL, mais tamén a outros a través dos que compartir imaxes, mapas e outro tipo de obxectos dixitais.
3. Finalmente, chegaría o momento de realizar a publicación dos novos arquivos e procurar a súa difusión.

Cabe recalcar, de novo, o noso compromiso con este proxecto. Confiamos en que *Os lugares das Cantigas* teña aínda un longo percorrido por diante. De feito, esta tese está a realizarse paralelamente ao estudo dun grao superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas, que é por onde pretendemos dar continuidade á nosa vida laboral. O que se aprenda durante este percorrido será, sen dúbida, posto en práctica e confiamos en que resulte beneficioso para a comunidade científica e mais para aquelas persoas interesadas no estudo da lírica medieval.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2 O ESPAZO NAS CSM

Nas seguintes páxinas apuntaremos algunhas ideas aínda pouco exploradas acerca da análise do espazo das CSM e que consideramos que deben ser —como mínimo— mencionadas, co desexo de que sexan suxestivas para a lectora ou que poidan dar lugar a novas vías de estudo. Deste xeito, avanzaremos desde o máis xeral e coñecido até as novas ideas que desexamos introducir. Así mesmo, confiamos en que estas páxinas sirvan tamén para facilitar a comprensión deste traballo e das propias CSM, dando continuación ao xa tratado no epígrafe 1.1 As *Cantigas de Santa María*.

Para facilitar a comprensión e debido a que trataremos conxuntamente texto e iluminuras das Cantigas, anexamos a imaxe do folio que contén unha das iluminuras, a da CSM 100, de loor, en T-I-1, por ser unha das máis recoñecíbeis. Xunto a ela, a edición crítica realizada por Walter Mettmann[118].

Esta é de loor.

Santa Maria,
Strela do dia,
mostra-nos via
pera Deus, e nos guia.

Ca veer faze-los errados
que perder foran per pecados
entender de que mui culpados
son; mais per ti son perdõados
da ousadia
que lles fazia
fazer folia
mais que non deveria.
Santa Maria…

Amostrar-nos deves carreira
por gãar en toda maneira
a sen par luz e verdadeira
que tu dar-nos podes senlleira;
ca Deus a ti a
outorgaria
e a querria
por ti dar e daria.
Santa Maria…

Guiar ben nos pod' o teu siso
mais ca ren pera Parayso
u Deus ten senpre goy' e riso
pora quen en el creer quiso;
e prazer-m-ia
se te prazia



Figura 8: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 100, Ms. T-I-1, f. 145r.

118 Mettmann (ed.), *Cantigas de Santa María*, 1:304.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que foss' a mia
alm' en tal compannia.
Santa Maria…

2.1 Loanzas e milagres

2.1.1 O espazo nas cantigas de loor

Comezaremos por aquelas de carácter principalmente lírico dedicadas a loar a Virxe e que, a pesar de non supor o corpo central desta tese, son fundamentais para comprender o conxunto das CSM. Nelas parece existir certa ambigüidade difícil de determinar no que respecta ao espazo, xa que se moven entre contornas abstractas, lugares divinos e rexións históricas propias de feitos bíblicos. Fronte a elas, como veremos, nos milagres encontramos unha clara diferenciación entre o espazo que actualmente poderiamos denominar «terrestre» e todos aqueles entre os que estarían inseridos o Ceo, o Paraíso ou Inferno, os cales son frecuentemente referenciados nas CSM de loor.

A relación entre texto e imaxe é unha das máis importantes diferenzas a ter en conta entre as cantigas de milagre e as de loor. Nas primeiras, as iluminuras parecen ser un complemento que desexa ilustrar os feitos narrados —a «historia»— nos poemas, representando un espazo e uns tempos concretos, os da cantiga. Pola contra, as imaxes que acompañan as lores a Santa María parecen pretender achegarse máis á «idea» transmitida mediante as palabras, tentando traducir directamente as metáforas textuais a elementos ou tropos visuais, como dá mostras a primeira viñeta do folio 145r (figura 8), a «estrela do dia»[119]. Deste xeito, as iluminuras das decenais ou de cantigas narrativas excepcionais como a 29, están lonxe da representación de feitos narrativos. Os textos das cantigas de loor apenas posúen información de interese para un estudo espacial e están situadas, como veremos, nunha temporalidade incerta ou mesmo inexistente[120].

Incluso, a pesar de que Afonso X non sempre está directamente mencionado nos textos, unha das características das cantigas de loor é a habitual presenza do rei Sabio nelas. Perante as CSM de milagre, nas que o monarca se limita a narrar os feitos ou intervir persoalmente neles de xeito moi puntual (como protagonista que sofre e goza do milagre da Virxe María), nas de loor é un personaxe frecuente. Aquí o rei salienta a súa faceta como «monarca trobador» de Santa María, enraizando na tradición lírica medieval de devoción á Virxe e actuando como un intermediario entre esta e os seus súbditos, habitualmente representados como cortesáns[121].

A presenza de Afonso X nas iluminuras é interesante, xa que achegaría, *a priori*, información sobre o «tempo histórico»[122], que nos permitiría situar o conxunto do que vemos na Historia. Entendemos que se distinguimos o monarca é porque nos situamos no presente das CSM, no século XIII. Este tempo cronolóxico vén noutras ocasións indicado, ou

119 Chico Picaza, «Composición, estilo y texto en la miniatura del Códice Rico de las CSM», 163-164.
120 Aquelas referencias de interese para análise espacial están recollidas na base de datos en liña.
121 Véxase o capítulo dedicado ás «Cantigas de *Loor*» en Fidalgo Francisco, *As Cantigas de Santa María*, 141-206 ou o artigo de Ana Domínguez «Imágenes de un Rey Trovador de Santa Maria (Alfonso X en las Cantigas)».
122 Reis e Lopes, *Dicionário de narratologia*, 385-391.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

simplemente referido, por escenas históricas, como a creación de Adán e Eva (CSM 60, 270 e 320) ou a Paixón de Cristo (CSM 50, iluminuras da 140, 170, 190 e outras). Con todo, esta información soamente é extraída *a posteriori*, xa que no texto das CSM de loor non hai alusións explícitas ao tempo cronolóxico ao que fan referencia. De feito, a presenza de personaxes ou escenas como as agora sinaladas débese principalmente ás iluminuras, xa que a súa aparición no texto é anecdótica ou metafórica.

En canto ao tempo do relato, somos incapaces de apreciar unha secuencia ou orde de escenas, así como presenza do tempo nas viñetas, nin desde unha análise colectiva das mesmas (do conxunto das iluminuras da cantiga), nin individual (illando cada cadro do resto). Tal e como se pode apreciar no folio 145r da CSM 100 (figura 8), as iluminuras non están dispostas seguindo unha historia narrativa ou secuenciada comprensíbel por si mesma, senón como representacións metafóricas do texto ao que acompañan e tentando seguir a mesma orde na que se sitúan os versos aos que fan referencia[123]. Debido ao contido simbólico destas escenas, resulta imposíbel percibir o tempo das mesmas. Con todo, probabelmente debido ás dificultades que supoñía a súa representación para o grupo de iluminadores, transluce de xeito indirecto algún tipo de sensación temporal dos personaxes que habitan estes recadros. É grazas á súa mímica, á súa expresión facial, ao movemento dos pés, aos seus xestos (tanto se os observamos de maneira individualizada como colectiva, apréciase a disposición do grupo para axeonllarse en fronte da Virxe en 100c) ou á súa roupa. Tamén é de destacar o xesto apuntado por Ana Domínguez na CSM 70: Afonso X suxeitando a Virxe polo seu manto (figura 9)[124].

Mantendo aínda o foco na percepción do tempo nas CSM de loor, cómpre fixarse nun tipo de contido visual, pouco habitual, que evoca escenas exemplificativas propias da vida cotiá, como a quinta viñeta da CSM 130 (figura 10), que dá unha mostra dos negativos efectos de idolatrar unha «Sennor» que non sexa Santa María. Descontextualizadas, as iluminuras da CSM 130 parecerían pertencer a unha cantiga de milagres, tanto pola ausencia de personaxes celestiais ou de Afonso X, como pola presenza da paisaxe urbana, soamente empregada de xeito evidente aquí e na viñeta «f» da CSM 140, co mesmo propósito. Nas cantigas de loor, estes son os dous únicos exemplos nos que a través das imaxes observamos espazos recoñecíbeis, mais nos que, aínda así, seguimos sen obter información sobre o tempo, alén do xa explicado. De novo, ningún destes casos é explicitado no texto, senón que a súa aparición é propia das iluminuras.

Finalmente, outra das trazas das cantigas de loor é a habitual presenza de espazos sobrenaturais (figura 9). Estes non son exclusivos deste tipo de CSM e aparecen tamén nas narrativas, a pesar de que o fan cunha proporción claramente inferior: 12 fronte a 40, segundo Chico Picaza[125]. Debido a que este tipo de escenografías non serán tratadas aquí, sería aconsellábel a consulta da tese da profesora Chico.

123 Para un estudo maior da tradución do texto das CSM a imaxes, recoméndase a lectura de *Los rostros de las palabras* de Rocío Sánchez Ameijeiras, especialmente do sétimo capítulo.

124 No seu artigo, a profesora Domínguez apunta que isto acontecería na CSM 120, mais entendemos que se trata dunha grafía. Domínguez Rodríguez, «Retratos de Alfonso X en sus manuscritos», 103.

125 Chico Picaza, *Composición pictórica en el Códice Rico de las Cántigas de Santa María*, 329-405.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 9: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 70, iluminura «c», Ms. T-I-1, f. 118r.



Figura 10: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 130, iluminura «e», Ms. T-I-1, f. 184r.

2.1.2 O espazo nas cantigas de milagres

O segundo tipo de CSM, as narrativas, contan un milagre realizado pola Virxe. Estas serán o obxecto principal do presente traballo, xa que, como se advertiu, conforman o núcleo principal da colección mariana e abordan o espazo desde múltiples perspectivas. Con todo, a pesar de que nos centraremos nelas máis adiante, polo miúdo, cómpre sinalar algunhas ideas previas sobre as principais trazas do espazo e tempo nestes milagres, xa que é necesario coñecelas para abordar futuros temas desta investigación e tamén para contrapoñelas ás características das cantigas de loor anteriormente referidas.

Cómpre comezar lembrando o que xa foi dito: as cantigas de milagres son narrativas e nelas os feitos acontecen un tras outro até chegar, habitualmente, á culminación da historia coa intervención de Santa María e o agradecemento posterior dos devotos e do rei. A historia acostuma finalizar cun recordatorio dos motivos polos que debemos loar e servir á nai de Xesucristo. A estrutura do texto da cantiga iníciase coa rúbrica, que anuncia a acción da Virxe e, nalgúns casos, tamén a localización da mesma: «Esta é como Santa Maria levou o boi do aldeão de Segovia que ll' avia prometudo e non llo queria dar» (CSM 31). A continuación, unha das seguintes partes fundamentais da estrutura do texto é o refrán, e xa, despois deste, nas cobras, daría comezo a historia da cantiga, onde encontraremos topónimos, referencias a tipos de espazos (como igrexas ou casas) e narracións de viaxes ou outro tipo de movementos.

Como apunta Jesús Montoya, nos milagres medievais, a diferenza dos «exemplos» ou dos *lais*, «la trama de la acción se presenta (…) como real e histórica», precisando «lugares geográficos y la sucesión cronológica de los hechos», así como incluíndo «el nombre del beneficiario» do milagre ou nomes de posíbeis testemuñas[126]. As CSM son un claro exemplo

126 Montoya Martínez, «El tiempo y el espacio en el milagro literario», 120.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

desta descrición. Nos textos afonsinos, os feitos acontecen seguindo unha orde cronolóxica e claramente secuenciada. É dicir, conseguimos situar cada acción nunha liña temporal e esta, a do tempo do relato, coincide ademais coa do tempo en que os feitos son narrados. Esta é unha das principais diferenzas con respecto ás cantigas de loor. Da mesma maneira, en boa parte das CSM o monarca apresúrase a sinalar, como parte da *captatio benevolentiae*, unha das localizacións principais ou unha cronoloxía próxima que permitan encadrar os feitos nunha realidade próxima ao público[127].

Ao longo do texto, é habitual encontrar máis referencias xeográficas. Así, en moitas ocasións saberemos a procedencia dos personaxes de cada historia, os santuarios aos que se desprazan ou coñeceremos referencias xeográficas de lugares próximos ou que formaron parte dalgún percorrido. As viaxes son, de feito, un dos principais elementos característicos das CSM narrativas. Como se explicará no epígrafe 3.2.3, «Desprazamentos e viaxes», contabilizáronse un total de 124 cantigas que poderían pertencer a esta tipoloxía, das que moitas acostuman ser quinquenais e estar, por tanto, iluminadas a dobre páxina, é dicir, contar con 12 en lugar de con 6 iluminuras[128].

En numerosos casos, as referencias xeográficas parecerían ser usadas como recursos rítmicos, como se non pretendesen engadir información ao relato. Un dos exemplos máis coñecidos atopámolo na CSM 7, sobre unha abadesa «d'ordin d'Onna» que ficou embarazada «dun de Bolonna». O «Bispo do logar», «de Colonna», deulle unha reprimenda e finalmente Santa María mandaría criar o seu fillo «en Sanssonna»[129]. A pesar de que poderiamos pensar que as localizacións son inventadas e que soamente serven como un recurso estético, consideramos que deste xeito estariamos minusvalorando as capacidades de composición poética do *scriptorium* afonsino[130]. Así, non habería que ollar para circunstancias como esta en busca do realismo, senón da función da xeografía en relación cos obxectivos da(s) cantiga(s). Neste caso, como analizaremos no epígrafe 3.1, tentaríase internacionalizar o espectro xeográfico das CSM e que os milagres abranguesen o mesmo territorio que o seu compositor, futuríbel Rei de Romanos, esperaba controlar[131]. Isto sería así, ao menos, até 1275, cando Afonso X renuncia aos seus dereitos ante o Papa, aínda que posteriormente a esta data continuaríanse compoñendo novas cantigas.

2.2 O ESPAZO COMPOSITIVO DAS ILUMINURAS

Este capítulo debería continuarse cun estudo máis exhaustivo do espazo creado polos miniaturistas das CSM. Non obstante, dado que non encontramos resultados de interese, ou que non encaixaban nos obxectivos desta tese de doutoramento, esta cuestión recibirá menos atención da inicialmente prevista. Porén, ben por non atopar resultados de interese nos

127 Fidalgo Francisco, *As Cantigas de Santa María*, 108-135.

128 Sobre as cantigas quinquenais e a súa función no texto remitimos ao artigo de Chico Picaza «Composición, estilo y texto en la miniatura del Códice Rico de las CSM». Aquí, a profesora demostra a estreita relación entre o devandito tipo de cantigas e as viaxes. Como sinala, o texto destas cantigas non son necesariamente máis longos, como si son as iluminuras (que pasan de 6 a 12) e, en cambio, a temática das mesmas parece estar maioritariamente orientada a viaxes por terras afastadas ou de longa duración.

129 Por esta orde, citamos fragmentos dos versos 54, 15, 27, 28 e 44. Mettmann identifica «Colonna» coa cidade alemá Köln, «Sanssonna» con Soissons e «Onna» con Oña, en Burgos. Mettmann (ed.), *Cantigas de Santa María*, 1:76.

130 Luciano Rossi tamén defende unha escolla deliberada das localizacións en «Realtà e finzione narrativa in due testi alfonsini».

131 Snow, «La utilización política de la devoción mariana en el reinado de Alfonso X, el Sabio (1252-1284)».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

primeiros estadios da análise ou ben porque se incluían con dificultade no actual esquema temático, o estudo do espazo creado a través da composición das iluminuras ficou nun segundo plano. Con todo, como veremos, algunhas das viñetas están contidas dentro das clasificacións visuais presentadas na páxina web da tese porque achegan información secundaria que complementa a aquela máis importante.

A diferenza da xeografía, da paisaxe ou doutras cuestións que teñan que ver co espazo —que, polo de agora, non teñen ocupado demasiados estudos—, a representación e o estilo pictórico das Cantigas historiadas das CSM si teñen sido o tema de numerosos traballos, que xa foron repasados anteriormente no Estado da cuestión[132]. Aquí, non pretendemos repetir o xa expresado, senón tentar de complementar as súas teorías con ideas ou exemplos que nos parecen de especial interese.

Por outro lado, aproveitaremos tamén estas páxinas para remachar algunhas das características visuais das iluminuras que clasificamos na base de datos e ampliar as anteriores análises cando o consideremos conveniente. Isto axudará a comprender mellor o traballo feito e a comezar a ver algunhas das súas posibilidades para o futuro.

Unha das primeiras peculiaridades que podemos observar facilmente tanto nas CSM de milagres (figura 11) como nas de loor (figura 12) é a relación visual entre as iluminuras contiguas no eixo horizontal, un aspecto que xa ten sido estudado por autoras como Chico Picaza e que engloba a todos aqueles grupos de imaxes entre as que existe un elemento que, rompendo o plano compositivo, engarza o representado en ambas viñetas[133]. Esta circunstancia vén acompañada en moitas ocasións pola presenza de elementos que saen por fóra do marco da viñeta e que ligan as dúas imaxes. Trátase normalmente de partes de barcos e de edificios, pergameos, armas, roupas, obxectos sagrados e, principalmente, partes do corpo humano, entre as que destacan cabezas e pés.

Os exemplos que provocan máis interese por este tipo de peculiaridades son aqueles en que, por mor do elemento visual, a caixa do *titulus* queda fracturada, o que nalgunhas ocasións obriga a desprazar o texto e mesmo a facer que este ocupe o espazo propio da iluminura. Podemos achar mostras disto na CSM 310 (figura 12); na coñecida 103, onde é o paxaro quen rompe co marco (figura 41), ou en todas aquelas clasificadas actualmente na páxina web[134].

Inicialmente barallouse a hipótese de que a colocalización de certos elementos fóra do marco fose voluntaria e que contase con algún tipo de carga simbólica. *A priori*, poderiamos afirmar que se trata dun mecanismo para diferenciar personaxes divinos (ou que non habitan a esfera terrestre) do resto, mais non todas as representacións semellantes ás da figura 12 repiten este patrón. Por outro lado, a partir de casos como os das imaxes da figura 11, sería posíbel indicar que estamos ante un recurso para chamar a atención de certos personaxes, habiten ou non o espazo terrestre, ou de certos elementos de importancia. Con todo, isto non nos permitiría entender o motivo polo que encontramos obxectos tan diversos, e sen aparente

132 Recuperamos algúns dos que nos parecen máis significativos, como os realizados por Chico Picaza (*Composición pictórica en el Códice Rico de las Cántigas de Santa María*) e Domínguez Rodríguez (*La Miniatura en la corte de Alfonso X*).

133 Chico Picaza, *Ibid*. e «Composición, estilo y texto en la miniatura del Códice Rico de las CSM».

134 Podemos procurar elementos sobresaíntes na sección «Busca de iluminuras»: <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigas-desantamaria/iluminuras/busca/>

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

relevancia para a historia, sobresaíndo do marco como moitos dos que clasificamos na base de datos.




Figura 11: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 119, iluminuras «c» e «d», Ms. T-I-1, f. 169v.



Figura 12: CSM, Códice de Florencia. Cantiga 310, iluminura «a». Biblioteca Nazionale Centrale di Firenze, Ms. B.R.20, f. 36r.

Tamén, consideramos necesario incluír aquí outro aspecto ligado coa figura 11 e con aqueles elementos que saen do marco dunha iluminura para conectalos coa contigua. Trataremos agora aqueles unidos mediante xestos e miradas e cuxa unión se produce de xeito repetitivo no mesmo grupo de iluminuras, tal e como veremos nas figuras 15 e 16, que conteñen os folios das CSM 110 e 142, respectivamente. Estas son, xunto coa 165 (figura 17),

os mellores exemplos para falar do diálogo que os miniaturistas crean entre dous tipos de espazo opostos[135].

Outra cuestión de especial interese e que entendemos que é conveniente, ao menos, apuntar aquí, é a aparición de espazos que non parecen ser terrestres nin divinos —ou unha mestura de ambos—, como o representado na escena da CSM 15 na que San Mercurio baixa á Terra desde o Ceo, ou a práctica totalidade das iluminuras da CSM 29. Esta última, xa mencionada, deu probabelmente serias dificultades aos artísticas plásticos das cantigas, xa que, a pesar de ser un milagre, non narra feitos concretos, senón que enuncia e describe as dúas pedras achadas en «Gessemani» semellantes á Virxe María. Por iso as súas imaxes mostran escenas que parecen repetidas e nas que tampouco se distingue con claridade se estamos ante espazos terrestres ou do máis alá[136].



Figura 13: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 29, iluminuras «a» a «d», Ms. T-I-1, f. 44r.

Fixándonos na CSM 15, concretamente na cuarta iluminura da figura 14, comprobamos a dificultade de afirmar se o cabaleiro San Mercurio habita un espazo mundano ou sobrenatural, seguindo a terminoloxía de Chico Picaza[137]. Na imaxe, non hai liña de chan nin elementos

135 Sen dúbidas, sería interesante un estudo que afondase no espazo do folio e na ruptura dos límites do marco imposto, xa que quizais poida axudar a comprender mellor o proceso de creación das imaxes dos *Códices das Historias*. Por desgraza, este tipo de estudos sobre a materialidade do soporte das CSM escápase aos obxectivos deste tese.

136 A este respecto, recomendamos a lectura de Kinkade e Keller, «Myth and Reality in the Miracle of Cantiga 29», Chico Picaza, «Composición, estilo y texto en la miniatura del Códice Rico de las CSM», 174 ou Prado-Vilar, «The Parchment of the Sky», 498 e ss.

137 Chico Picaza, *Composición pictórica en el Códice Rico de las Cántigas de Santa María*, 328 e ss.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

naturais ou arquitectónicos. A única pista sobre a súa localización podería dárnola o seu desprazamento. Seguindo a mencionada autora, nas CSM a maioría das iluminuras que representan alguén a desprazarse cara a unha porta situada á dereita da iluminara é porque se pretende indicar que vai abandonar un lugar[138]. Neste caso, como dixemos, non vemos figuras arquitectónicas, mais poderiamos asumir que se está imitando o mesmo tipo de movemento.

Nos *Códices das Historias* podemos encontrar algunhas iluminuras de cantigas de milagres nas que nunha representación do espazo terrestre aparece un semicírculo que conteña personaxes divinos (36c, 36d, 105b, 145d ou 182c), mais todas, como dicimos, conteñen numerosos elementos que nos fan saber que estamos ante unha escena que se desenvolve no mundo terreal. Inevitabelmente esta escena tamén nos leva a pensar na pantasma da CSM 42, que aparece no mundo dos humanos vestida cunhas teas brancas case transparentes, semellantes ás de San Mercurio.

En realidade, a chave para entender este tipo de representación está no propio texto, que nos conta que mentres San Basilio pedía á Virxe unha salvación, ficou durmido fronte ao altar (15c) e alí tivo unha visión na que aparecía o mencionado santo guerreiro (15d) e derrotaba o emperador Xuliano «o Apóstata» (15e), acabando cos ataques deste á poboación de Cesarea (actual Kayseri, en Capadocia).




Figura 14: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 15, Ms. T-I-1, ff. 11v-12r. As imaxes poden verse con máis resolución en <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigadesantamaria/015/>.

138 Chico Picaza, *Ibid*., 158.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sen movernos da CSM 15, encontramos outra peculiaridade de interese para achegarnos ao espazo do cancioneiro mariano afonsino, que ten que ver cun modo de representar o espazo interior que nos parece pouco usual, xa que non atopamos outras cantigas coas que contrastalo. Para comprendelo é necesario observar as iluminuras e entrar na historia relatada.

Tras a visión de San Basilio, este vai na procura de evidencias da morte que acababa de presenciar, polo que se dirixe de novo ao interior da igrexa (iluminura 15f), xa representada nas iluminuras «b» e «c». Aquí encontra a tumba do cabaleiro de Xerusalén, San Mercurio, na que, ao contrario do que sería o normal, non se atopaban as súas armas, polo que deduce que a súa visión foi real. Mentres que anteriormente só observaramos o altar e as súas proximidades, nesta viñeta e nas do seguinte folio veremos numerosos elementos que comparten o espazo da representación coa imaxe da Virxe María. Na iluminura 15f vemos a tumba do santo guerreiro e na 15m outra, sobre a que xa observamos unhas armas penduradas da parede, acción representada na viñeta 15g. A continuación, na 15h, chegan as noticias da morte de Xulián, polo que os miniaturistas decidiron colocar á esquerda da imaxe a porta de entrada da igrexa, pola que se albisca a cabeza do cabalo no que tería chegado o filósofo Libano. Este, debido ao milagre que se produciu, será convertido ao cristianismo e recibirá o bautismo nunha pía que observamos na iluminura 15i, tamén aparentemente debaixo das armas.

A aparición de diversos elementos que corresponden a diferentes partes dun templo, como a porta de entrada, a pía bautismal, as tumbas ou a área do altar, combinada con outros fixos como o propio altar ou as armas penduradas nunha das paredes, conforma unha visión esquemática e flexíbel da igrexa. Deste modo, desde unha perspectiva que combina diferentes partes do templo e mantén o altar como elemento predominante e permanente, semella, ao noso parecer, que os miniaturistas das CSM queren convidarnos a xirar e observar a totalidade do templo, sen esquecer a xerarquía daqueles obxectos que non podemos perder de vista.

As armas que testifican a vitoria do cabaleiro son penduradas na iluminura 15g dos muros da «igrexa». É a primeira vez que na cantiga hai constancia da existencia de paredes, xa que en ningún momento se pinta o fondo ou se interactúa co mesmo. A pesar de que aquí a representación do habitáculo non ten variado, a inclusión de elementos como o cravo testifica a presenza do muro, estabelecendo un límite no envoltorio arquitectónico e limitando a concepción espacial do interior. O edificio, que até o de agora soamente lle dera á arquitectura un valor de «sucedáneo de huecos» e «marco», amplifica o seu valor converténdose nun elemento activo e transcendente na narración[139].

Como podemos observar nas figuras 15 e 16, os miniaturistas deciden crear dous planos que dialogan entre si, mais separando un dos outros. Na CSM 110 observamos dous mundos: á esquerda o terrestre que, parafraseando a Prado-Vilar, mostra «to the world outside the manuscript», mentres que «the section on the right refers to the visions generated in Alfonso's mind»[140]. Na CSM 142 vemos a un lado o grupo de cabaleiros que foran de caza e ao outro a captura da garza. Aquí, particularmente, observamos como se inverteu a estrutura da narración

139 Chico Picaza, «"La Arquitectura desde la Miniatura", una aproximación desde la Baja Edad Media castellana», 59-62.

140 A cita é de Prado-Vilar, «The Parchment of the Sky», 485. Así mesmo, entendemos que tamén é necesaria a lectura de Sánchez Ameijeiras, *Los rostros de las palabras*, 177 para unha mellor comprensión da figuración dos tropos da CSM 110, neste caso.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nas imaxes, que debemos ler en orde a-b-c-d-f-e, xa que a entrega da garza é a última acción narrada no texto. Seguir o poema tería roto a uniformidade das imaxes.

En terceiro lugar, na CSM 165, observamos un claro exemplo da dicotomía dentro-fóra da que falaba Zumthor[141]. No lado esquerdo encontrámonos co sultán Boubars no seu ataque a Tortosa de Ultramar, cidade que vemos defendida nas iluminuras da dereita. Nas últimas viñetas vemos unha pequena variación do esquema habitual, xa que, debido á imposibilidade de entrar na cidade grazas á axuda divina, o guerreiro decide abandonar a loita e loar as virtudes de Santa María. Na iluminura «m» observámolo rodeado do seu exército apuntando á dereita (iluminura «n») co dedo, mentres o grupo se despraza á esquerda. Está indicando o camiño de entrada a Tortosa[142]. Por iso, a continuación, vemos de novo a imaxe da cidade, mais agora o sultán está dentro, axeonllado e realizando unha ofrenda perante o altar da Virxe.




Figura 15: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 110, Ms. T-I-1, f. 157v.



Figura 16: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 142, Ms. T-I-1, f. 198r.

A outra pequena alteración da distribución espacial que conteñen as iluminuras poderiamos advertila na segunda viñeta, na que «Bondoudar» está sentado de pernas cruzadas dando a orde, como reza o *titulus*, de «tomar Tortosa». Pese ás evidentes diferenzas temáticas entre esta imaxe e todas as demais situadas na columna dereita, aquí estamos ante unha iluminura pechada, urbana, como nas outras, e, principalmente, ante unha representación do

141 Zumthor, *La medida del mundo*, 58-61.

142 Recordemos a cita 138 (páxina 72), na que trasladabamos a conclusión de Chico Picaza arredor das entradas e saídas dos espazos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sultán nun espazo interior con arcos na que o protagonista ocupa o lugar que habitualmente os ilustradores dedican á Virxe. É precisamente a última iluminura, tamén á dereita, a única na que observamos o altar mariano, mais agora Boubars non está no seu trono, senón de xeonllos ante Santa María. Cómpre sinalar a numeración dos folios no manuscrito: a primeira páxina de iluminuras está no verso e a segunda no recto; é dicir, que ambas eran vistas á vez, polo que a ligazón visual entre «b» e «n» podería non ser casual.




Figura 17: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 165, Ms. T-I-1, ff. 221v-222r.

A división en columnas destas cantigas respondería, desde o noso punto de vista, a un recurso que facilitaría a comprensión do texto a través das imaxes. Se imaxinamos o códice exposto mentres a cantiga é interpretada, resultaría fácil distinguir, a simple vista, os dous espazos principais nos que se desenvolve a acción[143]. A división funciona, precisamente, grazas á clara dicotomía que presentan estas cantigas en canto ao espazo dos personaxes: terreal/visións, ribeira/río, ou dentro/fóra da cidade. Ademais, a diferenza do que acontece na maior parte da obra, nestes tres exemplos o comportamento dalgúns dos protagonistas é completamente estático. Afonso e o seu público non se moven na CSM 110, tampouco o rei da 142 e, na 165, desde a perspectiva xeral que ofrece o texto, practicamente tampouco mudan a súa posición os atacantes nin os defensores de Tortosa. Isto non é novo, acontece nas cantigas de loor, na CSM 29, naquelas nas que se producen asedios, nas que se narran enfermidades, e noutras moitas. Con todo, estas dúas características puideron ser suficientes

143 Fidalgo Francisco, «El público de las "Cantigas de Santa María". Algunas hipótesis acerca de su difusión».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

para resolver unha representación deste tipo, mesmo se había que modificar a orde de lectura das imaxes.

Nunha liña semellante ao que acabamos de ver, cómpre mencionar as «vistas panorámicas» que estuda Chico Picaza, e que se poden comprobar nas iluminuras de cantigas como a 169 ou 187, entre outras[144]. Nelas observariamos, en primeiro lugar, unha visión xeral da cidade para pasar, a continuación, a unha imaxe máis próxima do edificio no que teñen lugar os feitos, tal e como se un operador de cámara actual fixese *zoom* no centro da acción.

Como vemos, no espazo do folio, do receptáculo da información visual das CSM, os iluminadores dos *Códices das Historias* parecen gozar de certa liberdade compositiva e de gran creatividade, como xa foi afirmado en moitas das referencias bibliográficas que temos citado. Así e todo, podemos constatar tamén un modo peculiar e dinámico de representar o espazo. Sen perder nunca de vista os principios que rexían a creación das miniaturas, os artistas das CSM propoñen en cada folio novos modos de ler cos ollos, cuxo nivel de complexidade podería vir determinado polo tipo de cantiga.

En calquera caso, parece quedar constatado que o espazo sobre o que se sitúan os personaxes non é soamente un escenario sobre o que se sitúan figuras, senón que en función deste pode mudar a propia disposición das imaxes no folio, como acontece nos casos nos que debemos ler as iluminuras como bloques horizontais (CSM 119, 110, 142 e 165).

Por outro lado, o lugar onde estea cada personaxe, así como a súa disposición para levar a cabo unha determinada acción (o seu movemento), condiciona tamén o tipo de representación, como ten demostrado Chico Picaza e como vimos nas CSM 15 e 165. Este lugar, ademais, podería chegar a responder a unha tipoloxía —xeograficamente diversa, como veremos—, que condiciona tamén a representación.

Porén, fronte a isto, existe gran liberdade á hora de representar os espazos, tantos os interiores como os exteriores, xa que os iluminadores poden convidarnos a ollar para unha imaxe que está ao mesmo tempo en dúas e tres dimensións, como a igrexa da CSM 15, de cuxas paredes, invisíbeis e irrepetíbeis nas cantigas, se permiten pendurar unhas armas.

En definitiva, pese á carencia do concepto do espazo e á aparente incoherencia á hora de representar un lugar, comprobamos que aquilo que nós chamamos «espazo» podería ser percibido polos iluminadores, resultando decisivo á hora de crear a propia obra.

2.3 EXPRESIÓNS DE ESPAZO, MOVEMENTO E DISTANCIAS NO TEXTO

Nas CSM o espazo é expresado, principalmente, a través das iluminuras dos *Códices das Historias*, das referencias xeográficas que encontramos no texto e das descricións ou comentarios que acompañan a presentación de cidades, montañas ou outras localizacións. Con todo, hai unha fonte complementaria da que obter tamén información espacial e que cómpre non esquecer: a das descricións de movemento e os adverbios de lugar, que, como veremos, permítennos —en certa medida— chegar a reconstruír o espazo imaxinado polos trobadores que compuxeron esta serie de milagres.

Como di Aníbal Biglieri, a espacialidade pode encontrase na narración, sen necesidade de acudir soamente a descricións de lugares e, ás veces, grazas só ao movemento dos personaxes

144 Chico Picaza, «"La Arquitectura desde la Miniatura", una aproximación desde la Baja Edad Media castellana», 62.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

é posíbel a creación dunha «"imagen metal" del universo *diegético* que incluya un(os) espacio(s) en el que [estos] actúan»[145]. Podemos rastrexar a presenza de verbos, adverbios e expresións de movemento mediante unha lectura atenta do texto, que devolverá numerosos casos debido ao amplo corpus estudado. Porén, o resultado non será comparábel ao que poderiamos obter da mesma análise dun texto épico, por exemplo, como un cantar de xesta. Tomemos como mostra os seguintes versos da *Chanson de Roland*:

> Dist Oliver: "D'içe ne sai jo blasme.
> Jo ai veüt les Sarrazins d'Espaigne:
> cuverz en sunt li val e les muntaignes
> e li lariz e trestutes les palignes.
> Granz sunt les oz de cele gent estrange,
> nus i avum mult petite cumpaigne."
> (Chanson de Roland, 1082-1087)[146]

É difícil encontrar exemplos semellantes a este nas CSM, xa que nelas o texto céntrase na narración dos feitos e deixa algo máis desatendida a descrición, tanto en termos xerais, como, concretamente, a das localizacións. Entre os verbos, sen contar cunha análise cuantitativa certeira, parece que os máis frecuentemente empregados entre aqueles que achegan información espacial son «entrar», «ir» ou «andar», mais estes case nunca son acompañados por palabras que acheguen grande información espacial, alén dos adverbios de lugar.

Neste eido, é interesante o estudo de García Moral, que clasifica algunha das mencionadas clases de palabras encontradas nas CSM[147]. Con todo, parécenos que existen algunhas carencias no seu listado e que sería importante sumar, por exemplo, termos como «acolá» (CSM 135 e 256), «longe» (CSM 5, 25, 194 ou 359) ou «fora» (CSM 42, 51, 67, 226 ou 281). Probabelmente a estes habería que sumar outros, xa que a nosa achega é froito dunha idea inicial de clasificar palabras con información espacial ou movemento, como verbos, adverbios ou preposicións, como «ante» ou «dalende»[148]. Outros vocábulos, si recollidos por García Moral, como «alá», «alí», «acá» ou «aquí», son frecuentemente empregados nas CSM no final dos versos en posición de rima estabelecendo unha oposición entre dous lugares, como acontece neste exemplo da CSM 226, que narra como a Virxe coidou os integrantes dun mosteiro inglés que afundira na terra:

> Per ren non leixou mentre foron alá,
> nen ar que morressen come os dacá
> morrian de fora, ca poder end' á
> de fazer todo' esto e mais, sen dultar. (CSM 226, 43-46).

145 Biglieri, «Espacios narrativos medievales», 28.

146 Na tradución de Martín de Riquer: «Dijo Oliveros: "No veo deshonra en ello. He visto a los sarracenos de España: los valles, las montañas, las laderas y todas las llanuras están cubiertos de ellos. Grandes son las huestes desta gente extranjera, y nosotros tenemos una compañía muy menguada."» Riquer (ed.), *Chanson de Roland = Cantar de Roldán; y El Roncesvalles navarro*.

147 Moral, «El adverbio de lugar en las "Cantigas de Santa María"». Tamén é recomendábel a consulta de Gravely, «Unha mirada cara a *u* e *onde* n'As Cantigas de Santa María».

148 Como anunciamos na Metodoloxía, temos un listado de 255 rexistros deste tipo, onde a maioría son adverbios. Non descartamos voltar sobre esta cuestión e completar este traballo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Alén destes casos, frecuentes, existen poucos momentos nas CSM (do mesmo xeito que na meirande parte da lírica trobadoresca), nos que un movemento sexa descrito de xeito suficientemente amplo como para poder imaxinar a escena ou o escenario. Con todo, achamos algunhas excepcións que paga a pena salientar, como a da CSM 323, que conta os sucesos acontecidos en Coira «no tempo que Aboyuçef [Abū Yūsuf]| passou pelo estrito d'Algizira», en 1275[149]. Neste fragmento, no que abundan os verbos, acelérase a narración e imaxinamos multitude de persoas correndo dentro e fóra de Coira, así como o estado que as súas accións deixan ao seu paso na cidade.

> E el aquesto dizendo, | os mouros logo deitaron
> sas algaras e correron | e roubaron quant' acharon;
> e os de Coira correndo | todo o logar leixaron
> e fugiron, e ficaron | as casas desamaradas.
> (CSM 323, 22-25).

Outro xeito de achegarnos ás CSM é a través das distancias, normalmente incluídas de xeito ambiguo e hiperbólico nas narracións de viaxes. Nas CSM 112 e 115 atopamos dous exemplos moi semellantes de modos de expresar como de afastados están os personaxes en relación coa terra. Nelas, a distancia é exaxerada para incrementar a sensación de perigo e afastamento respecto a un lugar seguro:

> Ca ouvera tal tormenta
> que de **millas setaenta**
> correra ou **o[i]taenta**,
> querendo-ss' a nav' afondar. (CSM 112, 18-21).

> Contaria-vos de dur
> as mui grandes tormentas
> que sofreu no mar de Sur
> o moç, ca **trezentas**
> **millas** correu sen nenllur
> folgar, **ou quatrocentas**
> **ou quinentas**,
> sen ancora deitaren
> nen chegaren
> a terra d'Armenia. (CSM 115, 171-180).

A CSM 115 relata a viaxe realizada por un neno concibido en pecado, que peregrina desde Roma até a Montaña Negra, con varias paradas intermedias. Só uns versos máis adiante da narración do periplo mediterráneo, á saída de Roma, coñecemos o seu camiño a pé entre o que temos identificado como Antioquía até a devandita Montaña Negra[150]:

149 González Jiménez, *Alfonso X el Sabio*, 295-299.

150 Recoméndase consultar a web <https://oslugaresdascantigas.gal/lugar/montanas-nur/> para obter máis información sobre a identificación desta localización.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O camynn' enton colleu
o moç', e **gran jornada**
pois cada dia prendeu,
que nunca folgou nada,
ata que ll' apareceu
a hermida sagrada
    u morada
daquel religioso
    omildoso
era, que Deus servia. (CSM 115, 215-224).

Outro modo de indicar a distancia entre dous lugares nas CSM é mediante os días que se tardan en percorrer o camiño, aínda que atopamos poucos exemplos. A CSM 43 é un caso peculiar, xa que nela conviven diferentes expresións de tempo, algo pouco usual no conxunto afonsino. Nesta cantiga, unha muller de «Darouca» fica embarazada «a poucos de dias» de volver de Salas, onde fora co seu marido a pedir un fillo á Virxe. Sete anos após o nacemento do neno, este morre porque a súa nai nunca cumprira a promesa que fixera a Santa María. Tardaron catro días en chegar e, na súa pregaria, a nai do neno apunta que o cadáver leva xa dous días cheirando. Despois de pasar así toda a noite, tal e como indica a cantiga, o neno resucita, e na última cobra do milagre atopamos o número total de días que o neno pasara morto, seis.

Exceptuando o caso da CSM 115, non encontramos fontes textuais para o resto de cantigas das que temos falado neste epígrafe, polo que poderiamos supoñer que a información espacial incluída en cada unha delas é propia do *scriptorium* afonsino. Para a quinquenal referida, a do neno maldicido que cruza o Mediterráneo, tampouco observamos información semellante nas versións de Gautier de Coinci[151]. Afonso X e os axudantes non só decidiron incluír datos sobre as distancias ou a duración da xornada, senón tamén referencias xeográficas, como Armenia ou outras[152].

Os exemplos traídos até este punto poden parecer demasiado variados e insuficientes para un corpus de textos tan amplo como o das CSM. Así e todo, semella que xa podemos afirmar que no *scriptorium* do rei sabio había unha idea de retratar o movemento dos personaxes e a súa relación coa divina creación terrestre. Quizais fose un recurso rítmico ou un medio para causar unha impresión máis forte ou para axudar a dar verosimilitude aos feitos narrados, mais como vemos nas CSM abundan os indicadores espaciais, sen ter en conta incluso as referencias a lugares que veremos a continuación.

Como vemos, ao falar do espazo nas CSM non podemos limitarnos soamente ao amplo catálogo de edificios, cidades e rexións que recollemos neste proxecto. Sobre ese mapa, os textos axúdannos a imaxinar personaxes que se moven a diferentes velocidades e en moitos tempos distintos, e sobre territorios que coñecemos e dos que tamén sabemos a súa posición en relación con outros.

151 Koenig (ed.), *Les Miracles de Nostre Dame*, 2: 205-223. Tampouco o encontramos noutros textos posteriores ás CSM como Jean Mielot e Warner (eds.), *Miracles de Nostre Dame*, f. 20r–21v.

152 Para obter o resto de lugares mencionados nesta cantiga consúltese <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigadesantamaria/115/>.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Despois desta pequena introdución, é necesario afondar na información espacial que devolven os textos das CSM, así como poñela en relación coa das súas fontes e coa doutras obras contemporáneas semellantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3 XEOGRAFÍA

Como xa sabemos, nos textos das CSM podemos encontrar numerosos topónimos e referencias xeográficas. Ben como unha medida para captar a atención do público, ben como parte da adaptación das fontes dos milagres ou incluso como froito do interese de Afonso X, sabemos que a presenza da xeografía nas CSM é notábel, así como noutras obras froito do *scriptorium* afonsino[153]. Con todo, nas Cantigas non hai descricións, nas iluminuras encontramos poucas reproducións de imaxes de cidades concretas e, como veremos, no cómputo global da obra o reparto dos lugares é desigual. É evidente que o que actualmente entendemos por «xeografía» non é o obxecto principal desta obra, mais se reunimos a cantidade de elementos presentes acerca deste tema podemos obter unha visión xeral da cultura e da xeografía da época e mais dos intereses do monarca.

Como se pode ver en detalle nos mapas da web, a xeografía presente nas CSM abrangue boa parte do occidente europeo e case a totalidade da Península ibérica. Nunha boa parte dos casos, as mencións a cidades serven para situar o contexto dos feitos que se contarán no milagre. Outras veces, en cambio, os topónimos sucédense froito da narración dunha viaxe. Na maioría das ocasións, a localización non parece ser un condicionante do que sucede nelas, xa que nin sequera adoita gardar relación cos propios feitos. A maioría dos problemas que lle suceden aos personaxes das CSM son universais e poderían estar enmarcados en case calquera lugar do occidente cristián medieval. Así, poderiamos afirmar que a xeografía é principalmente un elemento simbólico e que a súa presenza responde, como dixemos, á fonte na que se basearon para elaborar o milagre, ou mesmo que se trata dun recurso propio da *captatio benevolentiae*, dando detalles concretos que contribuían a dar sensación de verdade con respecto ao sucedido.

Así e todo, o lector das Cantigas observará que existen poucas incongruencias no que respecta á comprensión da realidade xeográfica. Ao contrario, como veremos, en numerosas ocasións os autores das CSM darán mostra do seu coñecemento dos lugares e describirán acontecementos adaptados á localización dos mesmos, como os relacionados co Camiño de Santiago ou, en máis detalle, coas mareas en Mont Saint-Michel, como veremos. Non obstante, tamén encontraremos algúns casos de desprazamentos demasiado longos e algo incongruentes.

Sobre a xeografía das CSM xa se teñen feito distintos estudos. Algúns deles centrados en cidades ou cantigas concretas e outros en rexións ou territorios, como Andalucía ou Galiza[154]. No que respecta aos traballos que tratan este último territorio, destácase habitualmente a mala relación que os nobres e a igrexa galegas manterían con Afonso X, así como os efectos que

153 Encontramos certa información xeográfica, de diferentes tipos, no *Libro de las Cruzes*, na *General Estoria* ou na *Estoria de Espanna* e tamén sabemos, como indica Gautier Dalché, que na biblioteca do monarca habería un exemplar traducido do *Mappa mundi* de Ptolomeo. Véxase a este respecto Biglieri, *Las ideas geográficas y la imagen del mundo en la literatura española medieval* e Gautier Dalché, *La géographie de Ptolémée en Occident (IVe-XVIe siècle)*. Por outro lado, non esquecemos as referencias a lugares concretos no *Lapidario*, aínda que neste caso a identificación das súas localizacións parece máis complicada.

154 Sobre Andalucía destacamos Montoya Martínez, «Historia de Andalucía en las cantigas de Santa María» e Corti, «La guerra en Andalucía», entre outras.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

isto tería provocado nas CSM compostas polo *scriptorium* afonsino[155]. Nelas incídese repetidamente sobre a conveniencia de visitar santuarios marianos como o de Vila-Sirga, moito máis efectivos na curación e realización de milagres que o compostelán, xa que no camiño que leva ao santuario se pode chegar a encontrar o demo con imaxe do santo patrón (CSM 26).

Neste capítulo analizaremos a xeografía das CSM desde distintos puntos de vista, sen ánimo de ser exhaustivos. Esta primeira achega poderase ampliar no futuro a partir das análises que permita facer a ferramenta web, cuxa consulta recomendamos de maneira paralela á lectura deste capítulo[156].

3.1 IDENTIFICACIÓNS PROBLEMÁTICAS

Antes de comezar a análise da xeografía das CSM debemos deternos brevemente nun aspecto fundamental para o traballo: a identificación dubidosa de lugares e o tratamento por parte do *scriptorium* daqueles enclaves que, a pesar de aparecer de modo diferente nas fontes, foron reconvertidos segundo os intereses poéticos ou políticos de Afonso X e os seus colaboradores.

Podemos comezar a partir de dous bos exemplos deste tipo que encontramos entre a toponimia, *a priori*, galega: Armenteira e Caldas de Reis. Este último é, como apunta Manuel Negri, un caso de «relocalización»[157]. Segundo o mencionado autor, rastrexando a orixe da fonte da CSM 104, poderiamos situalo na cidade de Santarém. Porén, a cantiga non soamente ofrece o nome da actual vila galega, senón que ademais indica que os feitos aconteceron en Galiza. Así, mesmo se fose por mor dun erro, non teriamos dúbidas do desexo de vincular este milagre con este territorio.

Armenteira aparece citada textualmente só na CSM 22, como punto de orixe dunha viaxe que acabaría en Rocamadour. Este topónimo causa numerosas dúbidas para as estudosas das CSM e frecuentemente é identificado como Armentières, na rexión francesa dos Hauts-de-France[158]. O motivo principal, tal e como expoñen na edición crítica de T-I-1 de 2011, é a inverosimilitude de que un labrador galego fose en peregrinación até Rocamadour[159]. Con todo, como indica Filgueira Valverde, a proximidade con este santuario francés non debería levarnos a concluír que a partida se debese facer desde un lugar próximo[160]. Precisamente até Rocamadour diríxese un cabaleiro na CSM 267 desde «entre doir e mynn'», rexión histórica

155 Entre as múltiples obras que teñen explorado as consecuencias da relación do rei «sabio» con Galiza nas CSM recomendamos a de Filgueira Valverde (*Afonso X e Galicia*), o estudo de Connie L. Scarborough «The Pilgrimage to Santiago de Compostela in the Cantigas de Santa Maria», o artigo «Peregrinación y política en las "Cántigas de Santa María"» de Elvira Fidalgo e o traballo de Laura Fernández Fernández «Imagen e intención». Recentemente, co gallo da celebración do oitavo centenario do aniversario do nacemento do monarca, téñense publicado diferentes volumes, entre os que destacamos as monografías de Andrade Cernadas e Doubleday (eds.), *Galicia no tempo de Afonso X*, e de Brea et al., *Afonso X e Galicia*.

156 <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigasdesantamaria/lugares/busca/>.

157 Negri, «Fuentes y Contexto de Las Cantigas de Santa María», 222.

158 Mettmann (tomo I, p. 113) dubida entre Francia e Galiza, pero na edición crítica dirixida por Elvira Fidalgo que acompaña o facsímile Ms T-I-1 editado en 2011 afírmase que «aunque existe un lugar llamado Armenteira en la provincia de Pontevedra, el hecho de que el agraciado decida ir en peregrinación a Rocamadour nos hace pensar que debe de tratarse de la localidad francesa en el norte del país». Mettmann (ed.), *Cantigas de Santa María*, 1986, 1:113; Fidalgo Francisco, *Edición crítica y traducción de El Códice Rico, Ms. T-I-1, RBME* (vol. I)», 95.

159 Fidalgo Francisco, *Ibid*., I: 95.

160 Brea et al., *Afonso X e Galicia*.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

portuguesa achegada xeograficamente a Armenteira que, pola contra, non ofrece dúbidas na identificación.

Empregando o anteriormente mencionado apuntamento de Filgueira non podemos extraer novas conclusións sobre este topónimo, mais si evitar asumir a relación co santuario francés. Tamén debemos ser escépticos sobre a identificación que, o mesmo autor, ofrece da CSM 103, que nos levaría a situar na mesma vila galega o mosteiro no que o monxe escoita, por centos de anos, o canto do paxaro, tal e como se conta na lenda de Ero de Armenteira. A pesar de todo, neste texto non se menciona ningunha localización explícita[161].

De xeito semellante a esta posíbel identificación, encontramos outras cantigas nas que a tradición local tamén nos pode axudar a formular unha hipótese acerca da localización do milagre. É o caso da CSM 95, na que Mário Martins sitúa os feitos en Nazaré, relacionándoos cos da lenda homónima da vila[162]. De ser así, este sería un exemplo ben curioso, xa que aquí a Virxe intervén facendo que o vento non sopre sobre as velas dun barco pirata, impedindo que fuxan. Precisamente, na actualidade o municipio de Nazaré é coñecido pola forza en que sopra o vento e as intensas marusías.

A lista de exemplos é moito máis longa, e poderiamos falar de Alvesa, do Viso, de Foggia e de moitas outras. En calquera caso, non podemos limitarnos a querer identificar os lugares baseándonos soamente na tradición ou na fonte empregada para cada texto. As CSM demostran suficiente riqueza como para obrigarnos a manter abertas moitas hipóteses en cada caso. Con todo, tal e como apuntamos no apartado metodolóxico correspondente, anotamos as identificacións dubidosas e así as presentamos na páxina web.

Como xa foi apuntado na introdución deste traballo, a fonte fundamental para esta investigación é a que representan os textos e imaxes das CSM, polo que nas análises vindeiras non teremos en conta as mencionadas relocalizacións, erros ou posíbeis identificacións. Para isto, de novo, confiamos en futuros estudos específicos sobre a xeografía de cada cantiga.

3.2 Lecturas distantes

3.2.1 A distribución da xeografía no conxunto das cantigas

Cando falamos da xeografía das CSM entendemos esta como o conxunto de referencias xeográficas ofrecidas polo conxunto de textos que as conforman, acompañados polas iluminuras dos *Códices das Historias*. De entre elas, en xeral, encontramos diferenzas notábeis entre as cantigas de loor e as de milagres.

Entre os milagres, a meirande conteñen, no seu texto, información xeográfica, aínda que esta non sexa susceptíbel de ser situada nun mapa como o da figura 18. É dicir, en case todas elas podemos encontrar referencias a localizacións concretas (mesmo ao Ceo ou ao Paraíso) ou desprazamentos terrestres (aínda que sexa entre dous puntos que descoñecemos).

Aínda así, existe tamén un número considerábel de cantigas das que non podemos extraer información xeográfica. Estas ben poden corresponderse coa categoría de loor, ou ben ser milagres nos que soamente se indica que os sucesos narrados aconteceron nunha vila da que non sabemos nada, ou arredor dunha igrexa cuxo nome tampouco é indicado.

161 Filgueira Valverde, *La Cantiga CIII*.
162 Martins, *Peregrinações e livros de milagres na nossa idade média*, 86.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 18: Mapa das CSM: Localizacións e espazos proxectados mencionados.

Na análise global da xeografía das CSM debemos recordar un dos conceptos que constitúen o punto de partida desta investigación, a tese de Joseph Snow, que sostén que existe relación entre os lugares escollidos nas CSM e os intereses políticos ou vitais de Afonso X[163]. O hispanista americano estabelece grupos entre os milagres marianos: un cada 100 cantigas. Cada un deles ensinaría unha realidade xeográfica e histórica diferente, correspondente ao momento vital e político do rei. É interesante volver sobre esta idea, axudados de mapas, porque é un dos presupostos fundamentais para comprender a xeografía das CSM e tamén pode ser de utilidade como primeira achega ao seu universo xeográfico.

O grupo das cen primeiras cantigas corresponderían á fase de confección inicial, na década de 1260, cando o monarca aínda podía considerarse Rei de Romanos, a pesar de que continuase empregando este título durante anos posteriores[164]. Como mantén Snow, e como se pode comprobar na figura 19, o universo xeográfico da primeira centena das CSM é amplo e abrangue case toda a costa mediterránea, a Península ibérica e o occidente europeo. No mapa destacan Francia[165], Soissons, Montserrat, Roma, o Mar Mediterráneo ou a actual Palestina ocupada, onde son salientábeis Acre e Xerusalén.

O salto entre as CSM do Códice de Toledo e a segunda centena do Rico conservado no Escorial é considerábel. No mapa da figura 20 observamos como moitas das localizacións europeas aínda se manteñen, mais en menor medida, e como a Península ibérica vai gañando importancia na xeografía dos milagres. Aquí destaca Salas e consegue preponderancia a actual Andalucía, que antes soamente aparecera na CSM 83. Como apunta Snow, neste grupo aparecen personaxes da familia real e eventos ocorridos, historicamente, en datas moi próximas entre si.

163 Snow, «La utilización política de la devoción mariana en el reinado de Alfonso X, el Sabio (1252-1284)».
164 Fernández Fernández, *Arte y ciencia en el «scriptorium» de Alfonso X el Sabio*, 49.
165 O punto central do actual estado francés aparece en cor vermella intensa por mor das numerosas referencias ao nome do país, «Francia», mais non se refire a ningunha localización concreta. A intensidade acentúase debido á proximidade doutros lugares mencionados como Bourges, Châteauroux ou mesmo Rocamadour, lixeiramente máis ao sur. Hai máis información sobre os mapas en <https://oslugaresdascantigas.gal/mapas>.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 19: Mapa das CSM: Localizacións e espazos proxectados entre as CSM 1 e 100.




Figura 20: Mapa das CSM: Localizacións e espazos proxectados entre as CSM 101 e 200.

Entre as CSM 201 e 300 (figura 21) a Península ibérica gaña máis presenza. Nela destacan santuarios como de Terena (o actual Santuário de Nossa Senhora da Boa Nova) ou de Santa María de Vila-Sirga (Iglesia de Santa María la Blanca). Ademais, como indica o profesor Snow, continúa a tendencia de inclusión de personaxes da familia real afonsina, do propio monarca ou a descrición de problemas políticos do seu reinado.

Finalmente, as últimas cen CSM, visíbeis na figura 22, son unha mostra «más peninsular y más personal» da contorna do rei. A atención céntrase principalmente na Península ibérica, onde destacan Sevilla e Alcanate, rebautizada como Puerto de Santa María («Santa María do Porto» nas CSM).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 21: Mapa das CSM: Localizacións e espazos proxectados entre as CSM 201 e 300.




Figura 22: Mapas das CSM: Localizacións e espazos proxectados entre as CSM 301 e 400.

3.2.2 Localizacións, espazos proxectados e marcadores

Unha das clasificacións feitas é aquela que ten que ver coa categoría narrativa dos lugares, como xa foi explicado en detalle na táboa 2 (páxina 25). Así, en primeiro lugar, etiquetamos cada unha das localizacións de cadansúa cantiga segundo a función que esta cumpría en cada milagre ou cantiga de loor. O resultado, accesíbel desde <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigasdesantamaria/lugares/>, demostrou a escaseza de «espazos —soamente— observados», que contrasta coa cantidade de espazos proxectados, localizacións e marcadores, especialmente co número dos dous últimos.

Máis da metade dos rexistros que podemos achar na base de datos correspóndese con espazos protagonistas na acción, é dicir, localizacións, entre as que tamén é habitual encontrar mencións que simplemente achegan unha visión xeral e referencial («localización-marcador»). Isto indícanos algo que xa poderiamos intuír, *a priori*: os topónimos nas CSM

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

son usados maioritariamente para indicar os lugares nos que acontecen os feitos. Así e todo, merece a pena coñecer as categorías que constitúen a outra metade dos rexistros.




Figura 23: Mapa das CSM por categoría narrativa: Localizacións.

Os espazos proxectados, pola súa banda, constitúen menos dun cuarto das referencias espaciais das CSM. Estes son, como xa vimos, aqueles nos que sabemos que ocorreron feitos, imaxinados ou en soños, no pasado ou nun espazo diferente do punto de atención do milagre. A pesar de que poderían parecer abundantes, en realidade o 35% das ocasións nas que se teñen rexistrado son facendo referencia ao Ceo, ao Paraíso ou ao Inferno, para falar do que acontece nestes espazos aos que os personaxes principais non teñen acceso físico. No resto das ocasións, as localizacións marcadas como «espazo proxectado» acostuman repetirse e aparecer noutras CSM marcadas como «localización». Aqueles lugares que aparecen no mapa das CSM só como proxeccións son escasos e a súa clasificación é complicada, tal e como se advertiu no apartado metodolóxico.




Figura 24: Mapa das CSM por categoría narrativa: Espazos proxectados.

Un exemplo claro de «espazo proxectado» nas CSM pode identificarse naquelas protagonizadas por *romeus* que pretenden dirixirse a un santuario ao que nunca chegan, ou do

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que regresan e no camiño contan a súa experiencia a outros peregrinos que se dirixen aí. Son bos exemplos disto as CSM 253, 268 e 278, nas que Santiago de Compostela é o principal espazo proxectado.

> Ela as[s]i mui coitada per santuarios andando,
> romeus que de Santiago yan foron-lle contando
> (CSM 268, vv. 18-19)

Da subclasificación dos espazo proxectados podemos salientar algúns casos que nos parecen de especial interese. Por exemplo, na CSM 65 identificamos un «lugar de lembranzas» nas memorias do home aparentemente tolo. Na CSM 277 encontrariamos un «lugar de saudades», cando os «almograves» anelan estar en Santarém:

> Ca os que y jajũavan | foron sãos e guaridos,
> e os que comeron carne, | malritos e mal feridos;
> e macar que sse preçavan | de fortes mui' e d'ardidos,
> non foi tal que non dissesse: | "Quen foss' og' en Santaren!"
> (CSM 277, vv. 33-36)

Logo das localizacións, a segunda mostra máis abundante son os marcadores, que constitúen o 23% das referencias xeográficas. A pesar do que se podería pensar nun primeiro momento, a partir das localizacións identificadas como *markers* noutras obras, os das CSM non forman un grupo xenuíno, nin amplían o horizonte xeográfico da obra. Ao contrario, como vemos na figura 25, son semellantes aos das categorías xa analizadas. Como no caso dos espazos proxectados, existen poucos marcadores que non funcionen noutras CMS como localización. Porén, podemos apuntar algúns xenuínos, como Armenia Menor («(…) trezentas / millas correu sen nenllur folgar (…) / sen ancora deitaren / nen chegaren / a terra d'Armenia» CSM 115, vv. 174-180) ou Tarsis e as illas de Sáboa, relacionadas cos salmos e a Epifanía («Ben das insoas de Sabá / e de Tarsso, que son no mar, e d'Arabia, u gran gent' á / e muitas terras de passar.» CSM 424, vv. 16-19).




Figura 25: Mapa das CSM por categoría narrativa: Marcadores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A única rexión que, de maneira máis habitual, é mencionada algunhas veces sen que necesariamente acontezan sempre milagres alí, é África. Neste apartado de análises cuantitativas é interesante deterse aquí, xa que, como veremos, contradise a teoría de Joseph T. Snow exposta no inicio deste capítulo. Este territorio aparece nas CSM 95 (de alí viñan os piratas), 265 (como referencia a Persia, de onde procedía «Johan Damacẽo»), 325 (por ser onde estaba «Tanjar»), 366 (polos «genetes» africanos que se enfrontaban a Don Manuel) e 385, tamén polos «mouros». Tamén hai referencias indirectas a Exipto nas CSM 14, 165, 403 e 422; a Tunes na CSM 193 e a Marrocos nas 135, 169, 181, 271, 325, 328 e 329[166].

A diferenza de territorios como Siria, que perden presenza a medida que avanzamos nas CSM tal e como defendía Snow, as mencións a África son máis frecuentes nos períodos intermedios e finais de creación dos milagres, a pesar de seren puntuais, como se pode ver nos mapas de puntos de calor das figuras 20, 21 e 22. Iso si, debemos ter en conta que a mención deste territorio tamén se despraza durante a evolución das CSM, xa que ao principio estaría dividida entre o norte de África e Oriente Medio, mentres que despois vaise achegando cada vez ao norte e ao Magreb, máis próxima xeograficamente.

A principal vantaxe de clasificar as referencias xeográficas en función de categorías narrativas, tal e como propoñía o LAE, é poder estabelecer niveis de relevancia dentro do conxunto de relatos, diferenciando as localizacións principais de cada cantiga e o universo que as rodea. *A priori*, poderiamos chegar a diferenciar, caso existisen, lugares importantes para o monarca nos que ocorren as accións narradas e outros, secundarios, que fosen usados soamente como referencias xeográficas. Con todo, tal e como se ve nas figuras que mostramos e como xa anticipábamos anteriormente, existen poucos marcadores e espazos proxectados que non aparezan noutra cantiga coa función de localización.




Figura 26: Mapa das CSM por categoría narrativa. Vermello: localizacións; lila: espazos proxectados; branco: marcadores.

Como xa dixemos, e como extraemos da figura 26, o universo xeográfico das CSM vén habitualmente definido polos feitos narrados no texto. Aquela localización que pode funcionar

166 Por suposto, non esquecemos que na repartición das CSM ter un número maior non sempre implica ser posterior no tempo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

soamente como unha referencia xeográfica nunha cantiga será probabelmente un dos centros da acción noutra. Isto configura un corpus, máis ou menos pechado, dunhas 500 referencias xeográficas diferentes nas CSM. O número, por suposto, é aproximado, xa que chegamos a el a través dos criterios definidos no apartado metodolóxico, entre os que está, por exemplo, contar como 1 todas as referencias a igrexas que non coñecemos, as que chamamos «xenéricas» na base de datos.

Outra análise cuantitativa que podería ser valiosa e merece ser comentada, alén de todas aquelas expostas na web, é a relación co chamado *geospace*, a relación entre espazo textual e xeográfico real[167]. Unha primeira lectura das CSM xa é válida para comprender que o texto e tamén as imaxes non desexan presentarnos un mundo fantástico, con seres nunca vistos; isto mesmo iría en contra da finalidade última das CSM, de propoñer exemplos de comportamento para a xente corrente. En parte, isto podería deberse á consideración de inhabitabilidade de certas zonas terrestres ou á distancia cultural que diferenciaría aos posíbeis lectores das CSM daqueles que, como se di na *General Estoria*, «andan de los pies contra nos» —os habitantes das antípodas, considerados «demoníacos» (GE V 110v)—[168]. Con todo, como xa se puido deducir na lectura destas páxinas, a carencia de elementos fantásticos parece deberse máis á parcial dependencia das fontes e á vontade de enmarcar as CSM en contextos xeográficos concretos (ao principio o mundo cristián e despois o mais achegado ao monarca). Isto provoca que, como temos visto, a maior parte das localizacións das Cantigas se correspondan a lugares que actualmente coñecemos e que, en boa medida, somos capaces de identificar; afirmación que tamén sería válida para o público potencial das CSM. En multitude de ocasións, os textos presentan relacións entre diferentes lugares, que falan da proximidade xeográfica, da pertenza administrativa ou, como veremos, das viaxes que se poden facer dun punto a outro. En xeral, estas son certas e parecen realistas, aínda que podemos encontrar algunhas excepcións.

Así o apreciamos grazas aos resultados da base de datos, que devolve poucos lugares inventados (aqueles imposíbeis de identificar e dos que non se procura ningún tipo de conexión xeográfica) e movidos[169]. Estes últimos prodúcense por mor de erros á hora de situalos no mapa. Son poucos exemplos e coinciden con lugares algo afastados. Un deles é «Cesaira», na CSM 15, do que xa se falou previamente.

Outro exemplo é «Leon do rodão», a actual Lyon. Trátase doutro claro erro, xa que, como apunta Mettmann, as fontes latinas e francesas deste milagre falan de Laon. Ademais, tal e como indica a CSM 35, a catedral desta localidade ardeu soamente un século antes.

3.2.3 Desprazamentos e viaxes

Os desprazamentos son unha parte fundamental de case todos os milagres das CSM, xa que aproximadamente unha cuarta parte das cantigas conta algún tipo de traxecto entre dous puntos diferentes do mapa. O presente epígrafe será breve, xa que este é un tema abundantemente estudado e sobre o que existe numerosa bibliografía. De entre ela destacamos

167 V. páxina 30.

168 Recollemos a cita de Aníbal Biglieri, *Las ideas geográficas y la imagen del mundo en la literatura española medieval*, 79.

169 Agrupamos case todos os inventados en nomes xenéricos como «Montaña», por exemplo. Na sección Busca de lugares da web poden buscarse baixo o epígrafe «Relacións co *geospace*», <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigasdesantamaria/lugares/busca/>.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

especialmente os artigos que Elvira Fidalgo dedica á cuestión das peregrinacións e que foron a base para este apartado[170].

Antes de comezar, cómpre diferenciar entre tres termos: en primeiro lugar, entenderemos que un «desprazamento» espacial ou xeográfico será todo aquel movemento que leve a unha persoa dun lugar a outro sen importar o percorrido. Dentro destes consideraremos as «viaxes»: calquera desprazamento que, tal e como indica o Dicionario da Real Academia Galega, se realice «a outro [lugar] situado a unha distancia considerable» e, finalmente, falaremos de peregrinacións ou romarías, cando o destino sexa un santuario e o desprazamento se realice por devoción ou promesa[171]. Na base de datos só incluímos nesta última categoría aquelas cantigas nas que produza unha viaxe e excluímos aqueloutras nas que soamente se fala da posibilidade de levala a cabo.

Como vimos facendo nas últimas páxinas, a análise dos desprazamentos estará baseada maioritariamente nos datos que poñemos a disposición na web. Con todo, como xa apuntamos na Metodoloxía, nalgúns casos a interpretación pode ser subxectiva, por iso tomaremos os datos en conxunto e a nivel global, sabendo que existe marxe de erro.

Iniciamos a análise achegándonos ao número total aproximado de viaxes e peregrinacións realizadas nas CSM. Como podemos observar na seguinte táboa, ambas opcións teñen unha presenza uniforme no conxunto das CSM. Así e todo, tras o visto anteriormente, podemos supoñer que os destinos destes desprazamentos serán diferentes.

	Viaxes	Peregrinacións
1-99	21	12
100-199	34	21
200-299	35	23
300-399	32	22
400-429	2	1
Total	*124*	*79*

Táboa 9: Viaxes e peregrinacións nas CSM.

Comezaremos este breve percorrido polas romarías e as peregrinacións. Nas CSM os destinos deste tipo de desprazamentos son numerosos. Non mencionaremos todos, xa que isto pode consultarse na base de datos, pero si os máis relevantes, como Montserrat, Soissons, Mont Saint-Michel, Toulouse ou Santa María de Tentudía. Con todo, os que destacan verdadeiramente polo seu número de aparicións son El Puerto de Santa María, Rocamadour e, principalmente: Terena, Villalcázar de Sirga e Salas. Só estes tres últimos sumarían un total de 37 aparicións na nosa base de datos, tendo en conta soamente o número de veces nas que se peregrina a el, non aquelas veces que é mencionado.

170 Fidalgo Francisco, «Peregrinación y política en las "Cántigas de Santa María"» e «Peregrinos en las "Cantinas de Santa Maria"». Complementariamente, pode lerse sobre as mulleres peregrinas en Chico Picaza, «La vida como un viaje»; ou, da mesma autora, «Life, Pilgrimage and Women in Alfonso X's Cantigas de Santa María».

171 González González, M. (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/dicionario> [Consulta: 15 de xuño de 2021].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A distribución destes santuarios nas CSM é desigual. Isto podemos observalo cun simple exemplo: os templos de peregrinación da Península ibérica só cobran protagonismo a partir da primeira centena de cantigas, como xa expuxemos anteriormente. Ao inicio, a distribución é máis variada e soamente poderiamos destacar Notre-Dame de Soissons.

Os santuarios peninsulares, como podemos intuír a partir dos mapas mostrados no apartado 3.2.1, non aparecen de xeito uniforme a partir da CSM 101. Así, mentres que as cantigas de Santa María de Salas protagonizan unha boa parte das numeradas en E entre 100 e 200, Terena e Villalcázar de Sirga son maioritarias no seguinte segmento de cen cantigas, e as de El Puerto de Santa María ocupan a última centena. Santiago de Compostela, pola súa banda, non parece ter unha posición clara dentro do conxunto da obra, xa que aparece en diferentes ocasións, aínda que destaca en torno ás cantigas que numeramos a partir do 200[172]. Trátase dunha circunstancia semellante á de Rocamadour, que tamén podemos encontrar en diferentes momentos das CSM, aínda que o maior número de ocorrencias ten lugar entre as CSM 147 e 217. O outro destino non ibérico que destaca xunto a Rocamadour é Soissons, que si parece ter unha posición clara na primeira centena das CSM, xa que aparece varias veces entre a 7 e a 106[173].

No gráfico que veremos a continuación, así como na táboa complementaria, podemos observar a distribución dos santuarios de peregrinación nas CSM, agrupándoos agora en segmentos de 50[174]. Desta vez, contabilizamos soamente a mención do lugar, sen ter en conta se se produce un desprazamento cara a el ou, sequera, se se trata dunha localización relevante no milagre. De todos modos, podemos observar *grosso modo* a relevancia e a presenza dos lugares de peregrinación nas CSM.

Tendo en conta que en total 332 cantigas conteñen información xeográfica[175], parece significativo que encontremos 146 mencións (a suma total das vistas no gráfico) a algún centro de peregrinación[176]. Por outro lado, a partir do gráfico tamén observamos unha

172 A cidade ou o santuario de Santa María de Salas aparecen mencionadas nas CSM: 43, 44, 109, 114, 118, 129, 161, 163, 164, 166, 167, 168, 171, 182, 173, 176, 177, 178, 179, 189, 247 e 408. Terena aparece nos milagres con número: 197, 198, 199, 213, 223, 224, 228, 275, 283, 319, 333 e, 334. Villalcázar de Sirga e a Igrexa de Santa María a Branca son mencionados nas CSM: 31, 217, 218, 227, 229, 232, 234, 243, 253, 268, 278, 301, 313 e 355. «O Porto» (o santuario ou a vila El Puerto de Santa María) pode encontrarse nas CSM: 328, 356, 357, 358, 359, 364, 366, 367, 368, 371, 372, 375, 376, 377, 378, 379, 381, 382, 385, 389, 391, 392, 393 e 398. As CSM nas que se pode encontrar Santiago de Compostela son 26, 175, 184, 218, 253, 268, 278, 367, 386 e 428.

173 Rocamadour e a súa igrexa, a Chapelle Notre-Dame, aparecen mencionadas nas CSM 8, 22, 147, 153, 157, 158, 159, 175, 214, 217, 267, 331 e 343. Pola súa banda, aquelas nas que aparece Soissons son: 7, 41, 49, 53, 61, 91, 101, 106, 298 e 308.

174 Reducimos o rango de 100 a 50 para permitir que os datos se observen con máis facilidade. O gráfico en modo barras e tamén como táboa están dispoñíbeis na páxina web, onde se poden consultar con maior calidade e de maneira interactiva, o que facilita a súa comprensión. Neste apartado será posíbel encontrar máis gráficos semellantes. <https://oslugares-dascantigas.gal/cantigasdesantamaria/lugares/graficos/santuarios-de-peregrinacion/>.

175 Cando dicimos que 332 CSM conteñen información xeográfica queremos dicir que este é o número de cantigas nas que hai ao menos un lugar que recoñecemos como «Localizábel» na base de datos. Excluímos, por tanto, aquelas nas que só hai mencións a espazos divinos (principalmente as de loor) e aquelas outras nas que se fala de espazos ou lugares xenéricos, como unha igrexa ou un altar dos que non se indica máis información. Tendo en conta todos estes, o total ascendería a 378.

176 Cómpre realizar varias advertencias a respecto desta conta. 1) Recordamos de novo que incluímos todo tipo de mencións a estes lugares. Algunhas destas mencións distintas poden encontrarse na mesma cantiga. Por exemplo, na 175 fálase de Santiago de Compostela e Rocamadour. A capital galega adoita coincidir con varios outros lugares, especialmente con «Vila-Sirga», para comparar o escaso valor da peregrinación á cidade fronte a utilidade de viaxar até o santuario mariano. 2) Existen cidades que son mencionadas como lugar de paso, como Roma nas CSM 65 ou 115, por exemplo. 3) Por outro lado, apuntamos tamén que non temos en conta mencións duplicadas na mesma cantiga. Así, se nunha cantigas se

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

distribución desigual destas mencións, mais, aínda así, pode observarse un claro incremento no número de rexistros a partir do grupo 151-200. Isto contrasta coa anterior táboa, na que observamos que o número de peregrinacións efectuadas era semellante ao longo do texto. Tampouco se trataría dun aumento das peregrinacións ou romarías non efectuadas, as que clasificamos como «mencionadas», xa que non encontramos ningunha destas entre as CSM 200 e a 300, e só 3 exemplos entre a 301 e a 400. De igual modo, a razón tampouco sería que a partir da segunda metade das CSM os autores se esforcen por incluír máis lugares. A explicación é moito máis simple: a medida que avanzamos no número das CSM as localizacións dos milagres son menos diversas e as cidades e as igrexas que eran obxecto de peregrinacións ou romarías cobran máis protagonismo, mais non porque necesariamente se realicen viaxes con ese destino. Así, por exemplo, os traballadores sobre os que cae unha torre na CSM 364 son axudados pola Virxe María, cuxo auxilio é reclamado coa advocación da Virxe de Santa María do Porto. Deste modo, a importancia da peregrinación a santuarios marianos acaba ficando nun segundo lugar con respecto á relevancia dos propios santuarios, especialmente daqueles que resultaban de especial interese para Afonso X.




Figura 27: Centros de peregrinación nas CSM. Consulta completa en <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigasdesantamaria/lugares/graficos/santuarios-de-peregrinacion/>.

fala da cidade e a continuación do santuario que hai nela, soamente suman 1 ao total. Por todos estes motivos, enfatizamos que falamos de mencións distintas a centros de peregrinación e non do número de cantigas que mencionan centros de peregrinación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	0-50	51-100	101-150	151-200	201-250	251-300	301-350	351-400	401-429
Atocha (2)	0	0	0	0	0	1	1	0	0
Castrojeriz (4)	0	0	0	0	2	2	0	0	0
Chartres (5)	1	0	2	0	0	0	0	2	0
Montserrat (6)	1	2	1	0	0	0	2	0	0
Mont Saint-Michel (2)	1	1	0	0	0	0	0	0	0
Puerto de Santa María (24)	0	0	0	0	0	0	0	24	0
Puy	0	0	1	1	0	2	0	0	0
Laterano/Roma (14)	2	2	2	2	2	1	3	0	0
Rocamadour (13)	2	0	1	5	2	1	2	0	0
Salas (22)	2	0	4	14	1	0	0	0	1
Santiago (10)	1	0	0	2	1	3	0	2	1
Soissons (10)	3	3	2	0	0	1	1	0	0
Tentudía (5)	0	0	0	0	0	0	5	0	0
Terena (12)	0	0	0	3	4	2	3	0	0
Toulouse (6)	0	1	0	3	1	1	0	0	0
Villalcázar de Sirga (14)	1	0	0	0	7	3	2	1	0
Xerusalén (7)	2	0	0	1	0	0	2	0	2
Xénova/ S.M. Scala (2)	0	0	0	0	0	1	0	1	0
TOTAL: 162	***16***	***9***	***13***	***31***	***20***	***18***	***21***	***30***	***4***

Táboa 10: Táboa coas mencións totais a cada centro de peregrinación clasificadas en rangos de 50 CSM.

Na presentación dos centros de peregrinación nas CSM tamén é interesante deterse brevemente nas rutas seguidas para chegar a eles ou nas cidades coas que estes se poñen en relación. Trataremos soamente os casos de Terena, Salas, Villalcázar de Sirga, Soissons, Rocamadour e El Puerto de Santa María, polo que comezaremos[177].

Nas sucesivas cantigas nas que se fala do Porto, Alcanate ou a propia igrexa dedicada á Virxe, encontramos un amplo abanico de lugares andaluces como Alxeciras, Arcos de la Frontera, Cádiz, Coira, Granada, Niebla, Ronda, Sanlúcar de Barrameda, Sevilla (a máis habitual) ou Jerez. A estes súmanse o Atlántico e o Mediterráneo, o Reino de Sevilla, os ríos Guadalete e Guadalquivir, mencións a África e algunhas cidades do Magreb e por suposto algunha mención puntual a lugares máis afastados, como Santiago de Compostela, León ou Silos.

Terena, que non dista das actuais Extremadura e Andalucía, tamén é posta en relación con cidades achegadas. Entre elas sinalamos Aroche, Badaxoz, Beja, Burguillos del Cerro, as Cumbres de San Bartolomé, Elvas, Estremoz, Jerez de los Caballeros ou o río Guadiana, entre outros, nos que tamén hai algunha mención a algún punto máis distante.

177 Poden consultarse diversos mapas sobre lugares relacionados coas cantigas dos centros de peregrinación na páxina web da tese: <https://oslugaresdascantigas.gal/cantigasdesantamaria/lugares/mapas/contornas-dos-centros-de-peregrinacion/>.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Até o de agora, como vemos, observamos un fondo coñecemento dos lugares máis próximos ao Porto de Santa María e a Terena. Con respecto a Salas, a situación é semellante, aínda que agora o radio de cidades próximas é máis amplo, abranguendo distintos puntos do Reino de Aragón. Ademais de mencións ao propio reino, encontramos topónimos como Borja, Daroca, Lleida, Paracense, Sagunt, Mallorca, Morella e, por suposto, Huesca. De novo, tamén achamos puntualmente lugares como Le Puy ou Acre.

Os lugares que se mencionan á vez que Soissons son, ademais do Mar Mediterráneo, Notre-Dame de Paris e Francia. Con Rocamadour amplíase a visión de Francia e o mundo: Cahors, Flandres, Gascoña, Toulouse e mesmo lugares como o Cantábrico, Portugal, España ou os ríos Douro e Miño.

O caso máis interesante represéntao Villalcázar de Sirga, xa que ademais dos lugares achegados como Carrión de los Condes, León, Mansilla de las Mulas, Saldaña, Segovia, Treviño ou Quintanilla de Onsoña, encontramos outras máis distantes: Alemaña (CSM 218), Francia (CSM 217, 253, 268 e 278) ou Sevilla (CSM 227). Rocamadour tamén aparece na 217, Santiago de Compostela nas 218, 253, 268 e 278 e Toulouse na 253. Isto falaríanos do carácter internacional de Villalcázar de Sirga, que sería frecuentado por peregrinos do centro de Europa que, no seu camiño de ida ou de volta a Compostela, acabarían parando na Igrexa de Santa María la Blanca en busca da axuda que o santo galego non chegaría a proporcionar.

Non temos en conta Santiago de Compostela, xa que, como vemos, no que respecta á peregrinación, actúa como un «punto intermedio» antes de chegar a Villalcázar de Sirga. Tampouco estamos tomando en consideración as CSM de Castroxeriz porque nas catro cantigas nas que aparece (242, 249, 252 e 266) nunca se presentan outros lugares. Isto diferencia claramente a Igrexa de Nuestra Señora del Manzano do resto de «micro-cancioneiros» (como os chama Fidalgo) destes templos sobre os que Afonso X quería chamar a atención[178].

Este repaso vén a confirmar o coñecemento do *scriptorium* sobre o territorio acerca do que escribían nas CSM e a preponderancia gañada polos intereses de Afonso X a medida que avanzaba a creación dos manuscritos marianos. Como indica Fidalgo, o obxectivo do monarca era crear novos lugares de peregrinación e, con eles, asentar ou crear novos asentamentos de poboación[179].

Queremos acabar este repaso falando das rutas e das viaxes nas CSM. Actualmente, na nosa base de datos temos almacenados 1372 rexistros de lugares que suporían un punto pertencente a unha ruta en cada unha das cantigas. Con esta información podemos observar cales son os puntos de partida ou de chegada máis habituais. Con todo, isto non parece ter desvelado información de interese, xa que en ambos casos os datos son moi variados e ningún lugar destaca sobre outro, alén de dúas excepcións que non chaman a nosa atención. Estas son, por un lado, que os centros de peregrinación, dos que xa se falou, son os destinos máis habituais nas CSM e, por outro lado, como tamén se pode imaxinar, que o Mar Mediterráneo é o punto intermedio máis frecuente nas rutas.

Polo de agora, non podemos achegar nada de interese no que ten que ver coas rutas e os desprazamentos, ben porque efectivamente, non hai información relevante aquí ou ben pola

178 Fidalgo Francisco, «El público de las "Cantigas de Santa María". Algunas hipótesis acerca de su difusión», 156.
179 Fidalgo Francisco, «Peregrinación y política en las "Cántigas de Santa María"», 176.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nosa falta de capacidade ou medios para analizar esta cuestión. Sexa como for, esperamos ampliar a nosa base de datos para que no futuro sexa posíbel realizar consultas máis precisas, xa que actualmente resulta complicado tratar con cantidades tan grandes de información sen poder estabelecer filtros que axuden na lectura dos datos.

3.3 REPRESENTACIÓNS

Finalmente, trataremos a xeografía das CSM a partir do modo en que esta é presentada a través das imaxes. Nos manuscritos T-I-1 e B.R.20 podemos encontrar de modo relativamente sinxelo elementos visuais únicos en determinadas cantigas e que poderían servir como pistas para situar xeograficamente o relato visual. Hai exemplos claros, como o acueduto de Segovia ou Mont Saint-Michel.

Os exemplos das figuras 28 e 29 son dous dos máis significativos, desde o noso punto de vista, xa que a localización é proporcionada a través dos textos dos milagres e, ao mesmo tempo, tamén pode ser interpretada e identificada grazas ás imaxes. O caso de Segovia é claro, xa que desde a primeira vez que observamos as imaxes sabemos que estamos ante un acueduto que aínda nos nosos días segue sendo o símbolo da cidade castelá. Aquí esta construción é soamente parte do escenario da trama.



Figura 28: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 107, iluminura «b», Ms. T-I-1, f. 154r.



Figura 29: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 86, Ms. T-I-1, f. 127r.

O caso de Mont Saint-Michel («San Miguel» no texto) é máis curioso. A cantiga indícanos que estamos ante unha ermida na «Bretanna maior» rodeada polo «Mar, mar que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cerca o mund' arredor» (vv. 10-11). O milagre aproveita o lugar no que se sitúa e o modo en que lle afectan as mareas para presentarnos unha muller embarazada que afogaría entre as ondas se non fose pola axuda de Santa María. Hai numerosas fontes para este milagre, mais aquí destacamos o modo en que esta historia é levada ás iluminuras e como visualmente tamén se conecta coa súa localización.

Exemplos como estes lévannos inevitabelmente a procurar outros casos semellantes pertencentes aos *Códices das Historias*. Como veremos, nas CSM encontraremos diferentes maneiras de referirse a un lugar, aínda que non fose de maneira voluntaria. Con todo, a intensa busca de cidades coñecidas nas imaxes dos códices marianos, ten levado tamén a extraer conclusións algo discutíbeis, que analizaremos máis adiante.

Outro coñecido elemento simbólico para representar unha cidade nas CSM é a palmeira da CSM 133, vinculada con Elx. Trátase do que Chico Picaza denomina, seguindo a Julián Gállego, como «arquitectura como atributo». Como a mencionada autora indica, e como se observa na figura 31, esta árbore «no aparece por una necesidade de espacio para la acción», senón que funciona como un atributo para o lugar no que se desenvolven os feitos. A palmeira é presentada na primeira iluminura xunto co protagonista do relato. Unha vez presentado, e de modo claramente teatral, este elemento desaparece.



Figura 30: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 126, iluminura «a», Ms. T-I-1, f. 179r.




Figura 31: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 133, iluminuras «a» e «b», Ms. T-I-1, f. 188r.

De novo, encontramos tamén outra palmeira vinculada a Elx na CSM 126, que nos sitúa ante as portas da cidade mentres é defendida dun ataque militar musulmán. Na imaxe vemos un río, que podemos identificar co Vinalopó. Nas murallas observamos tamén os símbolos do monarca castelán-leonés nun pendón, xunto cos defensores da cidade e varias palmeiras. Aquí, estas árbores non son un elemento simbólico, senón probabelmente a constatación da busca de certo realismo no relato visual. Podemos afirmar isto porque este elemento é case anecdótico nas CSM, xa que soamente as vemos como parte do Paraíso nas CSM 41, 60 e 100 e no claustro do mosteiro de Gasteiz da 123 durante o relato do home falecido. Tratándose dun tipo de representación tan característico, nesta ocasión o seu uso parece moito máis relevante.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De todos modos, mesmo dando por válida a relación da cidade de Elx coas palmeiras, non poderiamos estabelecer novas conclusións a partir dela, xa que este recurso para representar a cidade non se dá en todos os casos. Por exemplo, non observamos a xa empregada icona do acueduto de Segovia en cantigas nas que esta cidade é unha das localizacións principais, como a 18 en T ou as 276, 282 e 314 en F.

Outra árbore que parece significativa é a oliveira, que rodea a cidade de Jerez na CSM 143 (figura 32)[180]. A súa identificación nas iluminuras é máis complicada que a da palmeira, tanto polo seu tronco como polas súas follas, que ás veces poden confundirse coas doutras árbores. Consideramos que, ao menos nas CSM 44, 48, 57, 158, 165, 266 e 307 encontramos oliveiras, mais sempre en contornas silvestres e nunca en relación con espazos urbanos, o que aumenta a peculiaridade da que observamos na 143, que nos evoca inmediatamente a este fragmento de al-Idrisi:

> Xerez es una plaza fuerte, de mediana extensión, ceñida por murallas; sus alrededores son de un agradable aspecto, porque está rodeada de viñedos, olivares e higueras.[181]

Como indica Garcinuño[182], probabelmente o iluminador de cantigas como a de Jerez de la Frontera coñece ben a estrutura da cidade amurallada e algúns dos elementos máis simbólicos, algo que xa nos introduce no que veremos no seguinte capítulo[183].



Figura 32: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 143 iluminura «a», Ms. T-I-1, f. 199r.



Figura 33: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 95, iluminura «h», Ms. T-I-1, f. 139r.

180 Véxase Gutiérrez, *La organización del paisaje rural durante la Baja Edad Media*, 68 e ss.
181 Fragmento de Nuzhat al-mustàq de al-Idrisi visto en Abellán Pérez, *El Cádiz islámico a través de sus textos*, 78-79.
182 Garcinuño Callejo, «La visión de la ciudad medieval (S. XIII) en las miniaturas de las Cantigas de Santa María».
183 Garcinuño fala tamén do uso de tellas nos edificios, adecuándose á nova lexislación urbana. Con todo, consideramos que isto débese ao modo habitual de representar edificios nas CSM. Podemos aproveitar a outra imaxe da mesma páxina, figura 33, para comprobar como as tellas se inclúen tamén en templos afastados das cidades e pertencentes a territorios distintos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CSM 95, da que xa falamos ao referírmonos ás identificacións problemáticas, contén a representación dun lugar único nas Cantigas. Nunha das súas iluminuras pode observarse un cantil, un accidente xeográfico que non encontramos no resto das imaxes dos *Códices das Historias* e ao que no texto se refiren como «montanna». Se atendemos á identificación do lugar como Nazaré, a imaxe que nos presentan as CSM coincidiría coa da actual Capela da Memória, construída no século XII moi cerca do acantilado. De todos modos, non ten por que tratarse dun lugar concreto, aínda que si é significativo que os miniaturistas optasen por representar un cantil cando polo texto só sabemos que estaba nunha ermida na montaña e cerca do mar.

Estes casos resultan excepcionais, non só polo que acabamos de explicar ou por como neles se relaciona a representación de lugares coa realidade, senón tamén porque ningún dos elementos ou dos modos escollidos para situar xeograficamente estes espazos está presente no texto. Son todos froito da imaxinación do grupo de iluminadores.

Existen máis casos de interese, como os de Puglia e do púlpito de Siena, ben estudados por Laura Molina[184], ou outros como Murcia (CSM 169), Mallorca (CSM 176) ou o castelo de Chincolla (CSM 187), que Chico Picaza clasifica como panorámicas urbanas testemuñas da realidade; con todo, non encontramos elementos característicos.

Como vimos, nas iluminuras das CSM existe unha certa vocación de representación da realidade urbana, mais non podemos esquecer que se tratan simplemente de pequenos e breves escintileos que non deben facernos ver, por nesgo de confirmación, o Faro de Alexandría nas CSM 145 e 165 ou os coroamentos arquitectónicos de Xerusalén na CSM 29, entre outros exemplos[185].

En realidade, os casos que temos visto —xunto con outros que poderían ter pasado desapercibidos á nosa atención—, deben poñerse en contraste con outros como a representación da igrexa de Santa María de Salas na CSM 43 (fol. 63r), que nos ensina dúas veces o seu altar e, ambos casos, a través de representacións moi diferentes[186]. Este é un exemplo sen importancia, mais que serve para facernos ver que non sempre podemos proxectar nas iluminuras das CSM a coherencia que actualmente poderiamos procurar. Así e todo, é importante incidir no respecto polas convencións compositivas que Chico Picaza ten estudado e por crear representacións que ao menos sexan fieis coa realidade[187].

Como temos visto, hai que recorrer a diferentes métodos para encontrar localizacións entre as imaxes das CSM. Non había un código único que servise para representar cidades e moi discutibelmente podemos afirmar que existía tal vontade. Máis ben, parece que podemos falar, como xa dixemos, dun ollar consciente á realidade e dunha certa vontade de levar ás

184 Para Puglia recomendamos artigos de Laura Molina como «El valor de la ciudad como fuente documental en las Cantigas Historiadas de Alfonso X el Sabio» ou «Viaje a Italia a través de las Cantigas Historiadas de Alfonso X el Sabio». Este último tamén é interesante para a cuestión de Nicola Pisano e a Catedral de Siena.

185 Escanilla, «Algunas ciudades del ámbito mediterráneo bajo la mirada de Abu Hamid al-garnati», 255. Son Kinkade e Keller quen afirman que «In the background we can see a stylized depiction of oriental spires and minarets undoubtedly meant to reflect an image of the city of Jerusalem», «Myth and Reality in the Miracle of Cantiga 29».

186 Non se trata dun caso semellante ao da CSM 15 mencionado nun capítulo anterior, xa que aquí a visión do altar é máis clara. Ademais, precisamente os elementos que cambian na CSM 43, permanecen sempre idénticos na 15.

187 Chico Picaza, *Composición pictórica en el Códice Rico de las Cántigas de Santa María*, «La vida como un viaje» e «"La Arquitectura desde la Miniatura", una aproximación desde la Baja Edad Media castellana».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

imaxes as cousas como son. Vemos palmeiras en Elx porque probabelmente se identificaba a cidade con elas e este podería ser tamén o motivo detrás do acantilado de Portugal da 95.

Todo isto veríase probabelmente influenciado por outras artes e outras maneiras de representar a realidade ou contar historias, como o teatro, que podería ter axudado á presentación da palmeira da CSM 133 ou mesmo a organizar as imaxes da CSM 86.

Despois deste repaso, non podemos evitar pensar nun dos estudos máis influentes acerca do espazo medieval, *La mesure du monde* de Paul Zumthor, que traza unha cronoloxía na evolución da representación da cidade medieval[188]. O autor, sitúa os primeiros exemplos de imaxes de cidades non esquematizadas no século XV. Nas CSM, como vemos, a representación da cidade aínda non goza de espazo (de baleiro), senón que consiste nunha superposición de planos. Así e todo, os elementos que a conforman parten da observación e do desexo de facer ligazóns simbólicas asociadas ao obxecto representado. En certo modo, ás veces actúan como postais turísticas, mostrando o elemento máis significativo do lugar. Noutras ocasións, nas que quizais non haxa ou non se coñezan elementos rechamantes, o mestre miniaturista proporciona igualmente unha visión detallada e arquetipada do tipo de cidade sobre a que trata o texto. Lamentabelmente, por mor do estado de MS B.R.20, non podemos ver moitas páxinas que estarían iluminadas, algunhas incluso con datos idénticos aos de MS T.I.1, que serían moi interesantes para afondar neste estudo.

188 Zumthor, *La medida del mundo*, 114.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4 NATUREZA

A natureza funciona como un dos escenarios fundamentais nos que discorren as narracións das CSM. Os camiños, os mares, as montañas, os campos e outros espazos son a localización de moitos milagres, ás veces debuxados soamente como un escenario dos feitos e, en ocasións máis puntuais, formando parte dos acontecementos narrados. Para estudar esta cuestión, partiremos do concepto de «natureza» derivada da *physis* grega, diferente a outras posíbeis definicións empregadas noutros textos afonsinos, como as *Partidas*[189]. Por outra banda, trataremos, de novo, os textos e as imaxes das CSM de xeito homoxéneo, polo que entrelazaremos os versos, escritos e iluminados, para presentar e estudar a presenza da natureza a través das súas diferentes formas e funcións textuais e os espazos nos que é presentada.

Como veremos, o medio natural interesa especialmente na literatura da Baixa Idade Media e goza de ampla presenza nas obras escritas e na arte visual, mostrando unha nova mentalidade e outra forma de comprender a contorna. O poder atractivo da natureza tamén se pode encontrar nas composicións literarias, científicas e históricas de Afonso X, aínda que de xeitos diversos. No *Lapidario*, o monarca describe as propiedades físicas e místicas das pedras, mentres que no *Libro de las Cruces* encontramos como os astros inflúen no comportamento dos seres humanos doutras rexións do planeta[190]. *A priori*, poderiamos pensar que, debido á curiosidade de Afonso X, nas CSM a xeoloxía e a astroloxía, así como outras formas de estudo da *physis*, terían unha presenza destacada; con todo, abondaría cunha primeira lectura para comprobar que non é así e que, o conxunto dos milagres marianos escritos polo monarca pretende dar unha visión máis realista da natureza e dos temas de interese para a sociedade xeral, polo que non terían cabida aqueles tratados xa mencionados[191]. A contorna natural nas CSM é presentada, como veremos, dun xeito asimilábel para calquera posíbel lector ou ouvinte, de modo que todo o mundo puidese comprender o que acontece.

A segunda cuestión pola que interesaría a análise da natureza nas CSM é pola súa presenza na literatura da Idade Media e a variedade de formas en que ten sido representada, así como as funcións que ten cumprido: desde a simboloxía de certos elementos no xénero épico (como o significado que adquiren as árbores e os bosques nos *romanz* de aventuras) até interpretacións filosóficas máis complexas, como as que ofrece Chaucer nalgunhas das súas obras debido á influencia de pensadores como Statius, Alan de Lille ou Jean de Meun[192]. Por outra banda, a presentación da natureza nas CSM non figura soamente nos seus textos, senón

189 Para comprobar a definición deste concepto, así como as diferenzas entre «naturalidade», «natureza» e «natura» nas *Partidas* véxase Martin, «Le concept de "naturalité" (naturaleza) dans les Sept parties, d'Alphonse X le Sage». Sexan vistos tamén, para definicións máis xerais do concepto de natureza e o seu fundamento na *Física* aristotélica, os volumes de Herreros e González, *De natura*, *Approaches to nature in the middle ages* —onde destaca o capítulo de Weisheipl «Aristotle's concept of nature»—, o primeiro capítulo de Robertson en *Nature Speaks* ou Fuentes, «La naturaleza y el espacio en la estética medieval», entre outros, así como o propio autor, Schmidt Osmanczik, *Aristóteles: Física*.

190 Véxase Menéndez Pidal, *La España del S.XIII*.

191 Filgueira Valverde (ed.), *Cantigas de Santa María*, XLIV. Keller e Cash, *Daily Life Depicted in the Cantigas de Santa Maria*.

192 A este respecto, véxanse: Noguchi, «Chaucer's concept of Nature», Stanbury, «Ecochaucer», Rudd, *Greenery* e Robertson, *Nature Speaks*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tamén nas iluminacións que enriquecen moitas das cantigas e que completan ou modifican o ollar sobre os espazos mencionados ou descritos con palabras. A presenza de imaxes nesta obra non é soamente un engadido visual, senón que modifica o obxecto literario en si mesmo e, ademais, abre a posibilidade de inscribir o conxunto de textos nunha historia que non é só literaria: a da concepción e a reprodución da paisaxe, que se estudará máis adiante.

Finalmente, como viñamos dicindo, a composición das CSM prodúcese nun momento en que coincidían dous xeitos de ollar a natureza. Por unha banda, desde o século anterior a mentalidade occidental medieval estaba a recuperar algunhas das ideas aristotélicas en torno á natureza e, por outra, aínda se conservaban algúns dos principios filosóficos predominantes de épocas anteriores, que relacionaban o medio visíbel con aquel que non se podía percibir a través da vista[193]. Con todo, no período gótico observamos unha serie de cambios salientábeis na relación entre ser humano e natureza ou, dito doutro xeito, entre os individuos e a creación de Deus. A recuperación do pensamento aristotélico, a lenta humanización do Creador, a expansión e control da produción agrícola ou o auxe das viaxes e o intercambio comercial, son algúns dos factores que producen a evolución da concepción da natureza[194]. O maior interese polas obras de Deus será especialmente perceptíbel nas representacións artísticas, que se preocuparán polas formas do corpo e do rostro humanos, polos animais e polas plantas. O estudo destes elementos non se percibirá nas obras soamente polo modo en que serán plasmados, senón que a súa forma viva e orgánica tamén influirá nos novos xeitos de crear columnas ou chapiteis decorados. A pesar de que os elementos naturais xa existían en obras previas, na súa escolla agora non se terá en conta soamente o seu valor simbólico, senón que, como apunta Mâle, tamén se representarán simplemente «pour leur beauté»[195]. A nova percepción da beleza e a comprensión da natureza como unha obra fermosa de Deus é un dos cambios máis significativos deste período. Nos manuscritos, como os das CSM, tamén atoparemos reflectida esta moda. En T-I-1 e B.R.20 atoparemos pequenas flores nos marcos das iluminuras, mentres que as letras capitais verémolas decoradas por elementos florais que se entrelazan con animais fantásticos formando motivos vexetais. Camille resumiría as consecuencias destas mudanzas na representación artística afirmando que «la naturaleza dejó de ser una serie de símbolos y se convirtió en una serie de objetos, vistos no a través del espejo tipológico del infinito, sino a través de las lentes de los ópticos aristotélicos»[196].

Todo isto non quere dicir que os elementos naturais perdesen o seu simbolismo, e o mesmo acontecerá nas CSM. Así, en ocasións, «un árbol, una montaña, un río, el mar» poderían encontrarse concibidos de xeito esquematizado, tal e como sucedería na pintura románica e como vimos ao tratar a representación de Jerez na CSM 143[197]. Así e todo, mesmo nos casos nos que os elementos naturais son empregados só como símbolos, estes son froito da observación do medio e, a súa integración pictórica, por mor das frecuentes representacións da natureza, non contrasta co conxunto das iluminuras dos *Códices das Historias*.

193 Sureda e Liaño Martínez, *El Despertar de Europa*, 45-52. Cendón Fernández, «La Naturaleza y el paisaje en el gótico. La naturaleza en los conjuntos funerarios».

194 Véxanse: Sureda e Liaño Martínez, *Ibid.*, 285; Cendón Fernández, *Ibid*. e Epstein, *The Medieval Discovery of Nature*, 4-39.

195 Mâle, *L'art religieux du XIIIe siècle en France*, 70.

196 Camille, *Arte gótico*, 134.

197 Sureda e Liaño Martínez, *El Despertar de Europa*, 43.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Inevitabelmente, como xa foi apuntado anteriormente, ao pensar na presentación da natureza nunha obra artística, mesmo sendo propia da Idade Media, non podemos fuxir do termo «paisaxe», sobre o que cómpre facer un breve apuntamento, tanto pola importancia nos estudos actuais, como tamén pola discusión que rodea este concepto en canto á súa aplicación na arte medieval. Con todo, entendendo que o propósito deste apartado non é reflexionar sobre a «paisaxe» ou sobre a súa validez para máis de 1000 anos de creacións e evolución do pensamento, neste momento da análise limitarémonos a achegar algunhas ideas chave para poder centrar o discurso nas CSM, ver onde podemos situalas na historia da representación pictórica da natureza e ratificar, se cabe, a afirmación do profesor L. Silvestre de que as CSM, nomeadamente a 49, constituirían un «ejemplo extraordinario para la época» de ollar «protopaisaxeiro»[198]. Despois de analizar a presenza da natureza entre os milagres afonsinos volveremos sobre esta cuestión.

O problema de analizar a paisaxe nunha obra medieval é a falta dun paradigma claro sobre o que estabelecer as hipóteses e a falta de cohesión en torno á aplicación e ao significado deste concepto cando o desexamos usar para referirnos a obras anteriores ao Renacemento[199]. De momento, tendo en conta a bibliografía dedicada á paisaxe moderna, partiriamos da idea de que non é correcto empregar o termo «paisaxe» para referirse a obras medievais. Un dos motivos que acostuman provocar este rexeitamento é a suposta ausencia dun ollar consciente e con fins estéticos sobre a contorna. En efecto, somos incapaces de achegar probas suficientes para demostrar que a sociedade medieval era paisaxeira, «protopaisaxeira», ou que miraba con goce ao seu redor. De feito, todos os autores contemporáneos coinciden en afirmar a incapacidade existente nos séculos medievais para ver no campo algo máis que unha obra de Deus ou un espazo de traballo[200]. Esta afirmación coincidiría coas palabras de autores modernos como Paul Cézanne, indiscutíbel pintor de paisaxes, que dubidaba da capacidade dos campesiños do seu tempo para apreciar o campo[201]. Deste exemplo, entendemos que non é necesario un consenso social para afirmar a existencia de paisaxe nalgunhas obras pictóricas. Outro motivo argumentado é a falta de conceptos na Idade Media para referirse á paisaxe. Aínda que este tamén foi desmontado por diferentes autoras, cómpre anotar que non encontramos ningún termo a través do que mencionar a paisaxe entre as obras afonsinas[202]. Con todo, a cuestión sería, entón, ver que hai detrás do autor dunha obra ou dos contidos da mesma e, concretamente para as CSM, comprobar se podemos observar trazas dun ollar analítico ou dun ollar con fins estéticos que demostren a preocupación por representar a natureza.

En realidade, só a través das achegas de Maderuelo e W. J. T. Mitchell, e dalgúns estudos específicos máis, poderiamos dar por válido o emprego do termo paisaxe, mais é necesario

198 L. Silvestre, «Actas II Congreso "O Camiño de Santiago, unha perspectiva multidisciplinar"», 101.
199 Goehring, *Space, place and ornament*, 15.
200 Véxanse Berque, *Les raisons du paysage. De la Chine antique aux environnements de synthèse*, 39, L. Silvestre, «Pensar la historia del paisaje» e a xa citada do mesmo autor «Actas II Congreso "O Camiño de Santiago, unha perspectiva multidisciplinar"».
201 Clark, *Landscape into Art.* Roger, *Breve tratado del paisaje*, 26-33.
202 Véxanse o artigo de Rodríguez Bote, «La visión estética del paisaje en la Baja Edad Media», e os traballos do congreso vallisoletano presentados no volume editado por Pérez Rodríguez, *Las palabras del paisaje y el paisaje en las palabras de la Edad Media*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

afondar un pouco máis na súa xustificación[203]. Maderuelo define paisaxe como «un constructo, una elaboración mental que los humanos realizamos a través de los fenómenos de la cultura»[204]. Pola contra, Mitchell referiríase á paisaxe non como un obxecto ou un texto que observar ou ler, senón como «a process by which social and subjective identities are formed»[205]. De xeito moi sintético, poderiamos entender a paisaxe como un conxunto de experiencias culturais que redirixen o ollar humano cara á natureza e o espazo, dando lugar a novas imaxes ou creacións. Así, baixo esta premisa, entendendo a paisaxe como unha creación cultural inserida nos límites das definicións de espazo e lugar, poderiamos xa empregar este termo aplicado ás CSM e a outras obras medievais, mais co fin de esclarecer o lugar desta obra afonsina no conxunto da historia da representación de paisaxes, analizaremos tamén o xeito en que a natureza é tratada nas CSM[206].

4.1 ESPAZOS NATURAIS E SIMBOLOXÍA

En termos xerais, alén dos elementos naturais de figuras retóricas ou tópos iconográficos, podemos afirmar que a aparición de natureza na literatura medieval está suxeita a temas literarios tradicionais, como a caza, os traballos do campo, as peregrinacións e viaxes, o retiro espiritual e outros temas que trataremos nas seguintes páxinas[207]. Nas CSM, a pesar de todo, case non observaremos calendarios, estacións do ano ou atributos relativos a estas, como a neve ou cambios de follaxe, coas que acostuma estar relacionada a aparición da paisaxe[208]. Con todo, existe unha excepción a esta afirmación, que encontramos na CSM 226 (figura 34). Nela, a través das iluminuras, o paso do tempo é presentado a través dos distintos ciclos da vide. Non obstante, non poderíamos afirmar que a natureza constitúe o eixo principal deste relato, afirmación que é posíbel trasladar ao conxunto das CSM. En xeral, a natureza é un elemento narrativo —relacionado cos seres humanos— que depende do milagre que se desexe contar, incluso nos casos nos que tome partido na acción[209].

Unha vez entramos no mundo das CSM, observamos que fóra dos núcleos urbanos, das igrexas, das granxas, das rúas e das prazas onde xogaban os nenos, nas páxinas de milagres ábrese un mundo de camiñantes, ladróns, cabaleiros, comerciantes e relixiosos. Os seus espazos son, principalmente, as granxas, as montañas, os bosques, os camiños, os mares e os ríos. Entre eles, curiosamente, non encontramos desertos, elementos tradicionalmente incluídos noutras obras literarias medievais e que, a pesar de estar presentes na tradición literaria xudía e musulmá, non aparecen no texto nin son mencionados ou descritos de ningún

203 Rodríguez Bote («La visión estética del paisaje en la Baja Edad Media») é a autora dunha das defensas máis vehementes en defensa da aplicación do termo «paisaxe» referido á Idade Media a partir das ideas de Agustin Berque, *Les raisons du paysage. De la Chine antique aux environnements de synthèse*, 34-35 e Roger, *Breve tratado del paisaje*, 55-57.

204 Maderuelo, «Paisaje: un término artístico», 12.

205 Mitchell, *Landscape and power*, 1.

206 Para unha elaboración máis completa recoméndase o artigo de Nadia Mariana Consiglieri «Rethoric and Agency around Iberian Sacred Landscapes (11th and 12th Centuries)» ou o volume completo, especialmente as indicacións introdutorias, de Goehring, *Space, place and ornament*.

207 Gathercole, *The Landscape of nature in medieval French manuscript illumination*.

208 Véxanse Domínguez Rodríguez, «El paisaje en un libro de Horas del siglo XV», Lambert, «De l'espace sacré à l'esprit profane: L'apparition du paysage», Lambert e Mane, «Le temps quotidien: Paysages et villages», e Mane e Le Roy Ladurie, «Du livre-cathédrale au livre d'heures: le calendrier et les travaux des mois».

209 A pesar de que non se tratará aquí, sería conveniente ampliar o capítulo que se presenta tendo en conta a iluminación doutras obras do *scriptorium* afonsino, como a *General Estoria*. Polo naturalismo da escena, dunha historia bíblica que se desenvolve no campo, apuntamos con especial interese a miniatura que sinala Ana Domínguez en «La miniatura del "scriptorium" alfonsí», VIII, de Ms. Urb. Lat. 539 (a autora, por erro, escribe 593), f. 2v, da Biblioteca Vaticana.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

modo. No seu lugar, como demostra Le Goff, o imaxinario medieval coloca os bosques (presentes nas CSM tamén como montañas)[210]. Bosques e montañas, a diferenza de desertos, forman parte da vida cotiá do público das CSM. Tampouco achamos nos *Códice das Historias* moitos xardíns. Soamente poderiamos apuntar dous: o do primeiro recadro da CSM 79 e o da 103, da que falaremos ao tratar os tópicos literarios relacionados coa natureza. Soamente o primeiro mencionado podería achegarse ás características propias deste tipo de espazos. Como eles, os prados ou as covas tampouco posuirían trazas propias, polo que non serán tratados nas seguintes páxinas.



Figura 34: CSM, Códice de Florencia. Cantiga 226. Biblioteca Nazionale Centrale di Firenze, Ms. B.R.20, f. 15r.

210 Le Goff, *L'Imaginaire médieval*, 59-75.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1.1 Granxas e terras de cultivo

En xeral, os espazos dominados pola man do ser humano, aquilo que Zumthor chamaría «la demeure», non parecen constituír unha categoría espacial diferenciada nas CSM. Seguindo a Scarborough, os tipos de campos que poderiamos encontrar nos milagres afonsinos son: «vineyards (CSM 161 and 226), crops (CSM 178, 31, 289), irrigated field (CSM 133), gaming meadow (CSM 42), and battlefields (CSM 63 and 181)»[211]. Neste apartado non trataremos as dúas últimas tipoloxías estabelecidas, xa que consideramos que non destacan por ser espazos naturais e tampouco terras de cultivo.

A pesar da súa aparente frecuencia, as granxas e «ortas» aparecen de xeito puntual nas CSM e sempre o fan como un escenario perfectamente ligado co dos seus protagonistas, constituíndo normalmente un tipo de escenario temático. É dicir, que a diferenza do que veremos nos espazos que estudaremos a continuación, nas hortas e granxas das CSM soamente encontraremos —en resumo— granxeiros. Isto é relevante, como veremos máis tarde, para comprender a súa función no conxunto da obra.

O trigal (non mencionado directamente) soamente aparece se hai un labrador que traballe nel, como o madrileño da CSM 289. As hortas aparecerían en cantigas como a 205, cando a Virxe se lle aparece a unha nena que traballaba na casa de seu pai, ou na CSM 208, onde un home garda a hostia sagrada que roubara para que a comesen as abellas; animais que tamén coida o «vilão» que observamos nas iluminuras da 128. Tal e como indica Scarborough, os «fields» son espazos familiares, coñecidos para calquera que lese ou escoitase as CSM, e que non terían que ir ligados a tópicos recorrentes, como veremos a continuación ao tratar o mar e as montañas[212].

Cómpre aclarar que as «ortas» mencionadas nada teñen que ver co tópico do *Hortus*, que desenvolve a idea do xardín pechado do seno de Santa María, en contraposición co Edén. Este *tópos* iconográfico é practicamente inexistente nas CSM, e só podería ser apuntado nas iluminuras da CSM 10 («Rosa das rosas e Flor das flores») e no refrán da 357 («a que e chamado orto / dos viços do parayso»), tal e como indica Disalvo[213].

Para finalizar este breve apartado, debemos mencionar un último espazo de traballo, «un orto u fora trebellar» unha nena na Cantiga 105, onde se lle aparece a Virxe. Este lugar recórdanos aos xardíns que veremos a continuación, nos que tamén comprobaremos que se pode presentar a divindade.

4.1.2 Xardíns e espazos pechados

O claustro e o xardín pechado teñen tamén presenza nas CSM, a pesar de que, como xa podemos apuntar, non son abundantes. Na Cantiga 103, a do monxe que fica escoitando o canto do paxariño durante centos de anos, podemos encontrar o exemplo máis coñecido destes casos. Na «orta», que aquí poderemos equiparar co xardín, o canto da ave transporta o monxe ao paraíso, facendo que transcorran trescentos anos ou máis, segundo a cantiga. O texto ofrece, ademais, un interesante matiz sobre o costume dos monxes, que sairían ao menos unha

211 Scarborough, *Inscribing the Environment*, 81.
212 Scarborough, *Ibid.*, 79-92.
213 Disalvo, «Se nas pedras faz feguras parecer… Consideraciones sobre iconografía mariana y figuras poéticas en las Cantigas de Santa María de Alfonso X», 13-14.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

vez ao ano ao verxel. O protagonista do relato, a pesar de ter estado alí fóra durante tanto tempo, non tería percepción de ter estado no verxel máis do que nalgún momento puntual, tal e como era o seu costume: «cuidando que non estevera | senon pouco, com' está (…) mong' algũa vez no ano, | quando sal ao vergeu.» (CSM 103, vv. 28-30).

Na CSM 79, igual que na xa mencionada 105, encontramos unha nena que tamén acabará vendo a Virxe. A rapaza é descrita como «garridelinna» e «de pouco sen», até que Santa María se lle aparece en soños e a convida a deixar as súas compañías. O texto non dá indicacións de espazos naturais, mais os miniaturistas optaron por presentarnos a nena na primeira iluminura «fazendo garridenças con pouco siso» (tal e como se pode ler na cartela) xogando nun xardín[214]

Finalmente, consideramos que merece ser mencionada a representación que o Códice Rico do Escorial ofrece do claustro da CSM 123. Aquí, despois de ter morto, un monxe aparécese ante os seus antigos compañeiros para falar de como a Virxe o axudou nos seus últimos momentos de vida. A iluminura está dividida en catro planos de profundidade, ocupando os personaxes un deles (o corredor) e ficando o último, do interior do claustro, repleto de vexetación, con flores, palmeiras e árbores froiteiras, entre outras especies.



Figura 35: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 123, iluminura «e», Ms. T-I-1, f. 174r.

4.1.3 Montañas, montes e bosques

Os montes e montañas das CSM representan unha parte fundamental dos escenarios que forman parte dos relatos presentados por Afonso X. Estes espazos, en forma de «monte», «montaña» ou «fraga» aparecen no texto de 29 cantigas e poden verse nun total de 39 iluminuras[215]. A súa presenza debería sorprender a quen afirma que a representación destes espazos na Idade Media «no es habitual y permanece persistentemente simbólica quizá hasta

214 Ana Domínguez coincide en cualificar este espazo como xardín. Véxase «La miniatura del "scriptorium" alfonsí», 15.

215 Entendemos estes termos, así como o contemporáneo «bosque», como semellantes xa que o seu concepto tende a mesturarse nas CSM debido á variedade de significados que son presentados (tanto no texto, como na imaxes) de xeito parecido. O número é algo incerto debido ás dubidas presentadas por algunhas iluminuras do Códice de Florencia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

la pintura italiana del XV y la mirada viajera de Brughel» ou que a ignorancia das persoas do medievo por estes lugares era tan grande que a imaxinación levaríaas a convertelos «en un mundo abstracto»[216]. Nunha primeira lectura das CSM xa poderiamos comprobar que o texto que temos fronte a nós non parecería adecuarse a estas e a outras xeneralizacións sobre o período medieval: as montañas teñen presenza, non funcionan soamente como símbolos e non están idealizadas nin presentadas dun xeito que demostre descoñecemento. Con todo, na iconografía medieval estes elementos xeográficos si posúen características propias que se perciben nas CSM, xa que son lugares naturalmente perigosos e de máis difícil acceso, habitados por bestas que non se poden achar nos vales nin nas cidades e que, ao mesmo tempo, favorecen o retiro espiritual e a conexión coa divindade. Na tradición bíblica, ademais, a súa proximidade ao Ceo favorecía as hierofanías, xa de por si habituais nas CSM, como temos visto.

Preguntámonos se ante as montañas afonsinas podemos afirmar que se aplican tópicos como o *locus agresti*, se están caracterizadas como ambientes cunha carga simbólica e/ou psicolóxica concreta, a que fin narrativo responde a súa presenza e, finalmente, como aparecen no texto e que nos pode dicir isto sobre o coñecemento dos autores sobre o mundo que os rodeaba. Un dos exemplos que mellor axudará a responder devagar estas preguntas é a descrición dunha montaña na CSM número 191:

> D'ir cada dia por agua | mui longe a hũa fonte
> que nacia en un vale | juso a pe desse monte,
> yndo per un semedeiro. (…) (CSM 191, 13-15).

O referido monte é a Serra de Albarracín, sobre a que se situaría o Castelo de «Roenas». O alcalde do lugar tería que marchar pola súa «soldada» e a alcaldesa sería quen se encargaría de ir por auga, mais un día o vento tiraríaa da altura na que se atopaba. Porén, non sufriría ningún dano grazas á intervención de Santa María.

A pesar de que algúns autores teñen tentado identificar a mencionada fonte na que acontecen os feitos do milagre, é complicado confirmar a veracidade de calquera hipótese[217]. Aínda así, mesmo se este é un lugar inventado dentro dunha localización coñecida, a Cantiga 191 segue sendo interesante pola coherencia da descrición presentada e polo propio feito de incluíla. Non hai comentarios sobre a beleza do escenario, mais si observamos interese por crear unha composición, cando menos, achegada á realidade. Na CSM 48 lemos unha descrición máis subxectiva doutra fonte, a pesar de que responda a fins prácticos e non a unha contorna interesante pola súa beleza visíbel.

> Montssarrat éste chamado o logar u é a fonte
> saborosa , grand' e crara, que naç' encima dun monte,
> que era dun cavaleiro; e d'outra parte de fronte
> avia un mõesteyro de monges religiosos. (CSM 48, 8-11).

216 A primeira cita é de Martínez de Pisón, *La montaña y el arte*, 157, mentres que a segunda pertence a Zumthor, *La medida del mundo*, 63.

217 A primeira opción, suxerida por Lázaro Polo, sería a de Peña de La Horadada y Trascasa, mentres que Hervás tamén optaría polas fontes de Foradada ou da Cañada La Reina. «Introducción a la literatura turolense»; vid. «La Cantiga CXCI de Alfonso X El Sabio», respectivamente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta descrición tan sintética constrúe o escenario do relato que a continuará. Nela, de novo, demóstrase o coñecemento do terreo do que fala, xa que efectivamente o Monestir de Santa Maria de Montserrat está nunha das frontes da montaña. Na cantiga, por mor da avaricia do cabaleiro, que cobra pola auga aos monxes, a Virxe María «canbiou a fonte» de sitio, colocándoa na «erdade dos monges», o que nos fai comprender o poder que a *Groriosa* ten sobre o mundo terreal. Nas iluminuras, como vemos na figura 36, esta mudanza de posición só é perceptíbel a través das árbores, xa que na nova visión aparece unha ao fondo que non estaba antes presente e, aquela baixo a que nace a auga, ten agora follas trilobuladas e un salientábel tronco que se curva para ocupar o espazo baleiro. Trátase, en realidade, dunha iluminura curiosa e que merecería un estudo particular, xa que esta árbore, que non é frecuente nos manuscritos, podería indicar a importancia deste tipo de elementos para diferenciar lugares, de maneira semellante ao que vimos en páxinas atrás.



Figura 36: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 48, iluminura «b», Ms. T-I-1, f. 71v.



Figura 37: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 48, iluminura «d», Ms. T-I-1, f. 71v.

O coñecemento da montaña de Montserrat é perceptíbel noutras cantigas, como a 113, na que Deus e a Virxe evitan que unha pena caia sobre o mencionado mosteiro debido á súa proximidade (non explicitada, mais si perceptíbel, especialmente nas imaxes) da ladeira rochosa. Por elas, como ensinan as iluminuras da Cantiga 52, corrían as cabras montesas que daquela aínda habitaban os Pireneos e que tamén puidemos observar nunha das iluminuras da CSM 48[218]. Nesta ocasión, o milagre conta como estes animais se achegaban ao mosteiro para que os monxes puidesen muxilas. De novo, vemos nas viñetas un edificio á beira da montaña, desta volta chea de flores e doutros animais. O texto tamén presenta unha visión acertada do lugar:

> Aquel logar a pe dun mont' está
> en que muitas cabras montesas á;
> ond' estrãya maravilla avẽo ja,
> ca foron todas ben juso decer.
> *Mui gran dereit' é d' as bestias obedecer…*

218 Granados Torres et al., «La cabra montés (Capra pyrenaica, Schinz 1838)».

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ant' a eigreja qu' en un vale jaz,
e ant' a porta paravan-ss' en az
e estavan y todas mui quedas en paz,
ta que os monges las yan monger.
Mui gran dereit' é d' as bestias obedecer…
(CSM 52, 13-22).

Sorprenden os dous primeiros versos de cada cobra, que sitúan a igrexa nun val ao pé do monte. Con todo, especialmente tras comprobar o bo coñecemento do territorio, poderiamos entender que o que nos queren dicir estes versos é que a igrexa está nunha superficie chá sobre a que aínda se alza parte da montaña, como así é. Ao mesmo tempo, tamén fica claro, e cómpre anotalo nun capítulo coma este, que tampouco había vontade de describir claramente cada lugar.

Na mesma montaña de Montserrat, mais agora na Cantiga 57, presenciamos como un posíbel lugar idílico é transformado noutro completamente contrario. O texto comeza avisando de que os feitos aconteceron nunha montaña «muy grand' e estranna», na que unha dona baixaría coa sua «companna» a unha fonte a comer e estar tranquilamente, até seren atacados polo cabaleiro Reimundo. Este non é o único cabaleiro que ataca e rouba nos montes. En multitude de ocasións nas CSM estes lugares posúen unha carga negativa e a visión dos mesmos parece achegarse máis ao *locus agresti* e a outros dos tópicos mencionados ao inicio por mor da súa perigosidade.

A Cantiga 194, aínda en Catalunya, presenta a historia dun xograr que, indo de corte en corte, é asaltado ao pasar por unha montaña e salvado posteriormente por Santa María. A CSM 85 tamén trata duns ladróns que atacan nunha montaña, mais nesta ocasión contra un xudeu en Inglaterra. Aquí a Virxe non se limitaría a salvar do dano físico e material, senón que aproveitaría para mostrarlle a vitoria do cristianismo. Primeiro ensinaríalle, desde un monte, un «gran vale chẽo de dragões / e d' outros diabos» (vv. 42-43) que cociñaban almas de xudeus e, máis tarde, levaríao «a outro gran monte» (v. 51) para que vise a Xesucristo rodeado de anxos, santas e santos. Desde este lugar a Virxe activa unha mirada simbólica, semellante a aquelas pasaxes bíblicas nas que desde as alturas dunha montaña a ollada era máis que xeográfica, como a terra prometida que Moisés observa antes de morrer (Deut 34: 1) ou as cidades que o demo ensina a Xesucristo para tentalo (Mt 4:1-11).

Volvendo aos furtos que se cometen nas montañas, na CSM 5 comprobamos que estas tamén serían un lugar óptimo para matar ou abandonar persoas, como así tentan facer os monteiros coa emperatriz de Roma, quen máis tarde sería levada a unha rocha do mar cun propósito semellante. Os ladróns tamén son temidos polos «romeus» que teñen que atravesar as montañas. Na CSM 49, referida anteriormente por tratarse dun posíbel exemplo de «protopaisaxe», un numeroso grupo de peregrinos que se dirixen a Soissons pérdese no camiño ao anoitecer. Cando pensan que poden ser atacados por ladróns, aparece lume no bastón resplandecente da Virxe, que ilumina a montaña para que continúen o seu camiño.

Sabendo da súa perigosidade, tamén o demo ordenaría a un home de Roma na CSM 67 que fose cazar ás montañas e pescar no mar, esperando —sen éxito— que morrese. Con todo, a caza non parece ser algo necesariamente perigoso, xa que na Cantiga 277 aparece

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mencionada para indicar que uns homes capturaron un cervo, pero non acontece nada negativo relacionado con esta escena, aínda que non se trataba do tema principal do milagre, que estaba dedicado a un enfrontamento entre «almograves» e «mouros». Porén, da caza derivarían outros posíbeis problemas, como a perda de aves de falcoaría (CSM 44, 232 e 242). Mesmo así, non poderiamos indicar que a caza no monte terá sempre consecuencias negativas.

Finalmente, o perigo tamén podería estar orixinado por causas naturais, como xa vimos ao falar das Cantigas 113 e 191, ou coa erupción do Mongibel (o volcán Etna) na Cantiga 307, que desata un inferno na terra.

Para concluír esta mostra sobre a presenza de montañas e montes nas CSM, incluímos os casos nos que este tipo de localizacións si posúen connotacións positivas, case todas relacionadas co retiro espiritual e co consello de sabios, como os que viven na Montaña Negra, habitada na Idade Media por numerosos monxes e eremitas[219]. Así, a actual cordilleira Amanus —ou Montañas Nur— aparece nas cantigas 65 e 115 da man dun home que aconsella ao protagonista do milagre, en ambas despois deste ter consultado ao Papa e na 115, ademais, ao patriarca de Antioquía. Xunto a eles, atopamos o ermitán da 155, de Alexandría, e o da 95, conde alemán que vai a Portugal para vivir retirado nun acantilado. A CSM 363 é outra das excepcións nas que a montaña ten trazas positivas, xa que este é o lugar onde o «Con Symon» aparece tras ser salvado por Santa María, «cabo dũa 'rmida».

Na xa mencionada CSM 65 non encontramos soamente un eremita na Montaña Negra. Este é quen aconsella ao protagonista do milagre ir a Alexandría e atoparse cun home, aparentemente tolo, que ten o seu refuxio e lugar de retiro fóra da cidade:

> U entrava en hũa eigreja vedra,
> mui ben feita tod' a boveda de pedra,
> pero con velleçe ja cuberta d'edra,
> que fora d' antigo lugar muit' onrrado.
> (CSM 65, 123-127).

Os lugares apartados, como aqueles aos que tamén foxen o monxe da CSM 95 ou, seguindo a tradición do evanxeo apócrifo de Santiago, San Xoaquín na 411, parecen facilitar a soidade e a reflexión, que aproximan a quen os habita coa divindade. Estes son os lugares apropiados para isto, mais soamente polas súas características físicas e a súa inhabitabilidade e non porque posúan, *a priori*, propiedades máxicas, a diferenza doutros espazos da literatura medieval como o bosque.

O bosque é o espazo co que acostumamos relacionar o retiro espiritual e a transformación dos protagonistas na literatura medieval, especialmente en obras bretoas, o que leva a Northrop Frye a definir os «green worlds»[220]. Estes espazos serían diferentes a outras localizacións no texto, xa que as súas características únicas —relacionadas co psicolóxico e o transcendental— separaríaos do resto do universo literario, mesmo sendo espazos abertos, tal

219 Shirinian, «The Cultural Activity in the Armenian Monasteries on the Black Mountain».

220 Poden verse os diferentes capítulos da obra de G. Rudd *Greenery*; tamén na obra *The Cambridge Companion to Literature and the Environment*, onde destacamos o artigo de Siewers «The Green Otherworlds of Early Medieval Literature», na que analiza os Green Otherwolds a partir de Frye, «The Argument of Comedy».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e como os definiría Frye. Funcionarían como unha porta cara ao mundo máxico ou non terreal, tal e como poderiamos ver en moitas obras da Materia de Bretaña.

Nas CSM calquera espazo parece poder estar conectado coa divindade; con todo, lugares como a Montaña Negra parecen estar especialmente en contacto co mundo celestial, xa que mesmo figuras como o Papo ou o Patriarca de Antioquía recoñecen os seus límites ante os sabios que habitan a cordilleira Amanus. Quizais un dos poucos momentos nos que no espazo xeográfico se abra unha porta cara a outro lugar sexa na mencionada Cantiga 85.



Figura 38: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 44, iluminura «b», Ms. T-I-1, f. 67r.



Figura 39: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 115, iluminura «h», Ms. T-I-1, f. 165r.

Os bosques e montañas das CSM acostuman ser facilmente diferenciábeis nas súas iluminuras (figuras 38 e 39)[221], xa que cobren todo o recadro para non alterar a proporción figura-contorna. Ademais, na imaxe toma o protagonismo un chan abrupto, pouco uniforme e especialmente escuro. Cando o iluminador afasta a súa mirada, esta irregularidade acaba tomando a forma da cima da montaña e sobre ela, como na CSM 44, sitúanse os diferentes elementos que acostuman compor parte deste tipo de espazos aplicando unha perspectiva simbólica máis perceptíbel do que no resto de iluminuras. Dous dos compoñentes que gañan máis presenza nestas composicións, tanto polo seu número, como pola súa variedade, son os animais e as árbores[222]. Os primeiros abundan especialmente nas escenas de caza, mais tamén aparecen noutras representacións das zonas de montaña. Como se pode apreciar na base de datos, os coellos e diferentes especies de aves contan con numerosas aparicións, alén dos cabalos.

221 Con todo, como se advertiu, na base de datos presentada na páxina web non se realiza esta distinción, entendendo que así se facilita a busca de información.

222 Existen abundantes artigos sobre a presenza de animais nas Cantigas de Santa María: Grégorio, «Simbolismo animal y teratología en las "Cantigas de Santa María"», Mendes, «Os Animais nas Cantigas de Santa Maria (I)» e «Os Animais nas Cantigas de Santa Maria (II)». Finalmente, destaca o escrito por Elvira Fidalgo, «Los animales de las "Cantigas de Santa Maria"». Con todo, como se poderá comprobar, ningún dos mencionados dedica especial interese a coellos e perdices, por aparecer unicamente a través das iluminuras.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así e todo, case ningún destes elementos salientábeis e propios das representacións de montañas aparece no texto nin ten relevancia nas historias. A súa presenza está xustificada por cuestións de estilo, mais tamén polo propósito de outorgar maior realismo ás representacións. Deste xeito, as iluminuras das CSM están a priorizar a inclusión de elementos simbólicos e, en certa medida, codificando o modo de plasmar en imaxes un tipo de espazo determinado[223].

Unha das primeiras apreciacións que podemos sinalar despois desta análise, pouco detallada, das montañas nas CSM é que a súa presenza e funcións no conxunto da obra é variada, realista e simbólica en certo modo e que, ben sexa de xeito consciente ou inconsciente, os autores das CSM acaban ofrecendo multitude de formas de ver e *estar* na montaña e nos montes. Esta é, quizais, unha das conclusións máis evidentes deste apartado: ao noso parecer, nas Cantigas non se demostra a existencia de medo e descoñecemento polas montañas e os narradores mostran interese por este tipo de localizacións, xa que eran lugares comúns, habitados por xente corrente; non son espazos simbólicos, como no caso dos *romanz*, por exemplo, son espazos reais. Como vimos, temos multitude de exemplos nos que os acontecementos están claramente ligados ao lugar onde acontecen e nos que os feitos chegan a ser exclusivos destas localizacións, tal e como podemos comprobar a través da serie de Montserrat ou dos eremitas da Montaña Negra. E, alén diso, temos comprobado que estes lugares son acompañados de descricións —mediante texto ou imaxes— acordes.

O que isto vén a indicar é que nas CSM, sexa por decisión propia ou por influencia das súas fontes, a forma de tratar as montañas non é diferente da doutros espazos como o mar ou as vilas. Porén, isto non debe inducirnos a pensar en que non existía interese por este elemento paisaxístico, senón máis ben ao contrario, como xa temos demostrado. Entendemos que é importante facer fincapé nisto, que probabelmente non sexa algo exclusivo das CSM, porque tanto lectores contemporáneos como algúns medievalistas son incapaces de fuxir da visión estereotipada deste tipo de espazos, afirmando que calquera ser humano medieval fuxiría antes de entrar nunha montaña ou que as súas aparicións literarias son descritas unicamente a través do descoñecemento e a imaxinación[224]. Albert Classen convidaríanos incluso —«in vain»— a procurar poemas, pinturas ou outras representacións medievais da montaña que a tratasen en termos positivos e afirma que o cambio de paradigma soamente se produciría co *Ascenso ao monte Ventoux* de Petrarca e co romance *Theuerdank*, composto polo emperador Maximiliano I. Como tamén indican investigadores como Burckhardt ou Ritter, non cabe dúbida de que estes textos —especialmente o do italiano— marcan momentos fundamentais na evolución da nosa comprensión do medio e, nomeadamente, da historia da paisaxe[225]. Como xa foi exposto, na Idade Media non existiría un ollar estético consciente e expresivo ou sentimental cara á contorna natural, e tampouco cara ás montañas. Aínda así, a mirada diferente do *espectador* medieval non provocou que da súa ollada sobre a natureza escapase a percepción da beleza das obras creadas por Deus, nin evitou que moitas comunidades de monxes ou eremitas se instalaran alí, a pesar da súa suposta perigosidade.

223 Con respecto á relación entre texto e representación de escenas exteriores, véxase Chico Picaza, *Composición pictórica en el Códice Rico de las Cántigas de Santa María*, especialmente o capítulo completo sobre «Escenografías de exterior o «exteriores», tomo I, 71-87 e 194-420 e, da mesma autora, «La relación texto-imagen en las Cantigas de Santa María, de Alfonso X el Sabio».

224 Martínez de Pisón, *La montaña y el arte*, 157. Zumthor, *La medida del mundo*, 63.

225 Burckhardt et al., *La cultura del Renacimiento en Italia*. Ritter, *Paysage. Fonction de l'esthétique dans la société moderne*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ante isto, non deixa de resultarnos —como mínimo— chamativo o descoñecemento do período e das manifestacións artísticas medievais e, nomeadamente, das CSM por parte de ámbitos como o anglosaxón. Así mesmo, aínda que o seguiremos vendo nas seguintes páxinas, consideramos que xa é procedente anunciar anticipadamente un posíbel ollar «protopaisaxero» nas CSM.

4.1.4 Mares

Outro tipo de espazo que, *a priori*, tamén chamariamos arquetípico, é o mar, cuxas características propias nas CSM e na literatura medieval teñen sido obxecto de numerosos estudos[226]. Trátase dun dos espazos máis salientábeis das CSM, aparecendo en máis de 50 ocasións e estando relacionado con acontecementos e feitos facilmente identificábeis. En total, soamente podemos identificar catro mares: o Canal da Mancha, o Mar Cantábrico, o Océano Atlántico («o gran que corr' arredor da terra») e o Mar Mediterráneo («chamado mẽor», CSM 124), nos que podemos diferenciar multitude de ribeiras, como as do norte do Atlántico ou as africanas[227].

A importancia do mar queda constatada tamén se recorremos a outras obras de Afonso X, nas que se loan as virtudes de cidades como Cartagena, o Puerto de Santa María ou Sevilla grazas, en parte, ao seu tráfico marítimo[228]. Así describe o monarca a actual capital andaluza na *Primera Crónica General*:

> villa tan bien asentada et tan llanna non la a en el mundo, villa a quien el anuio del mar le viene por el rio todos los dias de las naues et de las galeas et de los otros nauios de la mar, fasta dentro a los muros, apuertan alli con todas mecadorias de todas partes del mundo: de Taniar, de Çepta, de Tunez, de Bogia, dAlexandria, de Jenua, de Portogal, de Ynglaterra, de Pisa, de Lonbardia, de Burdel, de Bayona, de Cezillia, de Gasconna, de Catalonna, dAragon, et aun de França, et de otras muchas partes dallen mar, de tierra de cristianos et de moros, de muchos loares que muchas vezes y acaesçen (Primera Crónica General, III, 769)[229].

É sinxelo poñer en relación este texto coas CSM, non só pola importancia que nel se outorga a Sevilla, senón porque as localizacións mencionadas son compartidas entre ambas obras. Navarro González recolle, xunto a outras, este testemuño que verifica a importancia do

226 É especialmente interesante a obra colectiva *Mondes marins du moyen-âge*, onde destacamos Corbellari, «La Mer, espace structurant du roman courtois», e, sobre todo, Leclercq-Marx, «L'idée d'un monde marin parallèle du monde terrestre». Tamén tratan o mar nas CSM Bertolucci Pizzorusso, «Altri mari nelle Cantigas de Santa María, testi ed immagini», González, «Perigos e medos nas "Cantigas de Santa Maria. Do mar e dos seus tormentos"» e Scarborough, *Inscribing the Environment*.

227 No apartado Busca xeral de lugares da web, <https://oslugaresdascantigas.gal/mais/procuradelugares/>, é posíbel obter todas as aparicións do mar ou doutros elementos nas CSM, tanto do mar como das iluminuras. Para facer unha busca individualizada recoméndase a consulta doutra seccións xa mencionadas.

228 Como se pode comprobar a través da web, unha boa parte das ocorrencias que encontramos sobre o mar nos textos das CSM —especialmente contra as últimas cantigas— é por Santa María do Porto, probabelmente por mor da relevancia do sector asociado á pesca na contorna de Sevilla. Para afondar sobre este tema, véxase Vallejo, «La regulación de los oficios del mar en Andalucía».

229 *Primera crónica general*, III: 769.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mar para o monarca. Con todo, o mesmo autor apunta tamén que para o rei castelán as loas non serían para os comerciantes, senón para os almirantes e capitáns de mar e para os seus barcos[230]. Non poderiamos extrapolar esta afirmación ás CSM, xa que debido á vontade de representar diversos aspectos da sociedade medieval, nos textos están incluídas diversas categorías de personaxes e nelas, no apartado de persoas que percorren os mares, os guerreiros non destacan fronte aos mercadores. Nos mares das CSM abondan tanto peregrinos, como comerciantes, guerreiros, pescadores ou corsarios. Para uns, este é só un camiño que atravesar para chegar a outro territorio, mentres que para outros é o seu hábitat natural. A principal diferenza entre eles é que os últimos mencionados, os piratas, son un dos perigos que, xunto coas tormentas, dificultan as travesías polo mar e fan deste un espazo inseguro. En realidade, estes soamente son a versión marítima de quen ataca e rouba en terra, a cabalo ou a pé, do mesmo xeito que comerciantes, peregrinos e guerreiros son tamén personaxes de milagres acontecidos en terra firme. Xunto aos corsarios, outro dos riscos do mar producidos por humanos é o de ser abandonado alí. Isto sófreo, por exemplo, a Emperatriz de Roma na CSM 5, nun relato que lembraría ao da *Lenda dourada* de Jacopo da Varazze, onde María Magdalena salvaría unha muller que quedaría abandonada nunha rocha do mar xunto co seu fillo tras padecer unha tormenta no barco[231].

O clima e o propio espazo constitúen o maior conxunto de riscos naturais do mar. Os personaxes poden afogar (CSM 86), bater contra as penas (CSM 236 e 371), sofrer problemas na nave (CSM 339) ou padecer o castigo de Deus ou Santa María polas súas malas accións (CSM 9 e 95)[232]. Así e todo, o maior perigo que se pode vivir no mar son as tormentas (CSM 33, 112, 115, 267, 313, 339 e outras). Estas son o risco marítimo máis frecuente nas CSM e o único que, sendo posíbel, non ten unha tradución terrestre, xa que as súas consecuencias serían menores.

Con todo, as tormentas non terían só unha función narrativa. Xunto cos casos de castigos divinos, estes son dos poucos momentos nos que se conta algo que acontece no medio do mar, perdendo o habitual punto de vista: a ribeira. O mar é tan basto e inconcibíbel, que o único xeito de narrar as accións e a presenza dos personaxes é a través de elementos indirectos, sexa por acontecementos que poden ter lugar alí, ou ben a través de referencias á costa, onde acostuma situarse o punto de vista do autor, como por exemplo na mención a Armenia no traxecto marítimo que fai o rapaz da CSM 115[233]. Este problema reprodúcese tamén nas iluminuras, cuxa composición está formada soamente polas ondas do mar, o barco no centro, os humanos no seu interior e, nalgúns casos, as nubes que apuntan a tormenta[234]. O outro elemento que podería acompañar as representacións de escenas marítimas é a ribeira, vista ao lonxe, como no exemplo da figura 40.

230 Navarro González, *El Mar en la literatura medieval castellana*, 121.
231 Horga, «María Magdalena, la "Apostola apostolorum"», 627.
232 González, «Perigos e medos nas "Cantigas de Santa Maria. Do mar e dos seus tormentos"».
233 Rudd, *Greenery*, 138.
234 Para un estudo completo da composición das escenas marítimas das CSM debe consultarse a tese de Chico Picaza: *Composición pictórica en el Códice Rico de las Cántigas de Santa María*, I: 294-327. Este tipo de escenas poden procurarse tamén na base de datos: <www.oslugaresdascantigas.gal>.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Figura 40: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 172, iluminura «c», Ms. T-I-1, f. 229v.

Como podemos comprobar, o mar, igual que as montañas, carecen por norma xeral de connotacións especiais ou irreais que permitan falar de mundos paralelos ou «other worlds», xa que conviven perfectamente co resto de localizacións das cantigas. A entrada nestes espazos non ten implicacións metafóricas, mais a súa presenza no texto si responde a arquetipos e visións preconstruídas que conviven con outras que demostran coñecemento da realidade. Sobre isto xa se falou no capítulo anterior ao referirse ao coñecemento de Mont Saint-Michel da CSM 86 ou á posíbel localización da CSM 95 en Nazaré, mais o coñecemento de elementos marítimos pode ampliarse a través dos nomes e representación das naves, estudadas por Casado Soto[235]. Isto permitiría mesmo ampliar o mapa das Cantigas, xa que grazas á identificación de barcos, podemos intuír a orixe da súa tripulación. Na 36, por exemplo, o texto fala do Mar de Bretaña, que identificariamos co Canal da Mancha, mais tamén se indica que os comerciantes ían ás illas desde outro lugar. Identificando o barco das iluminuras como a «única nao mercante cantábrica» das CSM, podemos deducir que o traxecto se produce desde algún lugar do norte peninsular. De novo, iso non quere dicir que exista unha vontade de codificar esta viaxe a través do barco ou que a idea da viaxe desde o norte da Península ibérica estivese presente, senón que a riqueza de elementos realistas e coherentes permite ampliar o universo xeográfico do texto e que por suposto había no *scriptorium* un coñecemento suficientemente bo da realidade para permitirse este tipo de representacións.

4.1.5 Ríos

Xunto cos mares, outro dos elementos naturais con maior presenza nas CSM son os ríos, sobre os que apenas se ten escrito, e que aparecen en numerosas cantigas. A meirande parte destes accidentes xeográficos son facilmente localizábeis, xa que, mesmo nos casos onde o

235 Casado Soto, «Los barcos de las Cantigas y sus diversas funciones».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

trobador decida non dicirnos o seu nome, como na CSM 213 («Dun rio que per y corre, | de que seu nome non digo» v. 63), existen outras referencias que nos permiten situalo.

Do mesmo xeito que no apartado anterior, podemos iniciar este epígrafe sobre os ríos cunha descrición que Afonso X dedica a Alcanate (Puerto de Santa María), na que se poñen de manifesto as súas cualidades en relación ao mar e tamén aos rios:

> Ca este logar é posto | ontr' ambos e dous os mares,
> o grand' e o que a terra | parte per muitos logares,
> que chaman Mediterrano; | deis i ambos e dous pares
> s'ajuntan y con dous rios, per queést' o log' onrrado.
> *Sabor á Santa Maria*, | *de que Deus por nos foi nado*…
>
> Guadalquivir é ũu deles, | que éste mui nobre rio
> en que entran muitas aguas | e per que ven gran navio;
> o outro é Guadalete, | que corre de mui gran brio;
> e en cada ũu daquestes | á muito bõo pescado.
> *Sabor á Santa Maria*, | *de que Deus por nos foi nado*…
> (CSM 328, 16-25).

Guadalquivir e Guadalete son dous dos ríos máis salientábeis nas CSM. O primeiro aparece en 4 cantigas (CSM 143, 292, 328, 366), mentres que o segundo en dúas (CSM 328 e 356). Con todo, a pesar da súa presenza, o exemplo anterior é dos poucos nos que podemos extraer información descritiva sobre eles. En total, nas CSM hai 12 ríos identificados polo seu nome, aos que se suma outro identificábel grazas aos datos prestados no texto: sería o Bósforo, por onde chegarían, desde o Mar de Mármara, uns «mouros» a «Costantinopla» (CSM 264).

Case todos os ríos e ribeiras das CSM aparecen en lugares habitados e as historias narran neles accións cotiás, non necesariamente relacionadas cos personaxes que poderían vivir ou traballar alí (como pescadores), a pesar de que estes tamén teñan presenza. Aínda que os ríos son frecuentes no texto, apenas hai descricións dos mesmos (máis aló do seu tamaño en contadas ocasións), nin connotacións especialmente negativas. Aínda así, nas cantigas 11, 111 e 171 observamos que son lugares perigosos onde as persoas poden afogar; na 254 encontramos dous monxes franceses que van descansar ao río; na Cantiga 271 un barco que pasa 3 meses no Morabe (actual Oum Er R'bia, en Marrocos) por ser o río demasiado estreito e, xa só cun valor referencial, sabemos que na Cantiga 366 o Infante «Don Manuel» perde o seu falcón preto do Guadalquivir, entre outros exemplos. A imaxe máis clara dun río é ofrecida na Cantiga 369, na que un «sannudo» alcalde quere quedar cun anel que lle acaba caendo ao río:

> [E] ela dizend' aquesto,| o alcayde mui sobervio | cavalgou en seu cavalo
> e deçeu-sse pera Tejo, | por dar-lle a bever no rio | e o topete lava-lo.
> E en lavando-o de rrejo, | quis Deus que ll' escorregas[s]e
> aquel seu anel do dedo | e ena agua voasse.
> (CSM 369, 64-67).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Casualmente, a filla da muller iría máis tarde ao río para comprar peixe. No interior daquel que levaría á casa, acabaría aparecendo o anel grazas á intervención de Santa María.

Como vemos, pese á notábel presenza dos ríos nas CSM, en xeral estes espazos carecen de simbolismo. Os acontecementos que teñen lugar neles están bastante achegados á realidade e na maioría das ocasións estes actúan, principalmente, como meros escenarios dos feitos descritos.

4.2 ALGÚNS TÓPICOS LITERARIOS

Partindo da abundancia de ríos nas CSM, da frecuencia coa que os *locus amoenus* aparecerían na lírica medieval e, tendo en conta a definición de Curtius para este tipo de «paraxes», sería posíbel imaxinar que arredor destes lugares poderiamos encontrar personaxes recreados e descansando, semellantes aos da Cantiga 57. Con todo, soamente aparecerá algo así na xa mencionada 254, onde a xornada alegre dos dous monxes se vería frustrada pola chegada de dous demos, que arribarían nunha «barqueta pequena» e que provocarían que os homes volvesen rapidamente ao seu mosteiro e que pedisen perdón por ter marchado.

> Dous monges foi que sayron | un dia dun mõesteiro
> pora averen conorte | do grand' affan e marteiro
> que segund' ordin soffrian; | e tod' un dia enteiro
> andaron riba dun rio, | ca era logar viçoso,
> (CSM 254, 8-11).

Quizais o *locus amoenus* máis coñecido do repertorio das CSM sexa o protagonizado por outro monxe, o da CSM 103 (figura 41). Xa non preto dun río, senón nunha «orta en que muitas vezes ja / entraraa» e preto dunha fonte «mui crara e mui fremosa», este home descubrirá o Paraíso que tanto lle pedía ver a Santa María a través do canto dun paxaro. Tan bonito sería o canto deste «malvís», segundo a reinterpretación de Bouza Brey, que o monxe ficaría pendente del durante trescentos anos, descubrindo, ao chegar ao mosteiro, que os novos monxes non o coñecían e que a fachada, tal e como demostran as iluminuras, xa non sería románica, senón gótica[236]. Esta evocación ao paraíso terreal conta con todos os elementos definidos por Curtius, a excepción da sombra das árbores, que non está presente no texto.

Na Cantiga 314 encontramos outro exemplo de *locus amoenus* en torno a unha fonte, desta volta en Segovia:

> Ela seu marid' avia| cavaleir' e caçador,
> e de sse tẽer viçoso | avia mui gran sabor;
> poren foi veer sa fonte | que era end' a mellor
> de toda aquela terra, | e diss' a sa moller: “Ven
> *Quen souber Santa Maria | loar, será de bon sen.*
>
> Logo comig', ai, irmãa, | e amostrar-ch-ei logar
> u podemos quinze dias | ou tres domaas estar
> viçosos cab' hũa fonte | que eu ei; des i caçar

236 Véxase o poema «Tenzón co malvís amigo», de Fermín Bouza Brey, en *Nao Senlleira*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

me veeredes andando, | e prazer-vos-á muit' en."
Quen souber Santa Maria | loar, será de bon sen.
(CSM 312, 12-21).

Estes son dos poucos exemplos nos que podemos apreciar unha verdadeira *paraxe amena* nas CSM; unha característica que as diferencia dos *Milagres* contados por Gonzalo de Berceo, en cuxa Introdución xa atopamos unha extensa descrición dunha paraxe idílica que prepara o encontro coa Virxe. Para escribir estes versos o monxe beneditino activaba todos os seus sentidos. Deste xeito, percibe o son das aves, o sabor da froita, o calor e o frío, a fermosura das árbores e o cheiro das flores.



Figura 41: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 103, iluminura «C», Ms. T-I-1, f. 148v.

No lado oposto ao *locus amoenus* e ás sensacións agradábeis, as tormentas dos mares constitúen o mellor exemplo (xunto cos *locus agrestis* xa mencionados como os que podemos encontrar nas montañas) de descrición de escenas perigosas, das que case sempre forma parte a *coita*, acompañada por algún problema no barco (como a rotura do mastro), seguida pola promesa dos navegantes a Santa María se son salvados e finalizada coa actuación da Virxe[237].

4.3 A PRESENZA DA NATUREZA

Ao noso xuízo, como puidemos comprobar, os espazos naturais presentados nos textos das CSM, así como a retórica visual das iluminuras que os acompañan, non parecen depender nin procurar os tópicos da natureza presentada na literatura medieval. E, a pesar de que para mostrala empreguen arquetipos ou códigos, estes non coliden co coñecemento real e interese polos lugares presentados, como temos demostrado especialmente no caso das montañas. Os seus exemplos demostran que este tipo de espazos teñen unha función nas CSM, máis aló do rol alegórico doutros textos coetáneos e de servir unicamente como escenario, aínda que esta sexa a súa función maioritaria. Facendo un exercicio semellante ao de Bernard Huppé cando

237 Déborah González realiza unha interesante análise sobre os perigos do mar nas CSM e particularmente, da *coita do mar*: «Perigos e medos nas "Cantigas de Santa Maria. Do mar e dos seus tormentos"».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

clasifica as aparicións da natureza na *Chanson de Roland*, detectamos que nas CSM a natureza e os seus elementos cumpren todas as categorías estabelecidas por Reuschel, Piatti, e Hurni (ver táboa 3, páxina 30) e poden funcionar como distintos tipos de escenarios (simples ou temáticos); como protagonistas físicos (o vento no mar ou a rocha que cae en Montserrat) ou psicolóxicos (o mar sempre perigoso); así como posuír connotacións simbólicas, especialmente cando a natureza é posta en relación con Santa María[238].

Ademais da multitude de funcións que cumpren a natureza e os seus elementos no texto afonsino, cómpre facer fincapé no dinamismo dos mesmos. A pesar do emprego dalgúns tópicos e arquetipos, as CSM acaban por presentar uns escenarios vivos, que sen moverse ao ritmo dos seus protagonistas, tampouco fican nunca inmóbiles. Os exemplos máis claros son o vento, o mar ou ríos e os animais. O primeiro é capaz de tirar, inadvertidamente, persoas dunha altura ou de facer mover, se Santa María o permite, os barcos. Os segundos son espazos onde, ben polo clima ou por outros imprevistos, pode pasar calquera cousa, xa que poden xurdir tormentas ou accidentes. Os ríos poden traer, de súpeto, uns demos nunha barca (CSM 54), así como o mar é capaz de levar á costa unha balea morta, interrompendo a vida cotiá da vila de Laredo (CSM 244). Os animais, como temos visto, son un dos elementos que máis dinamismo outorgan ás CSM. Apreciámolo na xa mencionada Cantiga 52, que trata as cabras que vivían na Montaña de Montserrat e cuxo movemento tamén é plasmado nas iluminuras (figura 42). A elas, cómpre sumar os mencionados coellos, que aparecen nas imaxes de montañas mesmo sen ser partícipes da acción. Eles, como se aprecia na marxe inferior dereita da 38ª figura, corren polo monte sen importar o que aconteza aos protagonistas. A diferenza das cabras da CSM 52, están nun plano completamente illado dos feitos e soamente pertencen a un escenario que, a pesar de todo, está vivo. Como xa foi dito, a súa presenza aquí denota realismo, a súa cantidade dá mostras do tamaño do lugar que presenciamos e o seu movemento indica que estamos ante un momento concreto da acción[239].

Deste xeito, sumando o analizado en capítulos anteriores, ao noso ver encontramos nas CSM tres esferas paralelas que se moven a diferentes velocidades. En primeiro lugar, contamos as persoas e protagonistas das CSM en movemento practicamente continuo. Moi poucos milagres acontecen soamente nun único lugar e sen que ninguén se desprace. A 29 é unha destas excepcións[240]. En xeral, os seres humanos desprázanse dun lugar a outro sen importar a súa distancia e percorren, en poucos versos, territorios tan extensos como o Mediterráneo ou o Atlántico. Nun segundo lugar, case estático, situariamos personaxes divinos como Xesucristo e a Virxe, que non son alterados por nada e cuxo movemento non é lineal, senón que aparecen e reaparecen, interactuando co mundo terrestre, segundo conveña. Finalmente, en terceiro lugar, falamos do movemento xeográfico, o do escenario das CSM. Este ten demostrado ser continuo e independente da acción humana (podemos tomar de novo o exemplo da balea da 244 ou a erupción do Etna, CSM 307) e existe mesmo se non é causa nin consecuencia de ningunha acción milagrosa. Con todo, a súa acción non é sempre

238 Huppé entendía que a natureza era usada principalmente con fins metafóricos, «incluso alegóricos», e outros relacionados coa estrutura narrativa, xa que separaba, xuntaba e comparaba episodios. Véxase Huppé, «Nature in Beowulf and Roland».

239 Non podemos evitar pensar no *punctum* barthiano: ese detalle que está aí «por casualidade» e que atrae a atención de quen observa, que «punza», aínda que aquí por suposto non hai casualidades. Barthes, *La Cámara lúcida*, 76 e ss.

240 A peculiaridade das súas iluminuras é unha proba da súa excepcionalidade, que debeu ter complicado o traballo dos encargados de traducir os versos a imaxes. Kinkade e Keller, «Myth and Reality in the Miracle of Cantiga 29».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

perceptíbel e acostuma ficar nun segundo plano, xa que é o escenario (simple ou temático) no que o movemento das persoas ten lugar.



Figura 42: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 52, iluminura «f», Ms. T-I-1, f. 77r.

Desta última esfera forman parte todas as visións das contornas, urbanas ou non, vistas até agora nesta análise: cidades, mares, montañas, campos de cultivo, camiños, ríos e ribeiras, edificios, barrios, illas, volcáns, espazos divinos e outros. Case todos eles comparten unha característica común, xa mencionada: son o receptáculo da presenza humana e ningún se entende sen a presenza do outro. Así, mesmo existindo interaccións con espazos doutro tipo, os artistas visuais que formaron parte do programa das CSM eran conscientes de que todos estes formaban parte dun *todo* orgánico. Esta indicación é importante porque é unha das cuestións fundamentais para ir achegándose a unha cuestión que leva ocupando transversalmente as últimas páxinas e que agora merecerá máis atención: a da paisaxe.

4.4 «PROTOPAISAXES»

Milani afirma que «es opinión común que el paisaje es una noción absolutamente moderna ligada a la evolución de la pintura a partir del Renacimiento, de los descubrimientos científicos y de la experiencia estética del viaje»[241]. A *opinión* mencionada polo autor italiano é froito da repercusión das ideas de autores como Ernst Gombrich, que situaba a partir do século XV o nacemento do fenómeno paisaxístico, colocando a Giotto como un dos seus precursores. Maderuelo segue esta mesma liña e indica que a *volta* á paisaxe prodúcese grazas á atención que este pintor e os seus discípulos «prestaron en las pinturas a las imágenes del mundo que, a través de la representación de edificios, animales, plantas y montañas acompañan y rodean a las historias y que, probablemente, reclamaron tanta atención, al pintor y a los fieles, como las figuras de los santos y las historias que narran»[242].

241 Milani, *El arte del paisaje*.
242 Maderuelo, «Paisaje: un término artístico», 18.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se tomamos dous exemplos de creacións visuais aparentemente semellantes, mais moi diferentes no seu contido, como son a representación de Xoán Crisóstomo antes de caer entre as silvas nas CSM (figura 43) e o «Sermón dos paxaros» de San Francisco pintado por Giotto (figura 44), podemos observar que o tratamento das figuras é diferente, mais dificilmente poderiamos dar a razón a Maderuelo e afirmar que os iluminadores dos *Códices das Historias* prestaron menos atención ás figuras deste escenario temático do que ao santo cego. É certo que iluminuras como a 138c son excepcionais, que o ser humano é o motor de acción de practicamente todas as cantigas de milagres e que a súa preponderancia é perceptíbel nas escenas ilustradas. Con todo, este tipo de exemplos da avanzada concepción do *scriptorium* afonsino sobre a representación da natureza, non nos poden levar a falar aínda de «paisaxes».



Figura 43: Patrimonio Nacional. Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, CSM, Códice Rico do Escorial. Cantiga 138, iluminación «c», Ms. T-I-1, f. 194r.



Figura 44: Giotto (c. 1295), «Sermón dos paxaros» nas Escenas da vida de San Francisco, Basílica de San Francisco de Asís.

Volvendo a Giotto, cómpre lembrar que, sen esquecer a súa importancia e a do Renacemento italiano para a historia da cultura occidental europea e a orixe do paisaxismo, o detalle e a técnica deste pintor eran empregados para representar unha natureza que unicamente actuaría como un «place-setting» e non como un espazo en si mesmo, algo que seguiremos atopando na historia da arte durante séculos[243]. Por outra banda, a pintura de Giotto non conseguiría aínda desposuír os elementos representados de simbolismo, de modo que este escenario sería, interpretando as palabras de Alain Roger, un espazo sagrado de signos ordenados[244].

O citado autor, que á súa vez segue a Otto Pächt, estuda a importancia dos herbarios na evolución da arte de paisaxes e entende que, a diferenza dos artistas do *Trecento* como Lorenzetti, os *Tacuina sanitatis* do norte de Francia, Flandes e os Países Baixos conseguiron crear un estilo naturalista homoxéneo liberado das condicións da arte relixiosa medieval. Esta é unha das condicións que Roger estipula para falar de invención da paisaxe, xunto coa necesaria organización de elementos naturais no espazo: «ahora es necesario que […] se

243 Casey, *Representing place*, 3.
244 Roger, *Breve tratado del paisaje*, 76-77.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

organicen entre sí en un grupo autónomo, con el riesgo de que perjudiquen la homogeneidad del conjunto, como puede constatarse en numerosos cuadros del Quattrocento italiano»[245].

Dificilmente podemos afirmar que as CSM sigan as consideracións de Roger. Aínda que boa parte dos elementos naturais presentes nas iluminuras dos *Códices das Historias* carecen de significado propio (forman parte do *todo* que supón o escenario natural), a súa presenza na imaxe segue influenciada polo resto de partes que compoñen o conxunto das viñetas de cada cantiga, como a presenza humana. Por outra banda, en canto á organización dos compoñentes na obra, é notábel a distancia respecto á condición de Roger. Como vimos ao falar das montañas, nas CSM a tendencia é incluír elementos como os coellos ou un número de árbores maior do habitual para deixar claro que estamos ante unha montaña ou un bosque e non outra tipoloxía de espazo. Non se trata de símbolos, senón de códigos que axudan na produción visual do arquetipo «montaña».

Como diciamos, tampouco as obras de Giotto, precursor da pintura de paisaxes para moitos académicos, cumprirían os criterios que Roger aplica a partir dos *Tacuina sanitatis* dos séculos XIV e XV. Non existe un criterio definido en canto á historia do paisaxismo pre-moderno. De feito, estes dous exemplos nin sequera figuran en análises sobre a paisaxe medieval, como a que realiza Margaret Goehring en *Space, place and ornament*, como tampouco son nomeadas, por certo, as CSM.

4.5 Observacións finais

López Silvestre, como Roger, afirma que coa pintura dos Países Baixos e do Renacemento «el arte descriptivo ganaría terreno frente al narrativo» e que sería este o momento de «emergencia del género del paisaje»[246]. Se aceptamos calquera das hipóteses anteriores, observaremos o avance que as iluminuras dos milagres das CSM supuxeron para a arte do seu tempo.

A pesar de contar unha historia a través de personaxes colocados nunha paisaxe e presentar unha narración visual principalmente narrativa, «fiscursivas» e temporal, a descrición do espazo comeza a gañar terreo nas iluminuras das CSM, debido a que a percepción e ideal de representación da contorna avanzou en todos os ámbitos no *scriptorium* afonsino[247]. Estes coellos, como as concretas e estudadas tipoloxías de barcos que non aparecen no texto, mais si nas imaxes (como da mencionada nao da 36), están a crear non só relatos paralelos, senón imaxes novas nas que o xeito de percibir o que vemos é xa case tan importante como o propio feito de ver.

Como xa foi apuntado na Introdución, resulta complicado trazar análises comparativas entre obras medievais atendendo á cuestión da paisaxe, xa que os estudos a este respecto aínda están en fases moi temperás ou entenden o concepto de «paisaxe» como a simple representación visual da natureza, sen ter en conta os estudos de Estética que os preceden[248]. Con todo, non cabe dúbida da necesidade de repensar as «protopaisaxes» e outorgar aos

245 Roger, 77.
246 L. Silvestre, *Los pájaros y el fantasma*, 23-24. O autor segue, principalmente, a Creighton Gilbert e Svetlana Alpers.
247 L. Silvestre, *Ibid*., 24. Tal e como o autor, cómpre remitir a Lyotard para unha completa definición daquilo que non é «discurso», nin «figura»; senón «fiscurso». Lyotard, *Discurso, Figura*.
